Al no haberse presentado reclamación alguna a la aprobación inicial de la modificación de créditos, suplemento de crédito núm. 1/2022, dentro del presupuesto municipal vigente, se considera definitivamente aprobado, de acuerdo con lo que establece el artículo 169.1 del Texto Refundido de la Ley Reguladora de las Haciendas Locales.

1.º Modalidad

El expediente de modificación de créditos suplemento de crédito núm. 1/2022 del presupuesto en vigor, en la modalidad de suplemento de crédito, queda de acuerdo con el siguiente detalle:

Suplementos en aplicaciones de gastos

Aplicación: Progr.: Económica; Descrición; Créditos iniciais; Suplemento de crédito; Créditos finais

920; 22799; Otros traballos realizados por outras empresas; 15.000,00; 70.000,00; 85.000,00

2.º Financiación

Esta modificación se financia con cargo al remanente líquido de Tesorería para gastos generales, en los siguientes términos:

Altas en concepto de ingresos

Aplicación económica; Descrición; Euros

870; 00; Remanente de Tesorería para gastos generales; 70.000,00

Total de ingresos, 70.000,00 €

3.º Justificación

Se trata de dotar de crédito a la aplicación presupuestaria 920.22799

Contra la aprobación definitiva de este acuerdo, podrá interponerse un recurso contencioso-administrativo, en el plazo de dos meses, que se contarán a partir del siguiente al de publicarse este anuncio en el Boletín Oficial de la Provincia.

Boborás, 14 de diciembre de 2022. La alcaldesa.

Fdo.: Ana Patricia Torres Madureira.

R. 3.082

Laza

O alcalde do Concello de Laza, o día 14 de decembro de 2022, ditou a resolución, que deseguido transcribo literalmente:

“Logo de ver o Decreto, do día 4 de xullo de 2019, de “Delegación de competencias da Alcaldía na Xunta de Goberno Local”, e unha vez visto que ante a perentoria necesidade de proceder ao pago da certificación primeira e final da obra denominada “Mellora do camiño de acceso ao núcleo de Matamá (Plan de mellora de camiños municipais de acceso a parcelas agrícolas 2022 - 2023)”, en relación co expediente 69/2022, motivada pola finalización do prazo para a súa xustificación, de conformidade coas atribucións conferidas polo artigo 21 da Lei de bases de réxime local, dispoño:

Primeiro. Revogar singularmente a competencia asumida pola Xunta de Goberno Local, por Decreto núm. 2019-0136, para esta Alcaldía, de “aprobación das certificacións de obra”, de conformidade co disposto nos artigos 10 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público e 116 do



Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado polo Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro.

Segundo. Asumir a citada competencia e aprobar a certificación primeira e final da obra “Mellora do camiño de acceso ao núcleo de Matamá (Plan de mellora de camiños municipais de acceso a parcelas agrícolas 2022 - 2023)”, e recoñecer e liquidar a obriga a favor do contratista, que aproba a factura do día 27/9/2022, número P3204000H107E22, por importe de 19.057,50 € (IVE incluído), dentro da subvención concedida pola Xunta, mediante Resolución do DOG do 29 de decembro de 2021, pola que se aproba o Plan de mellora de camiños municipais de acceso a parcelas agrícolas 2022-2023 (código de procedemento MR701E) polo que o Concello de Laza obtén unha asignación de 47.984,00 €, dos cales 11.468,00 € corresponden á anualidade 2022 e 36.516,00 € á anualidade 2023.

Terceiro. Dar conta desta resolución á Xunta de Goberno Local, así como ao Pleno da Corporación, na seguinte sesión ordinaria que realice, para os efectos de que quede informado do seu contido, de conformidade co establecido no artigo 44.4, en relación co artigo 38 d) do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais.

Cuarto. Publicar esta resolución no Boletín Oficial da Provincia de Ourense, así como no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Laza (<https://laza.sedelectronica.gal>), sen prexuízo de que produza efectos dende o mesmo día da súa sinatura, de conformidade co disposto no artigo 44.2 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais.

Quinto. Informar do contido desta resolución aos servizos técnicos municipais, así como á Secretaría - Intervención e á Tesouraría, para os efectos oportunos.

Mándao e ordénao o alcalde do Concello de Laza, José Ramón Barreal Novo, do que eu como secretaria dou fe, para os efectos do disposto no artigo 3.2 e) do Real decreto 128/2018, do 16 de marzo, en Laza, na data da sinatura electrónica que se indica na marxe.”

Publicase isto para xeral coñecemento
Laza, 14 de decembro de 2022. O alcalde.
Asdo.: José Ramón Barreal Novo
Documento asinado dixitalmente.

El alcalde del Ayuntamiento de Laza, el día 14 de diciembre de 2022 dictó la resolución, que a continuación se transcribe textualmente:

“Una vez visto el Decreto, con fecha 4 de julio de 2019, de “Delegación de facultades de la Alcaldía a la Junta de Gobierno Local”, y dado que ante la urgente necesidad de proceder al pago de la certificación primera y final de la obra denominada “Mejora del camino de acceso al núcleo de Matamá (Plan de Mejora de Caminos Municipales de Acceso a Parcelas Agrícolas 2022 - 2023)”, en relación con el expediente 69/2022, motivado por la finalización del plazo para su justificación, en de conformidad con las facultades que le confiere el artículo 21 de la Ley Orgánica de Régimen Local, dispongo:

Primero. Revocar singularmente la competencia asumida por la Junta de Gobierno Local, por el Decreto núm. 2019-0136, para esta Alcaldía, de “aprobación de certificaciones de obra”, de conformidad con lo dispuesto en los artículos 10 de la Ley 40/2015, de 1 de octubre, de Régimen Jurídico del Sector Público y 116 del Reglamento de Organización, Funcionamiento y Régimen Jurídico de las Entidades Locales, aprobado por el Real Decreto Real Decreto 2568/1986, de 28 de noviembre.

Segundo. Asumir la referida competencia y aprobar la certificación primera y final de la obra “Mejora de la vía de acceso al núcleo de Matamá (Plan de Mejora de las Vías Municipales de Acceso a las Parcelas Agrícolas 2022 - 2023)”, y reconocer y liquidar la obligación en favor del contratista, que aprueba la factura del día 27/9/2022, número P3204000H107E22, por importe de 19.057,50 € (IVA incluido), dentro de la subvención concedida por la Xunta, mediante Resolución del DOG de 29 de diciembre de 2021 por la que se aprueba la Plan 2022-2023 para la mejora de los caminos municipales de acceso a las parcelas agrícolas (código de procedimiento MR701E) para el que el Ayuntamiento de Laza obtiene una dotación de 47.984,00 €, de los que 11.468,00 € corresponden a la anualidad 2022 y 36.516,00 € a la anualidad 2023 .

Terceiro. Dar cuenta de esta resolución a la Junta de Gobierno Local, así como al Pleno de la Corporación, en la próxima sesión ordinaria que celebre, para que conozca su contenido, de conformidad con lo establecido en el artículo 44.4, en relación con el artículo 38 d) del Reglamento de Organización, Funcionamiento y Régimen Jurídico de las Entidades Locales.

Cuarto. Publicar la presente resolución en el Boletín Oficial de la Provincia de Ourense, así como en el tablón de anuncios de la sede electrónica del Ayuntamiento de Laza (<https://laza.sedelectronica.gal>), sin perjuicio de que surtirá efectos desde el mismo día de su firma, de conformidad con lo dispuesto en el artículo 44.2 del Reglamento de Organización, Funcionamiento y Régimen Jurídico de las Entidades Locales.

Quinto. Informar del contenido de esta resolución a los servicios técnicos municipales, así como a la Secretaría - Intervención y Tesorería, para los efectos oportunos.

Así lo manda y lo ordena, alcalde del Ayuntamiento de Laza, José Ramón Barreal Novo, del que como secretaria doy fe, para los efectos de lo dispuesto en el artículo 3.2 e) del RD 128/2018, de 16 de marzo, en Laza, en la fecha de la firma electrónica que se indica al margen.”

*Se publica esto para general conocimiento.
Laza, 14 de diciembre de 2022. El alcalde.
Fdo.: José Ramón Barreal Novo.
Documento firmado digitalmente.*

R. 3.080

Leiro

Ao non se ter presentado reclamación ningunha á aprobación inicial da modificación de crédito, crédito extraordinario núm. 2/2022, financiado con cargo ao remanente líquido de tesouraría, resultante da liquidación do exercicio anterior, por acordo adoptado na sesión que tivo lugar o día 31 de outubro de 2022, dentro do vixente orzamento municipal, queda definitivamente aprobado de acordo co establecido no artigo 169.1 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais

1º. Modalidade

O expediente de modificación de crédito, crédito de extraordinario núm. 2/2022 do orzamento en vigor, na modalidade de crédito de extraordinario queda aprobado de acordo co seguinte detalle:

Crédito extraordinario

Aplicación: Progr.; Econ.; Descrición; Créditos iniciais; Crédito extraordinario; Créditos finais

(920); (623); Maquinaria, instalacións técnicas e útiles; 0 €; 16.000,0; 16.000,00 €

2º. Financiamento

Esta modificación finánciase con cargo ao remanente líquido de tesourería resultante da liquidación do exercicio anterior nos seguintes termos:

Aplicación económica; Descrición; Euros

870/00; Remanente de tesourería a 26/10/2022; 108.077,93 €
---; Cantidade que é preciso utilizar neste expediente;
16.000,00 €

---; Remanente de tesourería restante; 92.077,93 €

3º. Xustificación

1. Gastos de maquinaria e instalacións técnicas no Concello necesarios para o bo funcionamento dos diferentes departamentos.

Leiro, 15 de decembro de 2022. O alcalde.

Asdo.: Francisco José Fernández Pérez.

Al no haberse presentado reclamación alguna a la aprobación inicial de la modificación de crédito, crédito extraordinario n.º 2/2022, financiado con cargo al remanente líquido de tesorería resultante de la liquidación del ejercicio anterior, por acuerdo adoptado en la sesión celebrada el día 31 de octubre de 2022, dentro del vigente presupuesto municipal, se aprueba definitivamente de acuerdo con lo establecido en el artículo 169.1 del Texto Refundido de la Ley Reguladora de las Haciendas Locales.

1º. Modalidad

El expediente de modificación de crédito, crédito extraordinario núm. 2/2022 del presupuesto en vigor, en la modalidad de crédito de extraordinario queda aprobado de acuerdo de acuerdo con el siguiente detalle:

Crédito extraordinario

Aplicación: Progr.; Econ.; Descrición; Créditos iniciais; Crédito extraordinario; Créditos finais

(920); (623); Maquinaria, instalaciones técnicas y utillaje; 0 €; 16.000,0; 16.000,00 €

2º. Financiación

Esta modificación se financia con cargo al remanente líquido de tesorería resultante de la liquidación del ejercicio anterior en los siguientes términos:

Aplicación económica; Descrición; Euros

870/00; Remanente de tesorería a 26/10/2022; 108.077,93 €
---; Cantidad que es necesario utilizar en este expediente;
16.000,00 €

---; Remanente de tesorería restante; 92.077,93 €

3º. Justificación

1. Gastos de maquinaria e instalacións técnicas en el Ayuntamiento necesarios para el buen funcionamiento de los diferentes departamentos.

Leiro, 15 de diciembre de 2022. El alcalde.

Fdo.: Francisco José Fernández Pérez.

R. 3.094

Leiro

Ao non se presentar reclamación ningunha á aprobación inicial da modificación de crédito, suplemento de crédito n.º 2/2022, financiado con cargo ao remanente líquido de tesourería resultante da liquidación do exercicio anterior, por acordo adoptado na sesión que tivo lugar o día 31 de outubro de 2022, dentro do vixente orzamento municipal, queda definitivamente

aprobado de acordo co establecido no artigo 169.1 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.

1º. Modalidade

O expediente de modificación de crédito, suplemento de crédito núm. 2/2022 do Orzamento en vigor, na modalidade de suplemento de crédito, queda aprobado de acordo co seguinte detalle:

Suplemento de crédito

Aplicación: Progr.; Econ.; Descrición; Créditos iniciais; Crédito extraordinario; Créditos finais

(165); (221); Subministración iluminación pública; 59.000,00 €; 50.000,0; 109.000,00 €

2º. Financiamento

Esta modificación finánciase con cargo ao remanente líquido de tesourería resultante da liquidación do exercicio anterior nos seguintes termos:

Aplicación económica; Descrición; Euros

870/00; Remanente de tesourería a 26/10/2022; 108.077,93 €
---; Cantidade que é preciso utilizar neste expediente;
50.000,00 €

---; Remanente de tesourería restante; 58.077,93 €

3º. Xustificación

1. Gastos de subministración de iluminación pública no Concello

Leiro, 15 de decembro de 2022. O alcalde.

Asdo.: Francisco José Fernández Pérez.

Al no haberse presentado reclamación alguna a la aprobación inicial de la modificación de crédito, suplemento de crédito núm. 2/2022, financiado con cargo al remanente líquido de Tesorería resultante de la liquidación del ejercicio anterior, por acuerdo adoptado en la sesión celebrada el día 31 de octubre de 2022, dentro del vigente presupuesto municipal, se aprueba definitivamente de acuerdo con lo establecido en el artículo 169.1 del Texto Refundido de la Ley Reguladora de las Haciendas Locales.

1º. Modalidad

El expediente de modificación de crédito, suplemento de crédito núm. 2/2022 del presupuesto en vigor, en la modalidad de suplemento de crédito, de acuerdo con el siguiente detalle:

Suplemento de crédito

Aplicación: Progr.; Econ.; Descrición; Créditos iniciais; Crédito extraordinario; Créditos finais

(165); (221); Suministro alumbrado público; 59.000,00 €; 50.000,0; 109.000,00 €

2º. Financiación

Esta modificación se financia con cargo al remanente líquido de tesorería resultante de la liquidación del ejercicio anterior en los siguientes términos:

Aplicación económica; Descrición; Euros

870/00; Remanente de tesorería a 26/10/2022; 108.077,93 €
---; Cantidad que es necesario utilizar en este expediente;
50.000,00 €

---; Remanente de tesorería restante; 58.077,93 €

3º. Justificación

1. Gastos de suministro de alumbrado público en el Ayuntamiento.

Leiro, 15 de diciembre de 2022. El alcalde.

Fdo.: Francisco José Fernández Pérez.

R. 3.095



Leiro

Ao non se presentar reclamación ningunha á aprobación inicial da modificación de crédito, suplemento de crédito n.º 3/2022, financiado con cargo ao remanente líquido de Tesourería resultante da liquidación do exercicio anterior, por acordo adoptado, na sesión que tivo lugar o día 31 de outubro de 2022, dentro do vixente orzamento municipal, queda definitivamente aprobado de acordo co establecido no artigo 169.1 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.

1.º Modalidade

O expediente de modificación de crédito, suplemento de crédito núm. 3/2022 do orzamento en vigor, na modalidade de suplemento de crédito queda aprobado de acordo co seguinte detalle:

Suplemento de crédito

Aplicación: Progr.; Econ.; Descrición; Créditos iniciais; Crédito extraordinario; Créditos finais

(334); (480); A familias e institucións sen fins de lucro; 3.100; 1.500; 4.600€

2.º Financiamento

Esta modificación financíase con cargo ao remanente líquido de tesourería resultante da liquidación do exercicio anterior nos seguintes termos;

Aplicación económica; Descrición; Euros

870; 00; Remanente de tesourería a 26/10/2022; 108.077,93 €
---; Cantidade que é preciso utilizar neste expediente;
4.600,00 €

---; Remanente de tesourería restante; 103.477,93 €

3.º Xustificación

1. Conceder subvención nominativa para o cine, así como para a Festa da Escarocha.

Leiro, 15 de decembro de 2022. O alcalde.

Asdo.: Francisco José Fernández Pérez.

Al no haberse presentado reclamación alguna a la aprobación inicial de la modificación de crédito, suplemento de crédito núm. 3/2022, financiado con cargo al remanente líquido de tesorería resultante de la liquidación del ejercicio anterior, por acuerdo adoptado en la sesión celebrada el día 31 de octubre de 2022, dentro del vigente presupuesto municipal, se aprueba definitivamente de acuerdo con lo establecido en el artículo 169.1 del Texto Refundido de la Ley Reguladora de las Haciendas Locales.

1.º Modalidad

El expediente de modificación de crédito, suplemento de crédito núm. 3/2022 del presupuesto en vigor, en la modalidad de suplemento de crédito, de acuerdo con el siguiente detalle:

Suplemento de crédito

Aplicación: Progr.; Econ.; Descripción; Créditos iniciales; Crédito extraordinario; Créditos finales

(334); (480); A familias e institucións sin fines de lucro; 3.100; 1.500; 4.600€

2.º Financiación

Esta modificación se financia con cargo al remanente líquido de tesorería resultante de la liquidación del ejercicio anterior en los siguientes términos:

Aplicación económica; Descripción; Euros

870; 00; Remanente de Tesorería a 26/10/2022; 108.077,93 €
---; Cantidad que es necesario utilizar en este expediente;
4.600,00 €

---; Remanente de tesorería restante; 103.477,93 €

3.º Justificación

1. Conceder subvención nominativa para el cine, así como para la Festa da Escarocha.

Leiro, 15 de diciembre de 2022. El alcalde.

Fdo.: Francisco José Fernández Pérez.

R. 3.096

Maceda

Aprobación das bases xerais e específicas da convocatoria de estabilización de emprego temporal

Mediante a Resolución de Alcaldía, de data 13 de decembro de 2022, aprobouse a convocatoria e as Bases xerais dos procesos selectivos para a execución da oferta de emprego público para a estabilización do emprego temporal no Concello de Maceda segundo o disposto na Lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público, así como as Bases específicas da convocatoria excepcional dos procesos selectivos para a estabilización do emprego temporal e ingreso por quenda libre nas seguintes prazas estruturais do Concello de Maceda de persoal laboral fixo, nos seguintes termos:

Bases xerais dos procesos selectivos para a execución da oferta de emprego público para a estabilización do emprego temporal no Concello de Maceda segundo o disposto na Lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público

Primeira. Disposicións xerais

1. Réxense polas presentes Bases os procesos selectivos que se convoquen para a execución da oferta de emprego público para a estabilización do emprego temporal no Concello de Maceda segundo o disposto na Lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público, aprobada por Resolución da Alcaldía de data 23 de maio de 2022, e publicada no Boletín Oficial da Provincia de Ourense núm. 120, do 27 de maio de 2022.

No non previsto nestas bases, aplicarase o disposto na Lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público; na Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia; na Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local; na Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia; e no Regulamento xeral de ingreso do persoal ao servizo da Administración Xeral do Estado, aprobado polo Real Decreto 364/1995, de 10 de marzo.

Para as cuestións de procedemento e réxime xurídico aplicarase a Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, e a Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

2. As presentes Bases publicaranse integramente no Boletín Oficial da Provincia de Ourense e no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Maceda (<https://concellodemaceda.sedelectronica.gal/>). Os sucesivos anuncios derivados do desenvolvemento das convocatorias dos procesos selectivos publicaranse neste último taboleiro electrónico.

3. O anuncio da convocatoria de cada proceso selectivo publicarase no Boletín Oficial do Estado e no Diario Oficial de Galicia e indicará o Boletín Oficial da Provincia de Ourense no que se publicaron estas Bases. A publicación do anuncio no Boletín Oficial do Estado determinará o inicio do prazo de presentación de solicitudes.

4. Nos procesos selectivos derivados da disposición adicional sexta da Lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes

para a redución da temporalidade no emprego público, por unha soa vez e con carácter excepcional, realizarase con carácter xeral igual valoración dos méritos para todas as persoas aspirantes, sen aplicación de quendas para persoas con discapacidade. Nos procesos selectivos derivados do artigo 2 da devandita Lei, o número de prazas incluídas na quenda para persoas con discapacidade será equivalente ás que estean cubertas temporalmente por persoal con esta condición de discapacidade acreditada. O resto das prazas que falten para completar esta quenda serán incorporadas aos procesos de oferta libre.

Segunda. Prazas Obxecto De Convocatoria

O número de prazas a estabilizar, a súa denominación e as súas características son as que se relacionan a continuación:

Persoal laboral fixo:

Denominación; Grupo (convenio colectivo BOP 21 de marzo de 2018); Xornada; Prazas; Sistema de acceso

Arquitecto/a; A1; Parcial 80 %; 1; Concurso (D.A. 6ª Lei 20/2021)

Auxiliar administrativo/a; C2; Completa; 3; Concurso (D.A. 6ª Lei 20/2021)

AEDL; A2; Completa; 1; Concurso (D.A. 6ª Lei 20/2021)

Traballador/a social; A2; Completa; 1; Concurso (D.A. 6ª Lei 20/2021)

Educador/a familiar; A2; Completa; 1; Concurso (D.A. 6ª Lei 20/2021)

Psicólogo/a CIM; A1; Completa; 1; Concurso (D.A. 6ª Lei 20/2021)

Asesor/a xurídico/a CIM; A1; Parcial 26 %; 1; Concurso (D.A. 6ª Lei 20/2021)

Educador/a social; A2; Completa; 1; Concurso (D.A. 6ª Lei 20/2021)

Limpador/a; AP; Completa; 2; Concurso (D.A. 6ª Lei 20/2021)

Chofer; C2; Completa; 1; Concurso (D.A. 6ª Lei 20/2021)

Peón/peoa; AP; Completa; 2; Concurso (D.A. 6ª Lei 20/2021)

Encargado/a de servizos; C2; Completa; 1; Concurso (D.A. 6ª Lei 20/2021)

Encargado/a de pavillón; A2; Completa; 1; Concurso (D.A. 6ª Lei 20/2021)

Monitor/a deportivo/a; C2; Completa; 1; Concurso (D.A. 6ª Lei 20/2021)

Encargado/a de biblioteca e monitor/a; C2; Completa; 1; Concurso (D.A. 6ª Lei 20/2021)

Monitor/a de centros educativos fóra de horario lectivo; C1; Completa; 1; Concurso (D.A. 6ª Lei 20/2021)

Mestre/a da escola infantil; C1; Completa; 5; Concurso (4) (D.A. 6ª Lei 20/2021) e concurso-oposición (1) (Artigo 2 Lei 20/2021)

Auxiliar SAF; AP; Completa; 10; Concurso (9) (D.A. 6ª Lei 20/2021) e concurso-oposición (1) (Artigo 2 Lei 20/2021)

Auxiliar do Xulgado de Paz; AP; Completa; 1; Concurso (D.A. 6ª Lei 20/2021)

Auxiliar de policía local; C2; Completa; 1; Concurso (D.A. 6ª Lei 20/2021)

Total: 37

Terceira. Solicitudes, Prazo E Documentación

1. As solicitudes de participación nos procesos selectivos poderanse presentar no Rexistro Xeral do concello ou en calquera dos lugares previstos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

As modalidades de presentación serán as seguintes:

a) De forma presencial, mediante a presentación en papel da solicitude (segundo o modelo normalizado de solicitude que se

inclúe nestas Bases, Anexo I) e da documentación anexa, na oficina de asistencia ao cidadán en materia de rexistro do Concello de Maceda ou en calquera dos lugares previstos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

A oficina dixitalizará os documentos e emitirá unha copia electrónica auténtica destes, que se remitirá á unidade administrativa competente pola propia oficina. Os documentos en papel presentados devolveranse no acto ás persoas solicitantes, en unión dun recibo acreditativo da presentación da solicitude e a documentación anexa.

A documentación deberá presentarse sen grampar nin encadernar, en follas soltas e ordenadas, para facilitar a súa correcta dixitalización.

b) De forma telemática, a través do rexistro electrónico xeral da sede electrónica do Concello de Maceda, na ligazón <https://concellodemaceda.sedelectronica.gal/>, debendo procederse da seguinte forma:

1.º En primeiro lugar, deberase cubrir a solicitude (Anexo I), que estará dispoñible na sede electrónica municipal e na páxina web do concello, e a continuación descargala e gardala no dispositivo electrónico, para logo anexala no rexistro electrónico.

2.º En segundo lugar, deberase dixitalizar e incorporar á solicitude o resto de documentación esixible.

3.º Unha vez incorporada a documentación á solicitude, procederase a asinala electronicamente e a enviala, xerándose automaticamente o recibo acreditativo da súa presentación. A sinatura electrónica deberá realizarse mediante os sistemas de sinatura electrónica previstos no artigo 10.1.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

2. O prazo de presentación das solicitudes de participación nos procesos selectivos é de vinte (20) días hábiles, contados a partir do seguinte á publicación do anuncio de convocatoria no Boletín Oficial del Estado.

3. Xunto coa solicitude debidamente asinada (anexo I), deberá presentarse a seguinte documentación na orde que se indica:

a) Documento nacional de identidade, pasaporte ou documento válido en dereito que acredite a identidade da persoa aspirante.

b) Título acreditativo do nivel de coñecemento da lingua galega correspondente a cada praza á que se aspire.

c) Titulación esixida para cada praza nas bases específicas e, de ser o caso, acreditación dos demais requisitos esixidos por aquelas.

d) Relación de méritos alegados para a súa valoración coa súa xustificación documental. Os méritos deberán aportarse debidamente numerados e diferenciados por apartados:

1.º Experiencia profesional.

2.º Méritos académicos:

i) Cursos de formación.

ii) Titulación académica superior á requirida para o acceso e relacionada coa praza.

Non serán valorados os méritos non documentados nin xustificadas no prazo e forma anteriormente mencionados, sen prexuízo de que o órgano de selección poida solicitar a ampliación da documentación se considera que un mérito non se encontra correctamente acreditado.

Cuarta. Requisitos Das Persoas Aspirantes

Para ser admitido neste proceso extraordinario de estabilización de emprego, as persoas aspirantes deberán reunir os seguintes requisitos:

a) Ter a nacionalidade española, sen prexuízo do disposto no artigo 52 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de



Galicia, respecto do acceso ao emprego público de nacionais doutros Estados.

b) Ter cumpridos os dezaseis anos de idade e non superar, de ser o caso, a idade máxima de xubilación forzosa.

c) Posuír ou estar en condición de obter a titulación académica esixida, de ser o caso, nas bases específicas para o día en que remate o prazo de presentación de solicitudes de participación no proceso selectivo.

d) Posuír a capacidade funcional para o desempeño das tarefas habituais da praza a estabilizar.

e) Non ter sido despedido mediante expediente disciplinario de ningunha administración pública ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin atoparse na situación de inhabilitación absoluta ou especial para o desempeño de empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, cando se tratase de acceder á mesma categoría profesional á que se pertencía.

No caso de ser nacional doutro estado, non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente nin ser sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ó emprego público.

f) Posuír o título acreditativo do nivel de coñecemento da lingua galega que se esixa nas bases específicas.

As persoas aspirantes que non posúan o devandito título deberán superar unha proba oral de coñecemento da lingua galega que consistirá en traducir do castelán ao galego, un texto facilitado polo órgano de selección acorde ás características funcionais da praza convocada. A proba realizarase unha vez finalizado o concurso de méritos a aquelas persoas aspirantes propostas para a obtención de praza e cualificarase como apta ou non apta. No caso de que esta proba de coñecemento non puntuable sexa cualificada como non apta, a persoa candidata será excluída do proceso selectivo e a seguinte coa puntuación máis alta será proposta para a obtención da praza.

g) Cumprir os demais requisitos esixidos nas respectivas bases específicas.

As persoas aspirantes deberán posuír todos os requisitos sinalados o día en que remate o prazo para presentar as solicitudes de participación no proceso selectivo e conservarlos na data da súa contratación como persoal laboral fixo, de ser o caso.

Quinta. Admisión Das Persoas Aspirantes

1. Rematado o prazo de presentación de solicitudes de participación no proceso selectivo, a Alcaldía, no prazo máximo dun mes, ditará resolución pola que se aprobe a lista de persoas admitidas e excluídas, a cal se publicará no taboleiro de anuncios da sede electrónica municipal e na páxina web do concello.

2. Na resolución indícase o nome, apelidos e unha parte dos números do DNI das persoas admitidas e excluídas e, de ser o caso, as causas de exclusión. As persoas excluídas, así como as omitidas na relación de persoas admitidas e excluídas, disporán dun prazo improrrogable de dez (10) días hábiles, que comezará a contar dende o día seguinte ao da publicación da resolución no taboleiro electrónico de anuncios do concello, para emendar os defectos que motivasen a súa exclusión ou a súa omisión da lista de persoas admitidas.

3. As persoas aspirantes que dentro do prazo sinalado no número anterior non emendasen as causas de exclusión ou non alegasen a omisión, xustificando o seu dereito a seren incluídas na lista de persoas admitidas, serán definitivamente excluídas do proceso selectivo. De non se presentaren reclamacións dentro do prazo sinalado no número anterior, a lista provisional de admitidos e excluídos elevarase a definitiva e publicarase no taboleiro de anuncios da sede electrónica municipal e na páxina web do concello.

4. Contra a resolución pola que se aprobe a lista definitiva de persoas admitidas e excluídas poderase interpoñer potestativamente recurso de reposición, no prazo dun mes, ante a Alcaldía, ou directamente recurso contencioso-administrativo ante os xulgados do contencioso-administrativo de Ourense.

Sexta. Órgano De Selección

1. O órgano de selección integrarase por cinco (5) membros titulares e cinco (5) membros suplentes, designados pola Alcaldía entre persoal funcionario de carreira ou laboral fixo de calquera das administracións públicas, dos cales un ostentará a condición de presidente e outro a de secretario, titulares e suplentes.

2. A composición do órgano de selección axustarase aos principios de imparcialidade e profesionalidade dos seus membros e de paridade entre mulleres e homes.

3. Os membros do órgano de selección deberán pertencer a un corpo, escala ou categoría profesional para o ingreso no cal se requira unha titulación de nivel igual o superior ao esixido para participar no proceso selectivo.

4. Para a válida constitución do órgano de selección para efectos da celebración de sesións, deliberacións e adopción de acordos requirírase a presenza do membro que actúe como presidente, do que actúe como secretario e, polo menos, dun membro vogal. Na sesión constitutiva, o órgano de selección poderá acordar que os membros titulares e suplentes actúen indistintamente.

5. O réxime xurídico aplicable ao órgano de selección axustarase ao disposto para os órganos colexiados na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público. Xa que logo, os seus membros absteranse de formar parte do órgano cando conorra neles algunha das circunstancias previstas no artigo 23 da norma citada. As persoas aspirantes poderán recusar aos membros do órgano de selección cando conorra algunha das circunstancias previstas no artigo 23 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, correspondendo á Alcaldía a resolución da recusación.

6. O órgano de selección queda facultado para resolver por maioría de votos dos membros asistentes as dúbidas que puideren xurdir na aplicación destas Bases e das específicas do proceso selectivo, e mais para adoptar os acordos necesarios para a boa orde do procedemento. En caso de empate, decidirá o voto da presidencia.

7. O órgano de selección poderá requirir das persoas aspirantes, en calquera momento do proceso selectivo, a documentación acreditativa dos requisitos esixidos na convocatoria. Así mesmo, o órgano de selección solicitará das persoas aspirantes as aclaracións ou a achega da documentación adicional que considere necesaria para a comprobación dos méritos alegados.

8. Contra os actos de trámite do órgano de selección que decidan directa ou indirectamente sobre o fondo do asunto, determinen a imposibilidade de continuar o procedemento ou produzan indefensión ou prexuízo irreparable a dereitos e intereses lexítimos poderase interpoñer recurso de alzada ante a Alcaldía. Contra os demais actos de trámite, as persoas interesadas poderán presentar ante o órgano de selección as alegacións, reclamacións ou solicitudes de emenda de documentación que estimen pertinentes, no prazo de dez (10) días hábiles a contar desde o seguinte á data da publicación do correspondente acordo ou no prazo específico que se sinala para o efecto nestas Bases.

9. O órgano de selección terá a categoría que corresponda, segundo a categoría de persoal laboral convocada, consonte o disposto no artigo 30 do Real Decreto 462/2002, de 24 de maio, sobre indemnizacións por razón de servizo.

Sétima. Sistema De Selección: Concurso-Oposición

Cando, segundo as bases específicas e en aplicación do artigo 2 da Lei 20/2021, de 28 de decembro, o sistema selectivo aplicable sexa o concurso-oposición, o proceso selectivo articularase en dúas fases sucesivas e non eliminatorias, que se desenvolverán na orde seguinte:

a) Fase de oposición. Puntuación máxima: 60 puntos.

Constará de dous exercicios, non eliminatorios, que se realizarán na orde seguinte, no mesmo ou distinto día:

1.º Exercicio teórico. Puntuación máxima: 30 puntos.

Consistirá nun exame tipo test sobre o temario establecido nas bases específicas e co número de preguntas que se determinen nestas.

En todo caso, cada pregunta disporá de catro (4) respostas alternativas, das que só unha (1) é a correcta. As repostas en branco e as erróneas non penalizan.

A puntuación das preguntas e o tempo máximo para a realización do exame serán determinados polas bases específicas.

Garantirase o anonimato dos exames ata que remate a súa corrección polo órgano de selección. A presenza nos exercicios de marcas ou signos que permitan coñecer a identidade da persoa aspirante implicará a cualificación do exame con 0 puntos.

2.º Exercicio práctico. Puntuación máxima: 30 puntos.

Consistirá no desenvolvemento dunha proba práctica relativa ás funcións do posto.

O tempo máximo para a realización da proba será determinado polas bases específicas.

As persoas aspirantes serán convocadas para a realización de cada un dos exercicios en chamamento único. A incomparecencia ao chamamento implicará a cualificación do exercicio con 0 puntos, salvo casos de forza maior debidamente xustificadas e apreciadas discrecionalmente polo órgano de selección.

Unha vez corrixido cada un dos exercicios, o órgano de selección fará públicas no taboleiro de anuncios da sede electrónica municipal e na páxina web do concello as puntuacións obtidas polas persoas aspirantes. Estas disporán dun prazo de tres (3) días hábiles, contados dende o día seguinte ao da publicación das puntuacións, para solicitar a revisión dos exercicios realizados ou para presentar reclamacións sobre as puntuacións, sen que isto implique paralización ou suspensión do proceso selectivo, salvo que o órgano de selección así o considere para maior seguridade xurídica do proceso selectivo. Este resolverá as alegacións presentadas dentro dos dez (10) días hábiles seguintes.

b) Fase de concurso. Puntuación máxima: 40 puntos.

Na fase de concurso valoraranse os méritos acreditados polas persoas aspirantes nos termos recollidos nesta base.

1.º Experiencia profesional. Puntuación máxima: 36 puntos.

Valoraranse os servizos efectivos prestados ata a data de publicación no Boletín Oficial do Estado da convocatoria do proceso selectivo:

i) Servizos efectivos prestados no Concello de Maceda na categoría da praza obxecto de selección ou equivalente: 0,43 puntos por mes completo.

ii) Servizos efectivos prestados no Concello de Maceda noutra categoría diferente á da praza obxecto de selección: 0,1 puntos por mes completo.

iii) Servizos efectivos prestados no resto do sector público na categoría da praza obxecto de selección ou equivalente: 0,14 puntos por mes completo.

iv) Servizos efectivos prestados no resto do sector público noutras categorías distintas á da praza obxecto de selección: 0,03 puntos por mes completo.

Computarase como tempo de servizos efectivos o tempo de duración daquelas excedencias e outras situacións administrativas que, de acordo coa lei e o convenio colectivo aplicable, computen para efectos de antigüidade e carreira.

Non se computarán os servizos prestados en réxime de persoal eventual, nin os prestados en asignación de funcións ou asignación de tarefas.

Os servizos prestados acreditaranse mediante:

- Certificación expedida pola administración competente dos servizos prestados, para o caso de experiencia laboral en administracións públicas.

- Informe da vida laboral expedido pola Tesourería Xeral da Seguridade Social.

- Contratos de traballo, para o caso de que se aleguen servizos prestados por conta allea en entidades do sector público na mesma ou análoga categoría para a que se presenta a solicitude.

2.ª Méritos académicos. Puntuación máxima: 4 puntos.

i) Cursos de formación.

Valorarase a realización de cursos impartidos ou recibidos homologados polas diferentes administracións públicas ou outras entidades do sector público, universidades, colexios profesionais, organizacións sindicais ou entidades sen ánimo de lucro, así como os realizados no ámbito da formación para o emprego ou os acordos da formación continua, sempre que o seu contido estea directamente relacionado coas funcións propias da praza obxecto da convocatoria, e os considerados transversais polo seu interese para todos os postos, como os de coñecemento da lingua galega, os relacionados coa prevención, cos dereitos e deberes dos empregados públicos, coa igualdade, a protección de datos, a atención ao cidadán, a protección do medio ambiente desde o ámbito laboral e os de contido ofimático, entre outros.

Non se valorará a asistencia a asembleas, xornadas, congresos, conferencias, seminarios, as materias que formen parte dunha titulación académica, os módulos ou partes integrantes dun curso, simposios ou similares.

Para a valoración dos cursos aplicarase o seguinte baremo:

- Subgrupo A1: 0,04 puntos por hora.

- Subgrupo A2: 0,05 puntos por hora.

- Grupo B: 0,08 puntos por hora.

- Subgrupo C1: 0,133 puntos por hora.

- Subgrupo C2: 0,2 puntos por hora.

- Agrupacións profesionais sen titulación: 0,4 puntos por hora.

A realización dos cursos acreditarase mediante copia simple dos títulos, diplomas ou certificacións de superación daqueles. Non se valorarán os cursos cando na acreditación (título, diploma ou similar) non consten as datas de realización nin as horas de duración.

ii) Titulación académica superior á requirida para o acceso e relacionada coa praza: 0,1 puntos.

A acreditación da titulación realizarase mediante copia simple do título, diploma ou resguardo de ter satisfeito os dereitos para a súa expedición, ou mediante certificación expedida pola universidade ou administración pública correspondente.

Oitava. Sistema De Selección: Concurso De Méritos

Cando, segundo as bases específicas do proceso selectivo e en aplicación da disposición adicional 6ª da Lei 20/2021, de 28 de decembro, o sistema selectivo sexa o concurso de méritos, valoraranse os méritos acreditados polas persoas aspirantes nos termos recollidos nesta base.



A puntuación máxima será de 100 puntos.

1.º Experiencia profesional. Puntuación máxima: 90 puntos.

Valoraranse os servizos efectivos prestados ata a data de publicación no Boletín Oficial do Estado da convocatoria do proceso selectivo:

i) Servizos efectivos prestados no Concello de Maceda na categoría da praza obxecto de selección ou equivalente: 0,94 puntos por mes completo.

ii) Servizos efectivos prestados no Concello de Maceda noutra categoría diferente á da praza obxecto de selección: 0,22 puntos por mes completo.

iii) Servizos efectivos prestados no resto do sector público na categoría da praza obxecto de selección ou equivalente: 0,3 puntos por mes completo.

iv) Servizos efectivos prestados no resto do sector público noutras categorías distintas á da praza obxecto de selección: 0,06 puntos por mes completo.

Computarase como tempo de servizos efectivos o tempo de duración daquelas excedencias e outras situacións administrativas que, de acordo coa lei e o convenio colectivo aplicable, computen para efectos de antigüidade e carreira.

Non se computarán os servizos prestados en réxime de persoal eventual, nin os prestados en asignación de funcións ou asignación de tarefas.

Os servizos prestados acreditaranse mediante:

- Certificación expedida pola administración competente dos servizos prestados, para o caso de experiencia laboral en administracións públicas.

- Informe da vida laboral expedido pola Tesourería Xeral da Seguridade Social.

- Contratos de traballo, para o caso de que se aleguen servizos prestados por conta allea en entidades do sector público na mesma ou análoga categoría para a que se presenta a solicitude.

2.ª Méritos académicos. Puntuación máxima: 10 puntos.

i) Cursos de formación.

Valorarase a realización de cursos impartidos ou recibidos homologados polas diferentes administracións públicas ou outras entidades do sector público, universidades, colexios profesionais, organizacións sindicais ou entidades sen ánimo de lucro, así como os realizados no ámbito da formación para o emprego ou os acordos da formación continua, sempre que o seu contido estea directamente relacionado coas funcións propias da praza obxecto da convocatoria, e os considerados transversais polo seu interese para todos os postos, como os de coñecemento da lingua galega, os relacionados coa prevención, cos dereitos e deberes dos empregados públicos, coa igualdade, a protección de datos, a atención ao cidadán, a protección do medio ambiente desde o ámbito laboral e os de contido ofimático, entre outros.

Non se valorará a asistencia a asembleas, xornadas, congresos, conferencias, seminarios, as materias que formen parte dunha titulación académica, os módulos ou partes integrantes dun curso, simposios ou similares.

Para a valoración dos cursos aplicarase o seguinte baremo:

- Subgrupo A1: 0,1 puntos por hora.

- Subgrupo A2: 0,125 puntos por horas.

- Grupo B: 0,2 puntos por hora.

- Subgrupo C1: 0,333 puntos por hora.

- Subgrupo C2: 0,5 puntos por hora.

- Agrupacións profesionais sen titulación: 1 punto por hora.

A realización dos cursos acreditarase mediante copia simple dos títulos, diplomas ou certificacións de superación daqueles. Non se valorarán os cursos cando na acreditación (título, diplo-

ma ou similar) non consten as datas de realización nin as horas de duración.

ii) Titulación académica superior á requirida para o acceso e relacionada coa praza: 0,1 puntos.

A acreditación da titulación realizarase mediante copia simple do título, diploma ou resguardo de ter satisfeito os dereitos para a súa expedición, ou mediante certificación expedida pola universidade ou administración pública correspondente.

Novena. Lista De Puntuacións Finais E Proposta De Contratación

1. Concluída a valoración de méritos, o órgano de selección elaborará a lista de puntuacións finais do proceso selectivo. Cando o sistema de selección aplicable sexa o concurso-oposición, a puntuación final de cada persoa aspirante será o resultado de sumar a puntuación obtida na fase de oposición e a obtida na fase de concurso.

2. En caso de empate na puntuación final, terán preferencia as seguintes persoas aspirantes:

a) As que estean ocupando a praza obxecto da convocatoria.

b) As que estean ocupando no Concello de Maceda unha praza da mesma categoría que as que sexan obxecto da convocatoria.

c) As que estean ocupando no Concello de Maceda unha praza de distinta categoría que as que sexan obxecto da convocatoria.

d) As que teñan maior antigüidade total acumulada en calquera das entidades do sector público.

e) As de maior idade.

3. A lista de puntuacións finais publicarase no taboleiro de anuncios da sede electrónica municipal e na páxina web do concello. As persoas aspirantes disporán dun prazo de tres (3) días hábiles, contados dende o día seguinte ao da publicación da lista, para solicitar a revisión das puntuacións ou para presentar reclamacións sobre estas. O órgano de selección resolverá as alegacións presentadas dentro dos dez (10) días hábiles seguintes.

4. Unha vez resoltas, de ser o caso, as alegacións presentadas, o órgano de selección elevará á Alcaldía a proposta de contratación das persoas aspirantes seleccionadas, en número non superior ao de prazas convocadas.

Décima. Presentación De Documentación

1. No prazo de vinte (20) días naturais a contar desde o seguinte a aquel no que se faga pública a lista das puntuacións obtidas ou, de ser o caso, se publique a resolución pola que se resolvan as alegacións presentadas contra aquela, as persoas aspirantes seleccionadas presentarán na secretaría do concello os seguintes documentos:

a) Declaración responsable de non ter sido despedido mediante expediente disciplinario de ningunha administración pública ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin atoparse na situación de inhabilitación absoluta ou especial para o desempeño de empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, cando se tratase de acceder á mesma categoría profesional á que se pertencía.

b) Documentación acreditativa do cumprimento dos restantes requisitos esixidos nestas Bases.

2. As persoas aspirantes seleccionadas que, dentro do prazo fixado, e salvo caso de forza maior, non presenten a documentación, ou do exame desta se deduza que carecen dalgún dos requisitos sinalados nestas Bases, perderán calquera dereito que ostentasen en virtude da superación do proceso selectivo e non poderán ser contratadas como persoal laboral fixo do concello. Neste suposto, formularase proposta de contratación a favor da seguinte persoa aspirante segundo a orde de prelación de puntuacións totais do proceso selectivo correspondente.

Décima primeira. Adxudicación de postos

A adxudicación de postos de traballo ao persoal contratado efectuarase de acordo coas solicitudes presentadas polas persoas interesadas, entre os postos ofertados a estas, segundo a orde da puntuación obtida no proceso selectivo.

Décima segunda. Compensación económica

Ao persoal laboral temporal que, estando en activo como tal, vise finalizada a súa relación co concello pola non superación do proceso selectivo de estabilización corresponderalle unha compensación económica equivalente á diferenza entre o máximo de vinte (20) días do seu salario fixo por ano de servizo, cun máximo de doce mensualidades, e a indemnización que lle correspondería percibir pola extinción do seu contrato, prorrateándose por meses os períodos de tempo inferiores a un ano. En caso de que a devandita indemnización fose recoñecida en vía xudicial, procederase á compensación das cantidades.

A non participación da persoa interesada no proceso selectivo de estabilización non dará dereito á compensación económica en ningún caso.

Décima Terceira. Datos De Carácter Persoal

A participación nos procesos selectivos rexidos por estas Bases implica o consentimento para que os datos persoais achegados sexan obxecto de publicación a través da súa inserción no Boletín Oficial da Provincia de Ourense, no taboleiro de anuncios da sede electrónica municipal e na páxina web do concello, cando así o requira a tramitación do procedemento.

Décima Cuarta. Recursos

Contra as presentes Bases poderase interpoñer con carácter potestativo recurso de reposición ante a Alcaldía do Concello de Maceda no prazo do mes seguinte ao día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia de Ourense ou recurso contencioso-administrativo ante os xulgados do contencioso-administrativo de Ourense, de conformidade co disposto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, e na Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contenciosoadministrativa.

No caso de interpoñerse recurso de reposición, non se poderá interpoñer recurso contenciosoadministrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se producise a desestimación do mesmo por silencio administrativo.

Anexo I. Modelo De Solicitud

Proceso Selectivo Para Estabilización Do Emprego Temporal (Lei 20/2021, Do 28 De Decembro)

D./D.^a ..., con DNI ..., domicilio para efectos de notificacións en rúa ..., C.P. ..., localidade ..., teléfono ... e dirección de correo electrónico ...,

Expoño:

Primeiro.- Que reúno os requisitos establecidos na base cuarta das Bases xerais dos procesos selectivos para a execución da oferta de emprego público para a estabilización do emprego temporal no Concello de Maceda e na base terceira das Bases específicas da convocatoria excepcional do proceso selectivo para a estabilización do emprego temporal e ingreso en 37 prazas estruturais do Concello de Maceda de persoal laboral fixo na categoría de ..., publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Ourense núm. ..., do ... de ... de 2022.

e. Non se computarán os servizos prestados simultaneamente con outros igualmente alegados. Tampouco se computarán os servizos realizados como persoal eventual, os servizos suxeitos á lexislación de contratos do sector público, en réxime de colaboración social, os períodos de prácticas formativas nin as becas de colaboración ou de formación, sen prexuízo de que en función do contido das mesmas se puideran valorar como mérito académico (cursos de formación).

f. Así mesmo tampouco se computará como experiencia no ámbito das Administracións Públicas a adquirida ao servizo de empresas que prestasen servizos externalizados por ditas Administracións, nin tampouco en empresas privadas.

g. Solo se valorará a experiencia profesional que se posúa ata a data de inicio do prazo de presentación de solicitudes para participar no proceso selectivo, non tomándose en consideración a experiencia acumulada con posterioridade a dita data.

h. Computaranse como experiencia profesional os períodos de excedencia por coidado de familiares, violencia de xénero, servizos especiais e/ou excedencia forzosa sempre que se acrediten documentalmente.

i. En ningún caso se computará como experiencia profesional os servizos prestados como bolseiro ou a través dun contrato de formación.

2. Formación académica.

a. A xustificación documental das titulacións académicas acreditarse nos termos previstos na base 4.F).

b. Valoraranse outras titulacións académicas distintas á esixida como requisito das persoas aspirantes no correspondente baremo de méritos específico que se reflicte na base 4.F).

c. As persoas aspirantes con titulacións obtidas no estranxeiro deberán acreditar que están en posesión da correspondente validación ou da credencial que acredite, no seu caso, a homologación do título. Este requisito non será de aplicación ás persoas aspirantes que obtivesen o recoñecemento da súa cualificación profesional no ámbito das profesións reguladas, ao amparo das disposicións de dereito da Unión Europea.

3. Formación continua.

a. A xustificación documental da formación continua acreditarse nos termos previstos na Base 4.D).

b. Solo se valorarán aquela formación continua que estea directamente relacionada coas funcións e tarefas a desenvolver na praza a que se opta.

c. Solo se valorarán aquelas actividades formativas nas que conste acreditado, no correspondente diploma ou certificación, o número de horas de duración do curso.

d. Con carácter xeral e sen prexuízo do que se estableza ao respecto no Anexo I das presentes bases, valoraranse os cursos de formación organizados e impartidos directamente pola Escola Galega de Administración Pública (EGAP), a Academia Galega de Seguridade Pública, o Instituto Nacional de Administración Pública (INAP), e as escolas oficiais de formación similares do Estado e das restantes comunidades autóno-

mas, e os cursos impartidos no marco do Acordo de formación para o emprego das administracións públicas (Afedap), e no Plan Agrupado de Formación Continua das Deputacións Provinciais, así como os impartidos por Universidades e colexios profesionais.

Tamén se valorará dentro da formación continua, en relación co coñecemento da lingua galega, o estar en posesión dun Celga, ou título equivalente, de maior nivel que o esixido como requisito para o acceso a praza a que se opta.

e. Aos efectos desta valoración non se distinguirá entre asistencia, aproveitamento, formación presencial e formación a distancia.

f. Non se valorará:

- A asistencia a congresos, xornadas, seminarios, simposios e similares inferiores a 6 horas lectivas.

- As materias (créditos) que formen parte dunha titulación académica.

- Os cursos de doutorado.

- Os módulos ou partes integrante dun curso.

- Os cursos que formen parte dos procesos de selección de empregados públicos.

- A docencia impartida.

g. O tribunal cualificador poderá requirirllas ás persoas aspirantes, a través de correo electrónico, que acrediten a verificación dos extremos recollidos na documentación presentada, ademais de cantas precisións estimen oportunas.

Puntuación concurso.

a) Experiencia : ata un máximo de 60 puntos:

Por prestar servizos como persoal laboral ou funcionario na mesma categoría profesional, corpo ou escala no Concello de Piñor: 6 puntos por ano traballado coa xornada da praza convocada.

Por prestar servizos como persoal laboral ou funcionario na mesma categoría profesional, corpo ou escala na Administración Local: 6 puntos por ano traballado coa xornada da praza convocada.

Por prestar servizos na mesma categoría profesional, corpo ou escala noutra administración distinta das anteriores: 4 puntos por ano traballado coa xornada da praza convocada.

Por prestar servizo na mesma categoría profesional na empresa privada: 1 punto por ano traballado

b) Formación, hasta un máximo de 40 puntos:

Por posuír título superior ao esixido na convocatoria: 15 puntos.

Cursos de formación organizados e impartidos directamente pola Escola Galega de Administración Pública (EGAP), a Academia Galega de Seguridade Pública, o Instituto Nacional de Administración Pública (INAP), e as escolas oficiais de formación similares do Estado e das restantes comunidades autónomas, e os cursos impartidos no marco do Acordo de formación para o emprego das administracións públicas (Afedap), e no Plan Agrupado de Formación Continua das Deputacións Provinciais, así como os impartidos por Universidades e colexios profesionais.

Ata 19 horas: 2 puntos.

De 20 a 39 horas: 2,5 puntos.

De 40 a 59 horas: 3 puntos.

De 60 a 79 horas: 3,5 puntos.

De 80 a 250 horas: 4 puntos.

Más de 250 horas: 4,5 puntos.

Cursos de linguaxe administrativa galega

No caso de acreditar as dúas titulacións, só se valorará o nivel máis alto de formación. A puntuación máxima neste apartado será de 6 puntos. Nivel medio: 4 puntos.

Nivel superior: 6 puntos.



Carné de usuario fitosanitarios

Específico para operario de servizos varios e chofer de roza-doira: 6 puntos.

Carné de conducir superior ao esixido

Específico para operario de servizos varios e chofer de roza-doira: 6 puntos.

- Coñecemento do galego

Para dar cumprimento á normalización do idioma galego nas administracións públicas de Galicia e para garantir o dereito ao uso do galego nas relacións coas administracións públicas no ámbito da Comunidade Autónoma, así como a promoción do uso normal do galego por parte dos poderes públicos de Galicia, de conformidade co disposto no artigo 51 da Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia, nas probas selectivas que se realicen para o acceso aos postos das administracións públicas incluídas no ámbito de aplicación da presente lei incluírase un exame de galego, excepto para aquelas persoas que acrediten o coñecemento da lingua galega de conformidade coa normativa vixente.

Coa finalidade de determinar o grao de coñecemento realízase unha proba que consistirá nun exercicio tipo test acorde ao nivel esixido para o acceso a praza á que optan. O exercicio consistirá en 20 preguntas a desenvolver en 1 hora, con tres respostas alternativas das que só unha será a correcta. Esta proba cualificarase como apta ou non apta.

Estarán exentos de realizar este exercicio os/as aspirantes que acrediten dentro do prazo sinalado para presentar a solicitude para participar no proceso selectivo posuían o Celga (necesario segundo o Anexo I) ou equivalente debidamente homologado polo órgano competente en materia de política lingüística da Xunta de Galicia de acordo a Instrución para a aplicación da Orde do 10 de febreiro de 2014 pola que se modifica a Orde do 16 de xullo de 2007, pola que se regulan os certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega (Celga).

Esta proba será obrigatorio.

- Procedemento de selección: Concurso-oposición

A valoración da fase de oposición será do sesenta por cento e a do concurso será do corenta por cento da puntuación total, na que se terá en conta maioritariamente a experiencia no corpo, escala, categoría ou equivalente de que se trate.

- Fase de oposición: 60 puntos

1º Exercicio: de carácter obrigatorio e non eliminatorio, consistirá nunha proba escrita, tipo test de 60 preguntas, a desenvolver en 2 horas, con tres respostas alternativas das que só unha será a correcta, sobre o contido do programa especificado na convocatoria que figura no Anexo IV. Cada resposta correcta sumará 1 punto. As preguntas non contestadas ou contestadas incorrectamente non restarán. Para superar este exercicio será necesario acadar un mínimo de 30 puntos e puntuará ata un máximo de 60 puntos.

2º Exercicio: Para dar cumprimento á normalización do idioma galego nas administracións públicas de Galicia e para garantir o dereito ao uso do galego nas relacións coas administracións públicas no ámbito da Comunidade Autónoma, así como a promoción do uso normal do galego por parte dos poderes públicos de Galicia, de conformidade co disposto no artigo 51 da Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia, nas probas selectivas que se realicen para o acceso aos postos das administracións públicas incluídas no ámbito de aplicación da presente lei incluírase un exame de galego, excepto para aquelas persoas que acrediten o coñecemento da lingua galega de conformidade coa normativa vixente.

Coa finalidade de determinar o grao de coñecemento realízase unha proba que consistirá nun exercicio tipo test acorde ao nivel esixido para o acceso a praza á que optan. O exercicio consistirá en 20 preguntas a desenvolver en 1 hora, con tres respostas alternativas das que só unha será a correcta. Esta proba cualificarase como apta ou non apta.

Estarán exentos de realizar este exercicio os/as aspirantes que acrediten dentro do prazo sinalado para presentar a solicitude para participar no proceso selectivo posuían o Celga 2 ou equivalente debidamente homologado polo órgano competente en materia de política lingüística da Xunta de Galicia de acordo a Instrución para a aplicación da Orde do 10 de febreiro de 2014 pola que se modifica a Orde do 16 de xullo de 2007, pola que se regulan os certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega (Celga).

Esta proba será obrigatorio e de carácter eliminatorio.

- Fase de concurso: 40 puntos

Normas comúns ao concurso.

Tramitación.

a) Concluída a valoración dos méritos, o Tribunal respectivo publicará na sede electrónica do Concello a puntuación provisional obtida no concurso polos aspirantes admitidos ao proceso selectivo correspondente.

b) Os aspirantes disporán dun prazo de dez (10) días hábiles, contados desde o día seguinte á publicación da puntuación provisional para formular alegacións contra a mesma. Para o caso de que non se presenten alegacións a puntuación provisional queda elevada automaticamente a definitiva e así o declarará o tribunal respectivo mediante anuncio publicado na sede electrónica.

Os erros materiais ou de feito que puideran advertirse na lista poderán emendarse en calquera momento, de oficio ou a petición da parte interesada.

c) Para o caso de que se produzan alegacións, estas serán analizadas e resoltas polo respectivo tribunal notificando a súa resolución aos interesados a través de correo electrónico. Ao mesmo tempo o tribunal publicará un anuncio na sede electrónica coa puntuación definitiva da fase de concurso.

Normas sobre xustificación de méritos.

1. Experiencia profesional.

a. A acreditación documental dos méritos consistentes na experiencia profesional (servizos prestados) deberá facerse en documento orixinal expedido polo órgano competente da Administración Pública de que se trate, na que deberán figurar, como mínimo os seguintes datos:

- Vínculo xurídico: (funcionario de carreira, interino, laboral fixo, laboral temporal, indefinido non fixo ou outros).
- Tipo de contrato ou nomeamento.
- Denominación do posto de traballo.
- Subescala/clase ou categoría profesional.
- Grupo ou Subgrupo.
- Data de inicio.
- Data de remate.
- Tipo de xornada. (completa ou a tempo parcial indicando neste caso o número de horas diarias e/ou semanais).

O persoal que o día de apertura do prazo de presentación de solicitudes tivese un vínculo profesional co concello de Piñor quedará exento de presentar esta certificación que será incorporada de oficio polos servizos do concello a súa solicitude e ao resto de documentos que compoñan o seu expediente.

b. Non se terán en conta as fraccións inferiores a un mes, entendendo un mes por 30 días naturais.

c. Os servizos prestados a tempo parcial computaranse de xeito proporcional. A estes efectos entenderase como xornada completa a de 35 ou mais horas semanais ou de 7 horas diarias.

d. No caso de que os documentos aportados non xustifiquen plenamente os méritos alegados dando lugar a dúbidas ao tribunal, os mesmos non se terán en conta e non serán valorados, nin puntuados. Non obstante o tribunal poderá dar vista ao aspirante para a súa aclaración.

e. Non se computarán os servizos prestados simultaneamente con outros igualmente alegados. Tampouco se computarán os servizos realizados como persoal eventual, os servizos suxeitos á lexislación de contratos do sector público, en réxime de colaboración social, os períodos de prácticas formativas nin as becas de colaboración ou de formación, sen prexuízo de que en función do contido das mesmas se puideran valorar como mérito académico (cursos de formación).

f. Así mesmo tampouco se computará como experiencia no ámbito das Administracións Públicas a adquirida ao servizo de empresas que prestasen servizos externalizados por ditas Administracións, nin tampouco en empresas privadas.

g. Solo se valorará a experiencia profesional que se posúa ata a data de inicio do prazo de presentación de solicitudes para participar no proceso selectivo, non tomándose en consideración a experiencia acumulada con posterioridade a dita data.

h. Computaranse como experiencia profesional os períodos de excedencia por coidado de familiares, violencia de xénero, servizos especiais e/ou excedencia forzosa sempre que se acrediten documentalmente.

i. En ningún caso se computará como experiencia profesional os servizos prestados como bolseiro ou a través dun contrato de formación.

2. Formación académica.

a. A xustificación documental das titulacións académicas acreditarase nos termos previstos na base 4.F).

b. Valoraranse outras titulacións académicas distintas á esixida como requisito das persoas aspirantes no correspondente baremo de méritos específico que se reflicte na base 4.F).

c. As persoas aspirantes con titulacións obtidas no estranxeiro deberán acreditar que están en posesión da correspondente validación ou da credencial que acredite, no seu caso, a homologación do título. Este requisito non será de aplicación ás persoas aspirantes que houberan obtido o recoñecemento da súa cualificación profesional no ámbito das profesións reguladas, ao amparo das disposicións de dereito da Unión Europea.

3. Formación continua.

a. A xustificación documental da formación continua acreditarase nos termos previstos na Base 4.D).

b. Solo se valorarán aquela formación continua que estea directamente relacionada coas funcións e tarefas a desenvolver na praza a que se opta.

c. Solo se valorarán aquelas actividades formativas nas que conste acreditado, no correspondente diploma ou certificación, o número de horas de duración do curso.

d. Con carácter xeral e sen prexuízo do que se estableza ao respecto no Anexo I das presentes bases, valoraranse os cursos de formación organizados e impartidos directamente pola Escola Galega de Administración Pública (EGAP), a Academia Galega de Seguridade Pública, o Instituto Nacional de Administración Pública (INAP), e as escolas oficiais de formación similares do Estado e das restantes comunidades autónomas, e os cursos impartidos no marco do Acordo de formación para o emprego das administracións públicas (Afedap), e no

Plan Agrupado de Formación Continua das Deputacións Provinciais, así como os impartidos por Universidades e colexios profesionais.

Tamén se valorará dentro da formación continua, en relación co coñecemento da lingua galega, o estar en posesión dun Celga, ou título equivalente, de maior nivel que o esixido como requisito para o acceso a praza a que se opta.

e. Aos efectos desta valoración non se distinguirá entre asistencia, aproveitamento, formación presencial e formación a distancia.

f. Non se valorará:

- A asistencia a congresos, xornadas, seminarios, simposios e similares inferiores a 6 horas lectivas.

- As materias (créditos) que formen parte dunha titulación académica.

- Os cursos de doutorado.

- Os módulos ou partes integrante dun curso.

- Os cursos que formen parte dos procesos de selección de empregados públicos.

- A docencia impartida.

g. O tribunal cualificador poderá requirirllas ás persoas aspirantes, a través de correo electrónico, que acrediten a verificación dos extremos recollidos na documentación presentada, ademais de cantas precisións estimen oportunas.

a) Experiencia : ata un máximo de 30 puntos:

Por prestar servizos como persoal laboral ou funcionario na mesma categoría profesional, corpo ou escala no Concello de Piñor: 6 puntos por ano traballado coa xornada da praza convocada.

Por prestar servizos como persoal laboral ou funcionario na mesma categoría profesional, corpo ou escala na Administración Local: 6 puntos por ano traballado coa xornada da praza convocada.

Por prestar servizos na mesma categoría profesional, corpo ou escala noutra administración distinta das anteriores: 4 puntos por ano traballado coa xornada da praza convocada.

Por prestar servizo na mesma categoría profesional na empresa privada: 1 punto por ano traballado

b) Formación, ata un máximo de 10 puntos:

Por posuír título superior ao esixido na convocatoria: 2,50 puntos.

Cursos de formación organizados e impartidos directamente pola Escola Galega de Administración Pública (EGAP), a Academia Galega de Seguridade Pública, o Instituto Nacional de Administración Pública (INAP), e as escolas oficiais de formación similares do Estado e das restantes comunidades autónomas, e os cursos impartidos no marco do Acordo de formación para o emprego das administracións públicas (Afedap), e no Plan Agrupado de Formación Continua das Deputacións Provinciais, así como os impartidos por Universidades e colexios profesionais:

Ata 19 horas: 0,25 puntos.

De 20 a 39 horas: 0,38 puntos.

De 40 a 59 horas: 0,50 puntos.

De 60 a 79 horas: 0,63 puntos.

De 80 a 250 horas: 0,75 puntos.

Más de 250 horas: 1 punto.

Cursos de linguaxe administrativa galega

No caso de acreditar as dúas titulacións, só se valorará o nivel máis alto de formación. A puntuación máxima neste apartado será de 1,5 puntos.

Nivel medio: 1 punto.

Nivel superior: 1,5 puntos.



Oitava. Cualificación. Criterios de desempate

A. Proceso selección por concurso

A cualificación final virá determinada pola suma das puntuacións obtidas na fase de concurso, establecendo para estes efectos a orde definitiva de aspirantes seleccionados.

En caso de empate na fase de concurso, estarase ao disposto no artigo 44 do Real Decreto 364/1995, do 10 de marzo, que establece que en caso de empate na puntuación acudirase para dirimilo á outorgada aos méritos enunciados no apartado primeiro deste artigo segundo a orde establecida, da seguinte maneira:

1. A maior puntuación obtida no apartado "Experiencia laboral" do baremo.

2. En caso de persistir o empate, terá prioridade a experiencia achegada no punto primeiro do baremo da experiencia.

3. Se continúa o empate, dirimirase finalmente por orde alfabética de apelidos dos membros da bolsa empatados e iniciárase por aqueles cuxo primeiro apelido comece pola letra «V», atendendo ao disposto no Resolución do 23 de xuño de 2021, da Secretaría de Estado de Política Territorial e Función Pública, pola que se publica o resultado do sorteo a que se refire o Regulamento Xeral de Ingreso do Persoal ao Servizo da Administración Xeral do Estado, publicada no BOE número 153, de 28 de xuño do ano 2021.

4. Por último, de persistir o empate, resolverase por sorteo público.

B. Proceso selección por concurso-oposición

A cualificación final virá determinada pola suma das puntuacións obtidas na fase de concurso e na fase de oposición, establecendo para estes efectos a orde definitiva de aspirantes seleccionados.

En caso de empate, estarase ao disposto no artigo 44 do Real Decreto 364/1995, do 10 de marzo, que establece que en caso de empate na puntuación acudirase para dirimilo á outorgada aos méritos enunciados no apartado primeiro deste artigo segundo a orde establecida, da seguinte maneira:

1. A maior puntuación na fase de oposición.

2. En caso de persistir o empate, a maior puntuación obtida no apartado "Experiencia laboral" do baremo.

3. En caso de persistir o empate, terá prioridade a experiencia achegada no punto primeiro do baremo da experiencia.

4. Se continúa o empate, dirimirase finalmente por orde alfabética de apelidos dos membros da bolsa empatados e iniciárase por aqueles cuxo primeiro apelido comece pola letra «V», atendendo ao disposto no Resolución do 23 de xuño de 2021, da Secretaría de Estado de Política Territorial e Función Pública, pola que se publica o resultado do sorteo a que se refire o Regulamento Xeral de Ingreso do Persoal ao Servizo da Administración Xeral do Estado, publicada no BOE número 153, de 28 de xuño do ano 2021.

5. Por último, de persistir o empate, resolverase por sorteo público.

Novena. Relación de aprobados, proposta de selección e nomeamento

Unha vez terminada a baremación e consideradas as reclamacións presentadas, o Tribunal fará pública a relación de aspirantes por orde de puntuación na sede electrónica deste Concello e, no seu caso, no Taboleiro de Anuncios, para maior difusión.

O Tribunal establecerá a orde daqueles aspirantes que sen ser seleccionados aprobaron todas as probas para posibles substitucións, no suposto de que se produza incidencias en relación á praza convocada.

Unha vez rematado o trámite establecido no parágrafo anterior, a Alcaldía ditará resolución acordando a súa contratación

como persoal laboral fixo. Dita resolución publicarase no BOP de Ourense, no Diario Oficial de Galicia e na sede electrónica do concello.

Unha vez que se produza a dita publicación procederase á sinatura dos contratos laborais correspondentes.

Como consecuencia do anterior e, de ser o caso, acordarse, previos os trámites que procedan, o cese do persoal laboral temporal que estivese a ocupar as prazas adjudicadas no proceso selectivo.

No caso de non ocuparse dentro do prazo de toma posesión que se indique, por renuncia, algún tipo de excedencia sen reserva de praza ou outras causas alleas ao concello de Piñor, algunha das prazas polos aspirantes seleccionados que houberan superado o proceso selectivo, se acudirá á lista de aprobados/as por orde de puntuación resultante do mesmo, seguindo-se con estes os mesmos trámites ata a súa toma de posesión ou formalización do contrato de traballo.

Décima. Constitución e funcionamento de bolsa de emprego

Prevese para aquelas persoas que aprobaron pero non foron seleccionados, a súa inclusión en bolsas de contratación nos termos previstos na Disposición Adicional 4ª, parágrafo segundo, da Lei 20/2021, de 28 de decembro.

A dita bolsa formarase en atención á orde de puntuación obtida nos procesos selectivos.

Estas bolsas de contratación substituirán, de ser o caso, as existentes ate entón no Concello.

Os chamamentos realizaranse respectando a orde de prelación que virá determinado pola suma da puntuación obtida que se estableza na convocatoria da bolsa correspondente.

O funcionamento da bolsa de traballo axustarase aos principios de igualdade de oportunidades e principio de non discriminación. A orde de chamamento dos aspirantes rexistrados na bolsa neste concello será por chamamento ao primeiro ou primeira aspirante dispoñible na lista.

A renuncia inicial a unha oferta de traballo, ou a renuncia durante a vixencia do contrato, non darán lugar á exclusión da bolsa, pero ocasionará un cambio de lugar do posto, dentro da mesma, pasando a ocupar o último posto como integrante da bolsa.

Esta bolsa de traballo terá unha vixencia máxima de catro anos.

A bolsa debidamente actualizada atoparase publicada de forma permanente na sede electrónica municipal.

Undécima. Incompatibilidades

Os aspirantes propostos quedarán suxeitos, no seu caso, ao cumprimento das prescricións contidas na Lei 53/1984, do 26 de decembro, sobre Incompatibilidades do Persoal ao Servizo das Administracións Públicas, e demais normativa aplicable.

O exposto implica que os aspirantes que viñeran desempeñando unha actividade pública ou privada, deberán solicitar o recoñecemento de compatibilidade unha vez que o Tribunal formalice a toma de posesión. De non ser compatible a actividade que viñeran desenvolvendo coa relación de servizo ao Concello, os aspirantes seleccionados comprométense a renunciar á mencionada actividade.

Duodécima. Incidencias

As presentes bases e convocatoria poderán ser impugnadas de conformidade co establecido na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Contra a convocatoria e as súas bases, que esgotan a vía administrativa, poderase interpoñer polo interesados recurso de reposición previo ao contencioso-administrativo no prazo dun mes ante a Alcaldía, ou ben recurso contencioso-adminis-

trativo no prazo de dous meses perante o xulgado do Contencioso-Administrativo de Ourense ou, á súa elección, o que corresponda ao seu domicilio, a partir do día seguinte ao de publicación do anuncio correspondente no Boletín Oficial da Provincia (artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa).

No non previsto nas bases, será de aplicación a Lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público, o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público aprobado por Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro; a Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local; o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local aprobado por Real Decreto Legislativo 781/1986, do 18 de abril; o Regulamento Xeral de Ingreso do Persoal ao Servizo da Administración Xeral do Estado e de Provisión de Postos de Traballo e Promoción Profesional dos Funcionarios Cívís da Administración Xeral do Estado aprobado por Real Decreto 364/1995, do 10 de marzo, con carácter supletorio e con carácter orientador a Resolución da Secretaría de Estado de Función Pública sobre as orientacións para a posta en marcha dos procesos de estabilización derivados da Lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público.

Anexo I

Características das prazas estruturais vacantes por concurso

Anexo I.1. Concurso

Denominación da praza: Arquitecto municipal

Grupo: I

Relación xurídica: Laboral fixo

Xornada: O aspirante nomeado prestará servizos por un total de 10 horas semanais

Retribución bruta: 1.147,13 €

Titulación esixible: Licenciatura ou Grado Universitario en Arquitectura ou equivalentes

Condición específica: Posuír o carné de conducir tipo B

N.º de vacantes: 1

Sistema de selección: Concurso

Celga: Celga 4

Principais funcións encomendadas

- Asumir a responsabilidade técnica na supervisión, seguimento e tramitación dos expedientes relativos a Planeamento, Xestión e Disciplina urbanística e restantes competencias asumidas.

- Asumir a supervisión técnica, seguimento e informe de proxectos de infraestruturas públicas e asumir a dirección de obras.

- Realizar informes dentro do seu eido competencial e profesional.

- Redacción de proxectos, anteprojectos ou memorias

- Atención ao público

- Realizar visitas e inspección de obras

- Prestar colaboración e asistencia técnica, por necesidade ou requirimento, naqueles asuntos propios do departamento e que entren dentro da súa capacitación profesional

- Calquera outra, propia da súa capacitación profesional, e vinculada co eido competencial no que se integra.

Coñecementos específicos

- Coñecemento de urbanismo

- Coñecemento de informática e manexo de aplicacións informáticas técnicas

- Coñecementos técnicos sobre cartografía

- Coñecemento sobre procedementos administrativos

- Coñecemento sobre a lei de protección de datos

- Coñecemento sobre prevencións de riscos laborais

- Coñecementos da lei de contratos

- Coñecemento sobre lexislación de administración local e autonómica

- Coñecemento sobre execución de obra

- Coñecemento sobre a lei de subvencións

Denominación da praza: TÉCNICO DE MEDIO AMBIENTE

Grupo: II

Relación xurídica: Laboral fixo

Xornada: O aspirante nomeado prestará servizos por un total de 37,5 horas semanais

Retribución bruta: 1.498,00 €

Titulación esixible: Enxeñeiro Técnico Agrícola, Enxeñeiro Técnico Forestal, Grado en Bioloxía, Grado en Ciencias Ambientais ou equivalentes

Condición específica: Posuír o carné de conducir tipo B

N.º de vacantes: 1

Sistema de selección: Concurso

Celga: Celga 4

Funciones encomendadas

- Exercer a coordinación xeral das instalacións municipais (saneamento, abastecemento, lixo e electricidade), coas obrigas derivadas disto.

- Asumir a xestión do punto de información catastral, coas obrigas derivadas disto.

- Asumir a xestión, tramitación e seguimento administrativo dos expedientes e asuntos propios da unidade, especialmente os referidos ao eido medioambiental.

- Asumir a responsabilidade técnica na supervisión, seguimento, tramitación e Instrución dos expedientes relativos a Xestión e Disciplina mediambiental.

- Asistir na redacción de memorias valoradas, ordenanzas ou pregos de condicións técnicas.

- Asumir a xestión, tramitación e seguimento administrativo dos expedientes de subvencións de obras, medio ambiente e contratación.

- Prestar asesoramento, no eido, das súas competencias, cando así sexa requirido dende os diferentes departamentos ou servizos.

- Realizar informes dentro do seu eido competencial e profesional.

- Atención ao público.

- Xestión do Plan de Incendios do Concello

- Prestar colaboración e asistencia técnica, por necesidade ou requirimento, naqueles asuntos propios do departamento e que entren dentro da súa capacitación profesional

- Calquera outra, propia da súa capacitación profesional, e vinculada co eido competencial no que se integra.

Coñecementos específicos

- Coñecementos de medio ambiente de urbanismo

- Coñecemento de informática e manexo de aplicacións informáticas técnicas

- Coñecementos técnicos sobre cartografía

- Coñecemento sobre procedementos administrativos

- Coñecemento sobre a lei de protección de datos

- Coñecemento sobre prevencións de riscos laborais

- Coñecementos da lei de contratos

- Coñecemento sobre lexislación de administración local e autonómica

- Coñecemento sobre a lei de subvencións

- Coñecemento sobre instalacións de saneamento, electricidade e abastecemento.



Denominación da praza: Traballador social

Grupo: II

Relación xurídica: Laboral fixo

Xornada: O aspirante nomeado prestará servizos por un total de 37,5 horas semanais

Retribución bruta: 1.403,41 €

Titulación esixible: Grado en Traballo Social, Asistente Social ou equivalente

Condición específica: Ter total dispoñibilidade para desprazarse debendo realizar os desprazamentos polos seus propios medios.

N.º de vacantes: 1

Sistema de selección: Concurso

Celga: Celga 4

Funcións encomendadas

- Exercer a xefatura e coordinación xeral do Departamento, coas obrigas derivadas disto.

- Asumir a xestión da atención primaria, no eido dos servizos sociais, dentro do marco competencial atribuído á administración local na normativa aplicada.

- Elaboración de programas de prevención, avaliación e intervención social.

- Realizar seguimento de casos e visitas domiciliarias.

- Asumir a supervisión técnica dos servizos externalizados na súa área.

- Xestión de proxectos e subvencións propios deste eido competencial.

- Colaborar na xestión e tramitación de axudas económicas relacionadas co seu eido competencial.

- Asumir a coordinación dos programas levados a cabo no departamento (SAF, Xantar na casa, etc.), así como a coordinación de actuacións cos outros departamentos, unidades e/ou institucións.

- Realizar funcións propias do posto de traballador social, emitindo informes dentro do seu eido competencial.

- Calquera outra, propia da súa capacitación profesional, e vinculada co eido competencial no que se integra.

Coñecementos específicos

- Coñecemento de traballo social

- Coñecemento de informática

- Coñecemento sobre procedementos administrativos

- Coñecemento sobre prevencións de riscos laborais

- Coñecementos da lei de contratos.

- Coñecemento sobre lexislación de administración local e autonómica

- Coñecemento sobre a lei de subvencións

Denominación da praza: Educador familiar

Grupo: II

Relación xurídica: Laboral fixo

Xornada: O aspirante nomeado prestará servizos por un total de 37,5 horas semanais

Retribución bruta: 1.403,41 €

Titulación esixible: Diploma universitario, grao universitario ou titulación universitaria equivalente en Educación Social, Psicoloxía, Pedagogía, Psicopedagogía, Traballo Social ou equivalente.

Condición específica: Ter total dispoñibilidade para desprazarse debendo realizar os desprazamentos polos seus propios medios.

N.º de vacantes: 1

Sistema de selección: Concurso

Celga: Celga 4

Funcións encomendadas:

- Diseñar e realizar a posta en marcha de programas e actuacións de intervención, orientación, asesoramento, inserción e prevención social orientados aos usuarios dos servizos prestados.

- Dar información, orientación e asesoramento de recursos de lexislación dentro do seu eido competencial.

- Prestar a atención psicolóxica propia da súa capacitación profesional.

- Realizar seguimento de casos e visitas domiciliarias.

- Realizar informes dentro do seu eido competencial.

- Prestar orientación, asesoramento e apoio familiar/escolar.

- Xestión de subvencións propios deste eido competencial.

- Prestar asesoramento, cando así sexa requirido, e dentro da súa capacitación profesional e competencial, respecto de actuacións e tramitacións levadas a cabo noutras unidades ou departamentos.

- Colaborar e participar puntualmente noutros programas e proxectos propios dos departamentos e no eido da súa capacitación profesional.

- Calquera outra, propia da súa capacitación profesional, e vinculada co eido competencial no que se integra.

Coñecementos específicos

- Coñecemento de educador familiar

- Coñecemento de informática

- Coñecemento sobre procedementos administrativos

- Coñecemento sobre prevencións de riscos laborais

- Coñecementos da lei de contratos.

- Coñecemento sobre lexislación de administración local e autonómica

- Coñecemento sobre a lei de subvencións

Denominación da praza: Administrativo de administración xeral

Grupo: III

Relación xurídica: Laboral fixo

Xornada: O aspirante nomeado prestará servizos por un total de 37,5 horas semanais

Retribución bruta: 1.422,92 €

Titulación esixible: Título de bacharelato, FPII ou equivalentes

N.º de vacantes: 1

Sistema de selección: Concurso

Celga: Celga 3

Funcións encomendadas

- Asumir a xestión, tramitación e seguimento administrativo dos expedientes e asuntos que se lle encomenden baixo as directrices do seu superior xerárquico, e especialmente os relativos ao eido da Contabilidade, Intervención e Tesourería (contabilidade, rexistro e pago de facturas, nóminas, etc.)

- Banca electrónica e control financeiro

- Colaboración con Secretaría-Intervención

- Mantemento de plataformas ministeriais

- Captura de datos na oficina virtual para a coordinación financeira coas entidades locais.

- Redactar acordos, resolucións, providencias, oficios, certificados, comparecencias, requirimentos, notificacións, comunicacións ou calquera outro documento administrativo de conformidade cos modelos que lle sexan facilitados.

- Informar e atender ao público.

- Asistir a interesados que desexen relacionarse co concello a través de medios electrónicos e expedir copias auténticas, nos termos previstos no artigo 12 da Lei 39/2015, do 1 de outubro.

- Calquera outra, propia da súa capacitación profesional, e vinculada co eido competencial no que se integra.

Coñecementos específicos

- Coñecemento de administración e finanzas

- Coñecemento de informática

- Coñecemento sobre procedementos administrativos
- Coñecemento sobre prevencións de riscos laborais
- Coñecementos da lei de contratos.
- Coñecemento sobre lexislación de administración local e autonómica
- Coñecemento sobre a lei de subvencións

Denominación da praza: Auxiliar administrativo
Grupo: IV
Relación xurídica: Laboral fixo
Xornada: O aspirante nomeado prestará servizos por un total de 37,5 horas semanais
Retribución bruta: 1.127,90 €
Titulación esixible: Graduado en Educación Secundaria Obrigatoria, FPI ou e equivalentes

N.º de vacantes: 1
Sistema de selección: Concurso
Celga: Celga 3
Funciones encomendadas

- Prestar tarefas de apoio administrativo nos expedientes e asuntos propios da unidade ou do ámbito organizativo correspondente, baixo as directrices do seu superior xerárquico.
- Redactar acordos, resolucións, providencias, oficios, certificados, comparecencias, requirimentos, notificacións, comunicacións ou calquera outro documento administrativo de conformidade cos modelos que lle sexan facilitados.
- Informar e atender ao público.
- Rexistro
- Xestión do arquivo
- Colaborar na conformación e seguimento dos trámites administrativos dos expedientes, entre eles os contratos menores de subministracións-servicios.
- Tramitación administrativa de subvencións relacionadas coas actividades
- Censo e Padrón municipal.
- Colaboración coa Deputación na elaboración padróns municipais
- Xestión das redes sociais e mecanismos de comunicación coa administración
- Asistir aos interesados que desexen relacionarse co concello a través de medios electrónicos e expedir copias auténticas, nos termos previstos no artigo 12 da Lei 39/2015, do 1 de outubro.
- Calquera outra, propia da súa capacitación profesional, e vinculada co eido competencial no que se integra.

Coñecementos específicos

- Coñecemento de administración
- Coñecemento de informática
- Coñecemento sobre procedementos administrativos
- Coñecemento sobre prevencións de riscos laborais
- Coñecementos da lei de contratos
- Coñecemento sobre lexislación de administración local e autonómica
- Coñecemento sobre a lei de subvencións

Denominación da praza: Chofer maquina rozadoira
Grupo: V
Relación xurídica: Laboral fixo
Xornada: O aspirante nomeado prestará servizos por un total de 37,5 horas semanais
Retribución bruta: 1.182,64 €
Titulación esixible: Non se esixe estar en posesión de ningunha das titulacións previstas no sistema educativo, a tenor do establecido pola Disposición Adicional sexta do RDL 5/2015, de 30 do outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.

Condición específica: Posuír o carné de conducir tipo B

N.º de vacantes: 1
Sistema de selección: Concurso
Celga: Celga 2
Funciones encomendadas

- Asumir o manexo e condución dos vehículos utilizados para o desenvolvemento dos traballos propios da unidade, dentro da súa cualificación profesional, no marco das competencias asumidas pola unidade.
- Realizar múltiples tarefas de mantemento e acondicionamento de espazos, infraestruturas e vías públicas municipais, propias da súa cualificación profesional, no marco das competencias asumidas pola unidade.
- Encargado do servizo municipal de augas.
- Manexar a maquinaria e vehículos utilizados para o desenvolvemento dos traballos propios da unidade.
- Colaborar e participar activamente nas actuacións materiais da unidade, realizando tarefas propias da súa capacitación profesional.
- Supervisión, control e coidado dos materiais de construción, ferramentas e maquinaria que permanezan baixo a súa responsabilidade.
- Calquera outra, propia da súa capacitación profesional, e vinculada co eido competencial no que se integra.

Coñecementos específicos

- Coñecemento sobre procedementos administrativos
- Coñecemento sobre prevencións de riscos laborais
- Coñecemento de primeiros auxilios
- Coñecemento sobre lexislación de administración local e autonómica
- Coñecementos básicos sobre medio ambiente
- Coñecemento básico sobre obra pública
- Coñecemento sobre condución

Denominación da praza: Operario de servizos varios
Grupo: V
Relación xurídica: Laboral fixo
Xornada: O aspirante nomeado prestará servizos por un total de 37,5 horas semanais
Retribución bruta: 1.130,56 €
Titulación esixible: Non se esixe estar en posesión de ningunha das titulacións previstas no sistema educativo, a tenor do establecido pola Disposición Adicional sexta do RDL 5/2015, de 30 do outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.

Condición específica: Posuír o carné de conducir tipo B

N.º de vacantes: 1
Sistema de selección: Concurso
Celga: Celga 2
Funciones encomendadas

- Realizar múltiples tarefas de mantemento e acondicionamento de espazos, infraestruturas e vías públicas municipais, propias da súa cualificación profesional, no marco das competencias asumidas pola unidade.
- Manexar a maquinaria e vehículos utilizados para o desenvolvemento dos traballos propios da unidade.
- Asumir a conservación e mantemento básico da maquinaria e vehículos.
- Realizar pequenas obras baixo a supervisión dos seus superiores.
- Colaborar na realización das restantes funcións asumidas pola unidade, e que entren dentro da súa capacitación profesional.
- Calquera outra, propia da súa capacitación profesional, e vinculada co eido competencial no que se integra.

Coñecementos específicos

- Coñecemento sobre procedementos administrativos



- Coñecemento sobre prevencións de riscos laborais
- Coñecemento de primeiros auxilios
- Coñecemento sobre lexislación de administración local e autonómica
- Coñecementos básicos sobre medio ambiente
- Coñecemento básico sobre obra pública
- Coñecemento sobre condución

Denominación da praza: Operario limpeza de edificios municipais

Grupo: V

Relación xurídica: Laboral fixo

Xornada: O aspirante nomeado prestará servizos por un total de 18,75 horas semanais

Retribución bruta: 504,22 €

Titulación esixible: Non se esixe estar en posesión de ningunha das titulacións previstas no sistema educativo, a tenor do establecido pola Disposición Adicional sexta do RDL 5/2015, de 30 do outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.

Condición específica: Posuír o carné de conducir tipo B

N.º de vacantes: 1

Sistema de selección: Concurso

Celga: Celga 2

Funciones encomendadas

- Mantemento dos edificios municipais nas debidas condicións de hixiene e limpeza
- Coidar da seguridade e peche dos edificios
- Vixiar o bo funcionamento das instalacións e propor a súa reparación cando existan elementos deteriorados
- Manter en todo momento os servizos dotados dos elementos sanitarios adecuados
- Calquera outra, propia da súa capacitación profesional, e vinculada co eido competencial no que se integra.

Coñecementos específicos

- Coñecemento sobre procedementos administrativos
- Coñecemento sobre prevencións de riscos laborais
- Coñecemento sobre lexislación de administración local e autonómica
- Coñecementos sobre hixiene e seguridade
- Coñecemento sobre técnicas de limpeza e eliminación de residuos

Denominación da praza: Auxiliar axuda no fogar

Grupo: V

Relación xurídica: Laboral fixo

Xornada: O aspirante nomeado prestará servizos por un total de 37,5 horas semanais

Retribución bruta: 1.000,00 €

Titulación esixible: Técnico en Atención a Persoas en Situación de Dependencia, Técnico en Cuidados Auxiliares de Enfermaría, Técnico/a superior en Integración Social, Certificado de profesionalidade de Atención Sociosanitaria a Persoas Dependentes en Institucións Sociais, Certificado de profesionalidade de Atención Sociosanitaria a Persoas no fogar ou equivalentes

Condición específica: Ter total dispoñibilidade para desprazarse debendo realizar os desprazamentos polos seus propios medios.

N.º de vacantes: 4

Sistema de selección: Concurso

Celga: Celga 2

Funciones encomendadas

- Desenvolvemento das atencións básicas coas persoas usuarias do SAF recollidas na normativa vixente sobre o servizo e propias da súa capacitación profesional.

- Atencións de carácter persoal na realización das actividades básicas da vida diaria.

- Atención das necesidades de carácter doméstico e da vivenda.

- Acompañamento persoal na realización doutras actividades complementarias.

- Tarefas educativas, potenciando o protagonismo do usuario, non substituíndoo naquelas tarefas que poida realizar por si mesmo, e facilitándolle as canles de comunicación co seu entorno.

- Información periódica da actividade e evolución da prestación en cada domicilio á responsable da coordinación do servizo (incluído o uso de soportes documentais)

- Calquera outra, propia da súa capacitación profesional, e vinculada co eido competencial no que se integra.

Coñecementos específicos

- Coñecementos de Atención Sociosanitaria
- Coñecemento sobre procedementos administrativos
- Coñecemento sobre prevencións de riscos laborais
- Coñecemento sobre lexislación de administración local e autonómica

Anexo I.2 - Concurso-oposición

Denominación da praza: Auxiliar axuda no fogar

Grupo: V

Relación xurídica: Laboral fixo

Xornada: O aspirante nomeado prestará servizos por un total de 37,5 horas semanais

Retribución bruta: 1.000,00 €

Titulación esixible: Técnico en Atención a Persoas en Situación de Dependencia, Técnico en Cuidados Auxiliares de Enfermaría, Técnico/a superior en Integración Social, Certificado de profesionalidade de Atención Sociosanitaria a Persoas Dependentes en Institucións Sociais, Certificado de profesionalidade de Atención Sociosanitaria a Persoas no fogar ou equivalentes

N.º de vacantes: 1

Sistema de selección: Concurso-Oposición

Celga: Celga 2

Funciones encomendadas

- Desenvolvemento das atencións básicas coas persoas usuarias do SAF recollidas na normativa vixente sobre o servizo e propias da súa capacitación profesional.

- Atencións de carácter persoal na realización das actividades básicas da vida diaria.

- Atención das necesidades de carácter doméstico e da vivenda.

- Acompañamento persoal na realización doutras actividades complementarias.

- Tarefas educativas, potenciando o protagonismo do usuario, non substituíndoo naquelas tarefas que poida realizar por si mesmo, e facilitándolle as canles de comunicación co seu entorno.

- Información periódica da actividade e evolución da prestación en cada domicilio á responsable da coordinación do servizo (incluído o uso de soportes documentais)

- Calquera outra, propia da súa capacitación profesional, e vinculada co eido competencial no que se integra.

Coñecementos específicos

- Coñecementos de Atención Sociosanitaria
- Coñecemento sobre procedementos administrativos
- Coñecemento sobre prevencións de riscos laborais
- Coñecemento sobre lexislación de administración local e autonómica

(Ver anexos páx. 69-74)

ANEXO II: SOLICITUDE DO INTERESADO

DATOS DO SOLICITANTE			
Nome e Apellidos		NIF	
Grupo	Denominación do Posto		
CONCURSO <input type="checkbox"/>		CONCURSO-OPOSICIÓN <input type="checkbox"/>	
DATOS DO REPRESENTANTE			
Tipo de persoa			
<input type="checkbox"/> Física <input type="checkbox"/> Xurídica			
Nome e Apellidos/Razón Social		NIF/CIF	
Poder de representación que ostenta			
<p>A Administración Pública verificará a identidade dos interesados no procedemento administrativo, mediante a comprobación do seu nome e apelidos ou denominación ou razón social, segundo corresponda, que consten no Documento Nacional de Identidade ou documento identificativo equivalente.</p> <p>Os interesados poderán identificarse electronicamente ante as Administracións Públicas a través dos sistemas establecidos conforme ao artigo 9.2 da Lei 39/2015.</p> <p>Para formular solicitudes, presentar declaracións responsables ou comunicacións, interpoñer recursos, desistir de accións e renunciar a dereitos en nome doutra persoa, deberá acreditarse a representación, de conformidade co indicado no artigo 5 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común.</p>			
DATOS A EFECTOS DE NOTIFICACIÓNS			
Medio de Notificación			
<input type="checkbox"/> Notificación electrónica <input type="checkbox"/> Notificación postal			
Dirección			
Código Postal	Municipio	Provincia	
Teléfono	Móbil	Fax	Correo electrónico

**OBJECTO DA SOLICITUDE****EXPÓN:**

Que, vista a convocatoria anunciada no Boletín Oficial da Provincia, de data _____, en relación coa convocatoria excepcional para a provisión dunha praza de estabilización de emprego temporal conforme á Lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público e as bases publicadas no Boletín Oficial da Provincia número _____, de data _____

DECLARA BAIXO A SÚA RESPONSABILIDADE:

a) Ter a nacionalidade española ou algunha outra que permita o acceso ao emprego público, conforme o disposto no artigo 57 do TREBEP e no artigo 52 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia (en adiante LEPG), que dispón que poden acceder ao emprego público como persoal funcionario en igualdade de condicións coas persoas de nacionalidade española:

As persoas que posúan a nacionalidade doutros estados membros da Unión Europea.

As persoas, calquera que sexa a súa nacionalidade, que sexan cónxuxes de persoas que posúan a nacionalidade española ou doutros estados membros da Unión Europea, sempre que non estean separadas de dereito.

No obstante el anterior aquellos aspirantes que estuvieran desarrollando de manera temporal en el ayuntamiento de Vilanova de Arousa, en el día de final del plazo de presentación de solicitudes, alguna de las plazas incluidas en la presente convocatoria de carácter excepcional prevista en las disposiciones adicionales sexta y octava de la Ley 20/2021, de 28 de diciembre, y tuvieran cumplidos, o cumplan durante el desarrollo del proceso selectivo, la @dita edad de jubilación establecida legalmente para los funcionarios públicos, podrán participar en el mismo siempre con anterioridad a dicha fecha les fuera de aplicación el dispuesto en la Disposición Transitoria Séptima del Real Decreto Legislativo 8/2015, de 30 de octubre, por lo que se aprueba el texto refundido de la Ley General de la Seguridad Social.

d) No padecer enfermedad ni estar afectado/a por limitación física o psíquica que sea incompatible con el desempeño de las correspondientes funciones.

e) Poseer la capacidad funcional para lo desempeño de las tareas.

f) No haber sido separado/a del servicio de ninguna Administración Pública en virtud de expediente disciplinario ni encontrarse inhabilitado/a, por sentencia firme, para el ejercicio de funciones públicas.

g) Titulación:

1. Poseer la titulación exigida en las bases específicas de cada convocatoria (ANEXO I), o estar en condiciones de obtenerla antes de que finalice el plazo de presentación de solicitudes de participación en el proceso selectivo.

2. En el caso de titulaciones universitarias obtenidas en el extranjero, se deberá estar en posesión de la correspondiente validación o de la credencial que acredite, en su caso, la homologación.

Orden de 16 de julio de 2007 por la que se regulan los certificados oficiales acreditativos.

De acuerdo con el establecido en los artículos 59 del TREBEP y en el Real Decreto Legislativo 1/2013, de 20 de noviembre, por lo que se aprueba el Texto refundido de la Ley General de Derechos de las Personas con Discapacidad y su inclusión social, en los procesos selectivos serán admitidas las personas con discapacidad en igualdad de condiciones que el resto de aspirantes.

Los aspirantes con discapacidad, deberán presentar certificación expedida por el órgano competente de su Comunidad Autónoma o de la Administración del Estado, que acredite @dita condición, así como su capacidad para desempeñar las tareas correspondientes a las plazas objeto de la presente convocatoria.

h). La autenticidad de los documentos que acompañan esta solicitud, así como de los datos que figuran en ellos.

TERCERA BIS. ACREDITACIÓN DEL CONOCIMIENTO DE LA LENGUA GALLEGA.

Las personas aspirantes deberán acreditar estar en posesión del título acreditativo del nivel de conocimiento de la lengua gallega requerido para el acceso al correspondiente grupo/subgrupo,

de conformidad con la de los niveles de conocimiento de la lengua gallega, modificada por la Orden de 10 de febrero de 2014 (DOG núm. 146 de 30 de julio y DOG núm. 34 de 19 de febrero, respectivamente).

Todos los requisitos exigidos en el apartado anterior deberán poseerlos los/as aspirantes en el día de final del plazo para la presentación de solicitudes y conservarlos, la lo menos, hasta la datado su nombramiento como funcionario/a de carrera o hasta la fecha de su contratación con trabajador/a hizo/a, en su caso.

SOLICITO:

Ser admitido/a en la convocatoria citada, a fin de participar en las pruebas de estabilización de empleo temporal correspondientes a la presente solicitud.

Deber de informar a los interesados sobre protección de datos

Fui informado de que este Ayuntamiento va tratar y guardar los datos recibidos en la instancia y en la documentación que se acompaña para la tramitación y gestión de expedientes administrativos.

Responsable	Ayuntamiento de Piñor
Finalidad Principal	Tramitación, gestión de expedientes administrativos y actuaciones administrativas derivadas de estos.
Legitimación	Cumplimiento de una misión realizada en interés público o no ejercicio de poderes públicos conferidos ao responsable del tratamiento: art. 55 do texto refundido de la Ley del Estatuto Básico del Empleado Público, aprobado por Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de octubre
Destinatarios	No se ceden datos a terceros, salvo imperativo legal
Derechos	Tiene derecho a acceder, rectificar y suprimir los datos, así como cualquiera otros derechos que les correspondan, tal y como se explica en la información adicional
Información Adicional	Puede consultar la información adicional y detallada sobre protección de datos en el siguiente url www.aepd.es/es .

DOCUMENTACIÓN QUE SE ACHEGA:

- Fotocopia del DNI, pasaporte o documento análogo.
- Justificante de la autoliquidación así como del pago de tasas por derecho de examen segundo la ordenanza fiscal publicada en el BOP Ourense nº 57 de 10.03.2017.
- Documentación acreditativa de los méritos alegados
- Acreditación de conocimiento de la lengua gallega (si fuera el caso).
- Titulación exigida (si fuera el caso)

DATA E SINATURA

Declaro bajo mi responsabilidad que os datos facilitados son correctos.

En _____, a _____ de _____ de 2022

El solicitante,

Fdo.: _____

Sr. ALCALDE-PRESIDENTE DEL AYUNTAMIENTO DE PIÑOR



ANEXO III: AUTOLIQUIDACION DE TASAS

1. DATOS DEL SUJETO PASIVO			
Nombre y Apellidos/Razón Social:			NIF:
Dirección:			
Código Postal	Municipio	Provincia	
Teléfono	Móvil	Fax	Correo electrónico

2. OBTETO DA SOLICITUDE
Que, vista la convocatoria anunciada en el Boletín Oficial de la Provincia, de fecha _____, en relación con la convocatoria excepcional para la provisión de una plaza de estabilización de empleo temporal conforme a la Ley 20/2021, del 28 de diciembre, de medidas urgentes para la reducción de la temporalidad en el empleo público y las bases publicadas en el Boletín Oficial de la Provincia número _____, de fecha _____

3. CÁLCULO DA COTA	€	Indique lo que corresponda (X)
Grupo A1 o I	20	
Grupo A2 o II	15	
Grupo B, C1 o III	12	
Grupo C2 o IV	10	
Grupo E o V	8	
IMPORTE TOTAL DE LA AUTOLIQUIDACIÓN:		

FORMA DE PAGO: El pago podrá realizarse en las siguientes Entidades Colaboradoras:
ABANCA, EN CENA, cuenta número IBAN ES13 2080 5291 3131 1002 7128

PLAZO. Será el siguiente:

- Para las liquidaciones notificadas entre los días 1 y 15 de cada mes, desde la data de notificaciones hasta el día 5 del mes siguiente o, si este fuera festivo o coincidiera sábado, el inmediato hábil posterior.

- Para las notificadas entre los días 16 y último de cada mes, desde la data de notificaciones hasta el día 20 del mes siguiente o, si este fuera festivo o coincidiera con sábado, el inmediato hábil posterior.

Transcurridos los plazos anteriores sin efectuar el ingreso, se entenderá que desiste del trámite y se procederá a archivar el expediente sin más trámite.

De conformidad que el establecido en la Ordenanza fiscal reguladora de la tasa por derecho de examen, publicada en el BOP núm. 57, 10 de marzo de 2017 el artículo 21.4 de la Ley 39/2015, de 1 de octubre, del Procedimiento Administrativo Común de las Administraciones Públicas, en relación con su solicitud, se le comunica que el **PLAZO MÁXIMO DE RESOLUCIÓN** de este procedimiento y para la notificación del acto que le ponga término es de 15 días. Con todo, el citado plazo máximo legal para resolver el procedimiento y notificar la resolución se podrá suspender en los casos previstos en el artículo 22 de la Ley 39/2015, de 1 de octubre.



5. FECHA Y FIRMA

Declaro bajo mi responsabilidad que los datos facilitados son correctos.

Piñor,

El/La solicitante,

Fdo.:

SR. ALCALDE-PRESIDENTE DEL AYUNTAMIENTO DE PIÑOR.

AVISO LEGAL

En cumplimiento de la Ley Orgánica 3/2018, de 5 de diciembre, de Protección de Datos Personales y garantía de los derechos digitales (LOPDGDD) y teniendo en cuenta las disposiciones del Reglamento (UE) 2016/679 del Parlamento Europeo y del Consejo, de 27 de abril de 2016 (RXPd), relativo a la protección de las personas físicas en el tratamiento de datos personales y los respectivos artículos 13 y 14 del citado RXPd, le informamos que cualquier dato recabado por este medio, que Vd. nos facilite, será incorporado a un Registro de Actividades de Tratamiento de Gestión Municipal, el tratamiento de sus datos lo haremos con el único fin de gestionar la dicha solicitud y expedir el correspondiente informe. En el tratamiento de sus datos, aplicaremos la normativa de protección de datos y políticas de seguridad que establece el Esquema Nacional de Seguridad y el RXPd, si desea conseguir más información del tratamiento de datos, la manera de informar lo establecimos por capas y ponemos a su disposición un cuadro informativo del tratamiento de datos que puede consultar o ejercer los derechos en la <https://pinor.sedelectronica.gal/privacy.1> también puede conseguir dicha información en las oficinas municipales (Registro) así como solicitar ejercer sus derechos: solicitar confirmación del tratamiento de sus datos, derecho de acceso, de rectificar y suprimir los datos, solicitar la portabilidad de los mismos, oponerse su tratamiento y solicitar la limitación de este, para eslabón deberá enviar solicitud la este Responsable del Tratamiento (Registro Principal) R/Piñor, s/n (32137) PIÑOR (Ourense), o enviando e-mail a concellopinor@gmail.com dichas solicitudes deberán ser dirigidas la Delegada de Protección Datos, haciendo referencia al derecho que pretende ejercer y adjuntando copia de su DNI/NIF o documento que lo/a identifique, en el caso de considerar que sus derechos no son atendidos también puede presentar reclamaciones ante la Autoridad de Control <https://www.aepd.es/>

ANEXO IV- TEMARIO AUXILIAR AYUDA EN EL HOGAR

I. PARTE GENERAL

TEMA 1. La Constitución Española de 1978: Características. Estructura. Contenido. Principios Generales. Derechos Fundamentales y Libertades Públicas.

TEMA 2. Conceptos básicos de régimen local: El municipio, el término municipal, la población municipal. Las competencias municipales.

TEMA 3. El personal al Servicio de las Entidades Locales: concepto y clases. Derechos y deber de los empleados públicos.

II. PARTE ESPECÍFICA

TEMA 4. Higiene y atención sanitaria domiciliaria: Características y necesidades de atención higiénico-sanitaria las personas dependientes. Administración de alimentos y tratamientos a personas dependientes en el domicilio. Mejora de las capacidades físicas y primeros auxilios para las personas dependientes en el domicilio.



TEMA 5. Atención y apoyo psicosocial domiciliario: Mantenimiento y rehabilitación psicosocial de las personas dependientes en el domicilio. Apoyo a las gestiones cotidianas de las personas dependientes. Interrelación, comunicación y observación con la persona dependiente y su entorno.

TEMA 6. Apoyo domiciliario y alimentación familiar: Gestión, aprovisionamiento y cocina en la unidad familiar de personas dependientes. Mantenimiento, limpieza y organización del domicilio de personas dependientes.

TEMA 7. Conocimiento del término municipal de Piñor: callejero, parroquias, lugares y vías de comunicación. Servicios existentes en el Ayuntamiento de Piñor, en especial de tipo sociosanitario.

Los sucesivos anuncios de esta convocatoria, cuando procedan de conformidad con las bases, se publicarán en el Boletín Oficial de la Provincia. Asimismo, se publicarán en la sede electrónica del este Ayuntamiento <https://pinor.sedelectronica.gal/info.0> y, en su caso, en el Tablero de Anuncios, para mayor difusión, antes de 31 de diciembre de 2022.

Contra las presentes bases, que ponen fin a la vía administrativa, se puede interponer alternativamente o recurso de reposición potestativo, en el plazo de un mes para contar desde el día siguiente a la publicación del presente anuncio, #ante la Alcaldía de este Ayuntamiento de Piñor, de conformidad con los artículos 123 y 124 de la Ley 39/2015, de 1 de octubre, del Procedimiento Administrativo Común de las Administraciones públicas, o recurso contencioso-administrativo, ante el Juzgado del Contencioso-Administrativo de Ourense o, a su elección, lo que corresponda a su domicilio, en el plazo de dos meses a contar desde el día siguiente a la publicación del presente anuncio, de conformidad con el artículo 46 de la Ley 29/1998, de 13 de julio, de la Jurisdicción Contencioso-Administrativa. Si se optara por interponer el recurso de reposición potestativo, no podrá interponer recurso contencioso-administrativo hasta que aquel sea resuelto expresamente o se produjo su desestimación por silencio. Todo eso sin perjuicio de que pueda ejercitar cualquier otro recurso que estime pertinente.

*El alcalde. Fdo.: José Luis González Rodríguez
Documento firmado electrónicamente al margen.*

R. 3.049



Ribadavia

Para os efectos oportunos publícase que a Alcaldía do Concello de Ribadavia ditou o seguinte decreto:

Seguindo coas previsións da Lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público, visto o Decreto da Alcaldía, do día 18 de maio de 2022, de aprobación da oferta extraordinaria de emprego público, para a estabilización do emprego temporal do Concello de Ribadavia, corresponde a aprobación da convocatoria e das bases da oferta de estabilización.

A Mesa Xeral de Negociación do Concello de Ribadavia, na sesión do 11 de decembro de 2022 acadou o acordo para a aprobación da devandita convocatoria e bases, co voto favorable de todos os membros da Mesa Xeral de Negociación.

En exercicio da competencia atribuída polo artigo 21.1.g) da Lei 7/1985 reguladora das bases de réxime local, acórdase:

1º) Aprobar as bases reguladoras e convocatoria da oferta de emprego público extraordinaria para a estabilización do emprego temporal do Concello de Ribadavia de conformidade coa Lei 20/2021, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público, co seguinte contido:

Bases reguladoras e convocatoria dos procesos selectivos para a provisión das prazas incluídas na oferta de emprego público extraordinaria para estabilizar o emprego temporal do Concello de Ribadavia de conformidade coa Lei 20/2021

Primeira. Obxecto da convocatoria

É obxecto destas bases a regulación dos procesos selectivos para a provisión en propiedade das prazas de persoal laboral fixo do Concello de Ribadavia incluídas na oferta de emprego público extraordinaria para estabilizar o emprego temporal do concello de Ribadavia, aprobada mediante Decreto da Alcaldía, do 18 de maio de 2022 e publicada no DOG número 114, do 15 de xuño de 2022.

A relación das ditas prazas recóllese na base décimo cuarta e décimo quinta.

Segunda. Lexislación aplicable.

As probas selectivas seralles de aplicación a normativa estatal e autonómica reguladora da selección de persoal funcionario de carreira e laboral fixo ao servizo das administracións locais e concretamente o disposto na Lei 20/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para reducir a temporalidade no emprego público así como ao disposto nesta convocatoria.

Terceira. Sistemas de selección

Conforme co disposto na oferta de emprego público extraordinaria para estabilizar o emprego temporal do Concello de Ribadavia, e de conformidade co establecido no artigo 2 e na disposición adicional 6ª e 8ª da Lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para reducir a temporalidade no emprego público, establécese como sistema de selección o sistema de concurso-oposición para a provisión das prazas correspondentes aos procesos de estabilización de emprego temporal previsto no artigo 2 da Lei 20/2021 e o de concurso para a provisión das prazas correspondentes aos procesos de estabilización de emprego temporal previsto nas DA 6ª e 8ª da Lei 20/2021.

Cuarta. Requisitos das persoas aspirantes

1. Para participar nas probas selectivas, de conformidade co establecido no artigo 56 do TRLEBEP, as persoas aspirantes deberán reunir os seguintes requisitos, referidos todos e cada un deles á data na que remate o prazo de presentación de soli-

citudes, e conservarse, cando menos, ata a data da toma de posesión.

a) Nacionalidade: ter a nacionalidade española. Ademais, e consonte co establecido nos artigos 57 do TRLEBEP e 52 da LEPG, poderán acceder ás prazas de persoal funcionario de carreira, as persoas nacionais dos demais estados membros da Unión Europea, así como as persoas estranxeiras que reúnan a condición de cónxuxes de españois ou de nacionais doutros estados membros da Unión Europea, sempre que non estean separados de dereito, e as/os súas/seus descendentes e as/os do seu cónxuxe - sempre que non estean separados de dereito - menores de 21 anos ou maiores que vivan ás súas expensas. As mesmas regras aplicaranse, de ser o caso, ás persoas incluídas no ámbito de aplicación dos tratados internacionais realizados pola Comunidade Europea e ratificados por España, nos que sexa de aplicación a libre circulación de persoas traballadoras. No que atinxe ás prazas de persoal laboral fixo, poderán acceder a elas, ademais das persoas sinaladas no parágrafo anterior, as persoas estranxeiras que se atopen residindo legalmente en España, de acordo co previsto no artigo 10.2 da Lei orgánica 4/2000, do 11 de xaneiro, de dereitos e liberdades dos estranxeiros en España e da súa integración social.

b) Idade: ter cumpridos 16 anos de idade e non exceder a idade máxima de xubilación forzosa.

c) Titulación: estar en posesión do título que en cada caso se sinala, ou en condicións de obtelo na data na que remate o prazo de presentación de solicitudes, en cada caso. Cando se aleguen equivalencias de títulos, achegarse no seu día certificado para o efecto da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria. No caso de titulacións obtidas no estranxeiro, deberán posuír o documento que acredite de xeito fidedigno a súa homologación.

d) Capacidade funcional: non padecer enfermidade nin estar afectada/o por limitación física ou psíquica incompatible co desempeño das correspondentes funcións, sen prexuízo de que sexan admitidas as persoas con diversidade funcional en igualdade de condicións que as demais persoas aspirantes, segundo o disposto na disposición 3 adicional 19ª da Lei 30/1984, do 2 de agosto, na redacción dada pola Lei 53/2003, do 10 de decembro, e normativa de concordante aplicación.

Nesta convocatoria, resérvanse as seguintes prazas para persoas con diversidade funcional (artigo 48 da LEPG e 59 do TRLEBEP) entre as prazas correspondentes aos procesos de estabilización de emprego temporal previstos nas disposicións adicionais sexta e octava da Lei 20/2021: 1 praza de operario de limpeza viaria.

As persoas con diversidade funcional deberán facer constar na solicitude esa condición, e achegar a acreditación do recoñecemento da diversidade funcional en grao igual ou superior ao 33 %.

e) Habilitación: non estar separada/o mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das administracións públicas ou dos órganos constitucionais do Estado ou estatutarios das comunidades autónomas, nin atoparse en situación de inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial firme. No suposto de ser nacional doutro Estado, non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu estado, nos mesmos termos, o acceso ao emprego público.

f) Non incorrer en ningunha das causas de incapacidade ou incompatibilidade que determine a lexislación vixente.

g) Lingua galega: acreditar o coñecemento da lingua galega . No caso de non posuír os certificados será necesario superar un exercicio previo e eliminatorio de tradución, tipo test de dez preguntas, con tres opcións posibles. As preguntas erróneas e non contestadas non restarán.

O tempo máximo para a realización do exercicio será, en cada caso, dunha hora. Este exercicio valorarase como apto ou non apto e para superalo será necesario obter o resultado de apto. Corresponderalle ao tribunal determinar o nivel de coñecementos esixidos para acadar o resultado de apto. O/s exercicio/s realizaranse unha única vez para todas as persoas candidatas que se presenten ás distintas prazas da oferta de emprego público extraordinaria para estabilizar o emprego temporal do Concello de Ribadavia.

H) Aboamento da taxa polos dereitos de inscrición en procesos de selección de persoal (20,00 €). O impreso de autoliquidación da devandita taxa deberá solicitarse por vía telefónica, correo electrónico, ou ben, a través da sede electrónica do Concello.

O pago poderá realizarse en calquera sucursal de Abanca e efectuando o pago no seguinte número de conta: ES23 2080 5332 8231 1002 5794 . Concepto: Dereitos de exame Proceso estabilización do emprego temporal. Excepcionalmente, permitirase o pago nas oficinas municipais.

Estarán exentas do pago desta taxa:

a) As persoas cun grao de discapacidade igual ou superior ao 33 por cento, que deberán acompañar á solicitud certificada acreditativo de tal condición.

b) As persoas que figuren como demandantes de emprego durante, polo menos, un mes antes da data de publicación da convocatoria. Serán requisitos para o gozo da exención que, no prazo de que se trate, non rexeitasen oferta de emprego adecuada nin se negaron a participar, salvo causa xustificada, en accións de promoción, formación ou reconversión profesional e que, así mesmo, carezan de rendas superiores, en cómputo mensual, ao salario mínimo interprofesional. Estes extremos deberán xustificarse mediante a presentación de certificación para o efecto emitida polo Servizo Público de Emprego Estatal.

c) As familias numerosas nos termos do artigo 12.1.c) da Lei 40/2003, do 18 de novembro, de protección ás familias numerosas. Terán dereito a unha exención do 100 por 100 da taxa os membros de familias da categoría especial e a unha bonificación do 50 por 100 os que fosen da categoría xeral. A condición de familia numerosa acreditarase mediante o correspondente título actualizado.

d) As vítimas do terrorismo, entendendo por tales, as persoas que sufrisen danos físicos ou psíquicos como consecuencia da actividade terrorista e así o acrediten mediante sentenza xudicial firme ou en virtude de resolución administrativa pola que se recoñeza tal condición, o seu cónxuxe ou persoa que teña convivido con análoga relación de afectividade, o cónxuxe do falecido ou os fillos de feridos e falecidos.

O aboamento da taxa ou, no seu caso, a xustificación da concorrencia dalgunha das causas de exención deberá facerse dentro do prazo de presentación de solicitudes.

e) Os requisitos especiais que se sinalen para cada praza nas normas específicas da base .

Quinta. Forma e prazo de presentación de instancias

As solicitudes (Anexo I), polas que se requira tomar parte no proceso nas que os aspirantes farán constar que reúnen as condicións esixidas nas presentes bases xerais para a praza que se opte, dirixiranse á Alcaldía do Concello, e presentaranse no

Rexistro Electrónico Xeral deste concello ou nalgún dos lugares previstos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, no prazo de vinte días hábiles contados a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria no Boletín Oficial do Estado.

As bases íntegras publicaranse no Boletín Oficial da Provincia e na sede electrónica deste concello, inseríndose un anuncio da convocatoria no DOG (Artigo 205 da Lei 2/2015, de emprego público de Galicia).

Os datos persoais incluídos na solicitud de participación serán tratados unicamente para a xestión do proceso selectivo, é dicir para a práctica das probas de selección e as comunicacións que deban realizarse. Cando sexa necesario publicar un acto administrativo que conteña datos persoais publicarase da forma que determina a disposición adicional sétima da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais. O Concello será o responsable do tratamento destes datos.

Sexta. Admisión.

1. Unha vez rematado o prazo de presentación de solicitudes, a Alcaldía aprobará as listas provisionais de persoas admitidas e excluídas, no prazo máximo dun

mes. Este prazo poderá ser ampliado, cando resulte necesario, ata un máximo de 15 días.

2. As listas provisionais serán expostas, en todo caso, na páxina web do Concello de Ribadavia e concederase un prazo de dez días hábiles para os efectos de reclamacións e corrección de deficiencias, conforme co artigo 68 da Lei 39/2015. Se as houberse, serán aceptadas ou rexeitadas na resolución pola que se aprobe a lista definitiva, que se fará pública na mesma forma. Esta última data será determinante dos prazos para impugnacións ou recursos.

3. A lista provisional elevarase a definitiva polo transcurso do prazo de reclamacións, se non as houberse. No caso contrario, exporase de novo a lista definitiva, no mesmo lugar que a provisional, así como a resolución das solicitudes de abstención ou nun prazo máximo dun mes a partir da finalización do prazo de reclamacións.

4. O feito de figurar na relación de persoas admitidas non prexulga que se lles recoñeza ás persoas interesadas, con carácter definitivo, a posesión dos requisitos exixidos no procedemento que se convoca. Cando da documentación que debe presentar no caso de superar o proceso selectivo, se desprenda que non posúen algún dos requisitos, as persoas interesadas decaerán en todos os dereitos que puidesen derivar da súa participación no procedemento.

Sétima. Protección de datos

1. O tratamento polo Concello de Ribadavia dos datos persoais que achega a persoa solicitante coa súa solicitud baséase no disposto nos apartados c) e e) do artigo 6 do Regulamento UE 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento dos datos persoais e á libre circulación destes datos, así como no artigo 8.2 da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección dos datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, ao ser a achega dos datos e informacións esixidas nas presentes bases, necesaria para o cumprimento do disposto na lexislación de emprego no sector público así como para a 9 valoración das solicitudes.



En consecuencia, a negativa a facilitar estes datos ao Concello de Ribadavia determinará a exclusión da persoa solicitante do procedemento.

2. En cumprimento do establecido no artigo 13 do Regulamento UE 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento dos datos persoais e á libre circulación destes datos, infórmase ás persoas interesadas do seguinte:

a) A responsable do tratamento dos datos é o Concello de Ribadavia, cuxo representante legal é a súa alcaldesa, con domicilio para os efectos de notificacións na praza Maior, 4, Ribadavia 32400 teléfono de contacto 988 477 100 e correo electrónico: alcaldía@ribadavia.es.

b) Co delegado de protección de datos do Concello de Ribadavia pode contactarse no enderezo electrónico martín@legalforma, e ante el (ou directamente ante o responsable do tratamento) poderá exercer os seus dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e portabilidade, así como opoñerse á toma de decisión individuais automatizadas.

Os datos subministrados coa solicitude destínanse unicamente a garantir o cumprimento do establecido na lexislación do emprego público do sector público, a comprobar que a persoa solicitante reúne os requisitos establecidos para a súa admisión e á valoración da súa solicitude.

Publicaranse na sede electrónica do concello as listas provisionais e definitivas de persoas admitidas e excluídas, as actas dos tribunais cualificadores e a resolución de nomeamento. As publicacións referidas manteranse durante o período de tempo estritamente necesario para o fin que se persegue e, como máximo durante un prazo de 5 anos dende a realización da publicación, podendo, a partir dese prazo, ser suprimida a publicación de oficio polo concello ou ben por solicitude das persoas interesadas, dirixida ao responsable do tratamento ou ao delegado de Protección de datos do Concello de Ribadavia.

a) A base xurídica do tratamento dos datos achegados coa solicitude é a necesidade de coñecer eses datos para o cumprimento das obrigas legais que impón a lexislación do emprego público ao Concello de Ribadavia (artigo 6.1.c) do Regulamento UE 2016/679). No caso dos datos necesarios para acreditar o cumprimento dos requisitos específicos da convocatoria e a valoración de solicitudes, a necesidade de coñecer eses 10 datos é para satisfacer a finalidade de interese público (organización e xestión do emprego público provincial) perseguida coa convocatoria (artigo 6.1.e) do Regulamento UE 2016/679).

b) Os datos subministrados ao Concello serán tratados exclusivamente polo persoal autorizado do concello para a tramitación da solicitude, suxeitos a deber de reserva.

Estes datos poderán ser cedidos a terceiras persoas nos seguintes casos:

- Ao resto de persoas solicitantes ou aos seus representantes legais cando así o reclamen para a formulación de reclamacións ou interposición de recursos.

- Aos xulgados e tribunais, para os efectos da resolución dos recursos administrativos e xudiciais que poidan interpoñerse contra os actos e resolucións susceptibles de recurso, así como aos membros dos tribunais cualificadores, Ministerio Fiscal, Valedor do Pobo, Defensor del Pueblo, Tribunal de Cuentas e Consello de Contas, na medida en que sexa necesario para o

exercicio das funcións dos tribunais e das devanditas autoridades públicas.

- Aos concelleiros municipais, cando o reclamen, para o exercicio do seu dereito á información.

c) En ningún caso se transferirán os datos persoais a un terceiro país nin a unha organización internacional.

d) Os datos subministrados conservaranse nos arquivos do concello de forma indefinida, para os únicos efectos da súa conservación conforme co disposto na lexislación sobre arquivos do sector público e na lexislación sobre patrimonio documental cultural.

e) En todo momento, as persoas interesadas poderán solicitarlle á Alcaldía do concello o acceso aos seus datos, así como a súa rectificación, de ser o caso. Poderá solicitarse a limitación do tratamento dos ditos datos, referida á súa publicación, unha vez finalizado o procedemento, sempre que conste a firmeza do acto administrativo que lle poña fin e transcorrese o prazo sinalado na letra c) anterior desta base. Poderá formularse, igualmente, a oposición ao tratamento dos datos, motivada pola situación particular da persoa interesada, nos termos previstos no artigo 21 do Regulamento UE 2016/679. Os dereitos sinalados neste apartado poderán exercerse mediante escrito dirixido á Alcaldía do concello. De conformidade co disposto no artigo 20.3 do Regulamento 11 UE 2016/679, non será de aplicación o dereito á portabilidade dos datos subministrados ao concello neste procedemento.

f) En todo caso, a persoa interesada poderá formular as reclamacións que considere oportunas en relación co tratamento dos seus datos persoais ante a Axencia Española de Protección de Datos.

g) En ningún caso se procederá á adopción de decisións automatizadas nin á elaboración de perfís persoais cos datos subministrados, que non serán obxecto de tratamentos diferentes aos expresamente previstos nesta base.

Octava. Tribunais.

1. O tribunal de selección estará formado por seis membros: Presidencia, catro vogais e secretario/a que actuará con voz pero sen voto. Respetarase a paridade na súa composición de conformidade co establecido no artigo 60 do TRLEBEP e 48 do Decreto lexislativo 2/2015, do 12 de febreiro.

2. As persoas membros do tribunal (titular e suplente) con dereito a voto serán designadas mediante resolución da Alcaldía.

3. Os membros do tribunal estarán suxeitos ás causas de abstención e recusación establecidas na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público. O incidente de recusación poderá formularse en calquera momento do procedemento anterior á data de realización das probas.

4. Os tribunais de selección actuarán con plena autonomía no exercicio das súas funcións

5. O tribunal de selección non poderá constituírse sen a presenza física de máis da metade das persoas que o conformen, sendo en todo caso necesaria a da Presidencia e a da Secretaría. As súas decisións adoptaranse por maioría.

6. Correspóndelle á Presidencia do tribunal acordar as convocatorias das sesións ordinarias e extraordinarias, presidir as sesións, moderar o desenvolvemento dos debates e suspendelos por causas xustificadas, asegurar o cumprimento das leis, dirimir co seu voto os empates nos termos legalmente previstos e as demais que lle outorgue a lexislación vixente.

7. A Secretaría, que intervirá con voz e sen voto, custodiará os exames e actas e elaborará as actas dos acordos. Igualmente, deberá realizar as funcións previstas no artigo 16 e seguintes da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

8. As resolucións do tribunal vinculan á Administración, sen prexuízo de que esta, de ser o caso, poida proceder á súa revisión, conforme co previsto no artigo 106 e seguintes da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. Contra as resolucións, actos do tribunal e os seus actos de trámite cualificados, poderán interpoñerse os recursos que legalmente procedan en dereito.

Novena. Fase previa: exercicio de galego

Os/as aspirantes que non acreditasen o coñecemento de lingua galega con copia do diploma ou certificado que acredite o grao de coñecemento do idioma galego do nivel de iniciación (Celga 2) deberán realizar unha proba de coñecemento da lingua galega conforme á cláusula g) da base cuarta 1, que será única para todas as persoas participantes

Décima. Procesos derivados das disposicións adicionais 6ª e 8ª da Lei 20/2021, do 28 de decembro, das medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público: sistema de concurso.

De conformidade coa disposición adicional sexta da Lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público, as administracións públicas convocarán, con carácter excepcional e de acordo co previsto no artigo 61.6 e 7 do TREBEP, polo sistema de concurso, aquelas prazas que, reunindo os requisitos establecidos no artigo 2.1, estivesen ocupadas con carácter temporal de forma ininterrompida con anterioridade ao 1 de xaneiro de 2016.

Méritos computables:

Participar ou impartir cursos organizados ou homologados polos centros ou servizos de formación das diferentes administracións públicas e universidades, ou os impartidos polas organizacións sindicais ou outras entidades promotoras de accións formativas no marco dos acordos de formación continua para as administracións públicas (AFCAP) e do Acordo de formación para o emprego das administracións públicas (AFEDAP), ou cursos de formación ocupacional impartidos ou homologados polas Administracións Públicas e realizados dentro do Plan de formación e inserción profesional (FIP) ou do Plan de accións formativas dirixidas prioritariamente a desempregados (AFD), e sempre relacionados coas funcións propias da praza á que se aspira

Valoraranse en todas as prazas obxecto da convocatoria, os cursos de formación en materias de carácter transversal, entre outros: os relacionados coa prevención de riscos no ámbito laboral, cos dereitos e deberes dos empregados públicos, igualdade, protección de datos, atención ao cidadán, protección do medio ambiente dende o ámbito laboral e ofimática.

A documentación xustificativa dos méritos valorables deberá presentarse ordenada e numerada.

Só serán tidos en conta os méritos adquiridos con anterioridade á finalización do prazo de presentación de instancias.

Non se valorarán os alegados con posterioridade á finalización do devandito prazo.

No caso de que os documentos achegados non xustifiquen plenamente os méritos alegados, dando lugar a dúbidas ao órgano cualificador, estes non se terán en conta e non serán valorados, nin puntuados.

As certificacións de realización de cursos só se valorarán se constan acreditadas o número de horas de duración destes, en caso contrario obterase a puntuación mínima prevista no baremo de puntuacións por horas establecido.

A cualificación total de cada aspirante será a suma dos diversos apartados da fase de concurso e superará o proceso selectivo aquel opositor que obteñan puntuación suficiente para resultar incluído dentro do número de aspirantes que por orde de puntuación obtida de maior a menor coincida co número de prazas convocadas.

As cualificacións publicaranse na sede electrónica do concello e os interesados dispoñerán dun prazo de dez días hábiles para interpoñer reclamacións contra estas. Unha vez resoltas as reclamacións que puidesen presentarse, o Tribunal publicará as cualificacións definitivas.

Valoraranse na fase de concurso os seguintes méritos:

- a) Experiencia profesional.
- b) Formación e capacitación profesionais.

Con carácter xeral, todos os méritos que aleguen os aspirantes serán valorados conforme cos seguintes criterios:

- Para a experiencia profesional nas administracións públicas, será necesario certificación acreditativa expedido polo secretario ou órgano competente da correspondente Administración onde conste o período e a categoría profesional.

Os méritos relativos aos servizos prestados no Concello de Ribadavia deberán alegarse con indicación dos períodos de prestación de servizos, o que será comprobado polo Departamento de Persoal.

Nos casos de traballadores a tempo parcial, entendendo como tales aqueles cuxa actividade laboral ten unha duración inferior a dos traballadores a tempo completo en situación comparable, ou os que polas características específicas da actividade non se desenvolvan a ano completo, os tempos de experiencia profesional computaranse como a xornada completa ou ano completo.

- Para os cursos e actividades de formación, será necesario presentar título, diploma ou certificación que acredite a realización do curso onde conste a entidade que o imparte ou organiza, a materia e o número de horas lectivas.

- Para as titulacións académicas, será necesario presentar o título correspondente, resguardo de aboamento dos dereitos da súa obtención ou certificación acreditativa expedida polo órgano competente.

- Calquera outra documentación que se estableza nas bases específicas de cada proceso en función doutros méritos para valorar.

As persoas aspirantes que aleguen posuír méritos para valorar na fase de concurso deberán decláralos na solicitude de participación.

Todos os méritos alegados deberán posuírse na data de terminación do prazo de presentación de solicitudes do correspondente proceso selectivo, e non se tomarán en consideración os alegados con posterioridade á data citada.

A documentación acreditativa dos méritos alegados presentárase ordenada e numerada segundo a orde en que se citaron os méritos para participar. As puntuacións que resulten da avaliación dos méritos fixaranse con ata dous decimais.

O resultado da avaliación dos méritos publicárase na sede electrónica do Concello e concederáse un prazo de cinco días para formular as alegacións e reclamacións que os aspirantes estimen pertinentes. Logo de transcorrer o dito prazo, o Tribunal, logo da resolución motivada das alegacións e reclama-



cións presentadas, publicará por esta mesma vía o resultado definitivo da avaliación de méritos.

A experiencia profesional avaliable é aquela que pode ter a consideración de traballo efectivo na situación de servizo activo ou equivalente pero tamén períodos de excedencia por coidado familiares, violencia xénero, servizos especiais e/ou excedencia forzosa, maternidade, paternidade ou equivalente.

Méritos profesionais: 90 puntos

-Servizos prestados no corpo, escala, categoría ou equivalente do concello de Ribadavia en calidade de persoal temporal 1,25 puntos por mes.

- Servizos prestados noutros corpos, escalas, categorías ou equivalentes do concello de Ribadavia en calidade de persoal temporal: 0,31 puntos por mes completo

-Servizos prestados en corpos, escalas, categorías ou equivalentes doutras administracións públicas (distintas do concello de Ribadavia) en calidade de persoal temporal: 0,625 puntos por mes completo.

A puntuación máxima neste apartado será de 90 puntos.

Outros méritos: 10 puntos.

A puntuación máxima neste apartado será de 10 puntos.

a) Formación e capacitacións profesionais:

Por grupos e subgrupos de titulación, a táboa de horas requiridas para acadar a puntuación máxima sería:

Grupo I: 100 horas (0,100 puntos hora)

Grupo II: 80 horas (0,125 puntos hora)

Grupo III: 50 horas (0,200 puntos hora)

Grupo IV :30 horas (0,333 puntos hora)

Grupo V: 10 horas (0,500 puntos hora)

A solicitude irá acompañada do/s certificado/s de servizos prestados a respecto da experiencia alegada nas diferentes administracións públicas e dos títulos que acrediten a formación recibida ou impartida, así como das titulacións académicas e capacitacións profesionais.

Non se aceptará formación non acreditada dentro dos plans e accións formativas aprobadas e xestionadas polas administracións públicas.

Criterios de desempate

1º. Estar ocupando unha das prazas obxecto da convocatoria.

2º. Estar ocupando unha das prazas da mesma categoría que a convocada na administración convocante.

3º. Estar ocupando unha praza de distinta categoría que a convocada na administración convocante.

4º. Antigüidade total acumulada en calquera das Administracións Públicas.

5º. A de maior idade.

Undécima. Procesos derivados do artigo 2 da lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público, sistema de concurso-oposición.

A solicitude irá acompañada do/s certificado/s de servizos prestados a respecto da experiencia alegada nas diferentes administracións públicas e dos títulos que acrediten a formación recibida ou impartida, así como das titulacións académicas e capacitacións profesionais. Non se aceptará formación non acreditada dentro dos plans e accións formativas aprobadas e xestionadas polas administracións públicas.)

A) Fase de concurso:

O tribunal valorará os méritos que alegasen e xustificasen as persoas aspirantes na solicitude e documentación anexa, na seguinte forma, agás cando se sinalen outros baremos nas normas específicas de cada praza

a) Participar ou impartir cursos organizados ou homologados polos centros ou servizos de formación das diferentes administracións públicas e universidades, ou os impartidos polas organizacións sindicais ou outras entidades promotoras de accións formativas no marco dos acordos de formación continua para as administracións públicas (AFCAP) e do Acordo de formación para o emprego das administracións públicas (AFEDAP), ou cursos de formación ocupacional impartidos ou homologados polas administracións públicas e realizados dentro do Plan de formación e inserción profesional (FIP) ou do Plan de accións formativas dirixidas prioritariamente a desempregados (AFD), e sempre relacionados coas funcións propias da praza à que se aspira

Valoraranse os cursos de formación en materias de carácter transversal, entre outros: os relacionados coa prevención de riscos no ámbito laboral, cos dereitos e deberes dos empregados públicos, igualdade, protección de datos, atención ao cidadán, protección do medio ambiente dende o ámbito laboral e ofimática.

Por grupos e subgrupos de titulación, as táboas para a puntuación máxima serían:

Grupo V: 10 horas (0.40 puntos por hora)

A puntuación máxima deste apartado será de 4 puntos.

b) Por cada mes de servizo remunerado, prestado en postos de traballo correspondentes á mesma categoría profesional da praza à que se aspira:

1) 0,50 puntos por servizos prestados no corpo, escala, categoría ou equivalente do concello de Ribadavia , en calidade de persoal temporal

2) 0,25 puntos por servizos prestados no corpo, escala, categoría ou equivalente no resto do sector público, en calidade de persoal temporal.

Os servizos previstos anteriores computaranse ata a data prevista legalmente como último día para presentar instancias.

B) Fase de oposición

Exercicio e cualificación:

Exercicio tipo test: obrigatorio e non eliminatorio. Referiranse ás materias propias de cada praza, segundo o programa anexo. Valoraranse cun máximo de 60 puntos. Os test cualificaranse de forma matemática, asignando puntuación positiva aos acertos e non computando os erros, nin as preguntas deixadas en branco.

O número de preguntas serán: 20

Os exames deberán elaborarse antes de realizarse a proba e tomarase como referencia para súa elaboración o propio temario. Será exixible, no momento da realización das diferentes probas, o coñecemento da normativa en vigor que figure nos diferentes temarios descritos nas bases reguladoras específicas de cada praza. Non serán exixibles as modificacións ou derogacións que se produzan trinta días antes da realización das diferentes probas.

Temario:

Tema 1. Lei 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da comunidade autónoma de Galicia en materia de igualdade: título preliminar, título I, capítulos I e II.

Tema 2. Ferramentas básicas de traballo.

Tema 3. Nocións elementais de carpintería.

Tema 4. Nocións elementais de electricidade.

Tema 5. Nocións elementais de albanería.

Tema 6. Nocións elementais de fontanería.

Tema 7. Nocións básicas sobre tarefas de mantemento, limpeza, reparación, conservación e acondicionamento de equipos.

Tema 8. Operacións aritméticas con números enteiros, decimais e quebrados

Tema 9. Texto refundido da Lei de tráfico: capítulos I, II e III.

Tema 10. Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais: capítulos I, II e III.

Décimo terceira. Cualificación

A puntuación de todos os méritos será a que se exprese nas bases. A cualificación final será a suma dos puntos obtidos na fase de concurso e na fase de oposición.

Décimo cuarta. Prazas que se convocan polo sistema de concurso

(5) auxiliar de axuda no fogar, xornada completa.

Persoal laboral fixo, grupo de clasificación V, prazas correspondentes aos procesos de estabilización de emprego temporal previsto na disposición adicional 6ª e 8ª da Lei 20/2021, sistema concurso. Titulación esixida: cualificación profesional de atención sociosanitaria a persoas en domicilio

Fase de concurso: as normas xerais da cláusula sétima.

A Exercicios: ningún.

B Temario: ningún.

(15) auxiliar de axuda no fogar, xornada parcial.

Persoal laboral fixo, grupo de clasificación V, prazas correspondentes aos procesos de estabilización de emprego temporal previsto na disposición adicional 6ª e 8ª da Lei 20/2021, sistema concurso. Titulación esixida: cualificación profesional de atención sociosanitaria a persoas en domicilio

Fase de concurso: as normas xerais da cláusula sétima.

A Exercicios: ningún.

B Temario: ningún.

(3) traballador/a social. xornada completa

Persoal laboral fixo, grupo de clasificación II, prazas correspondentes aos procesos de estabilización de emprego temporal previsto na disposición adicional 6ª e 8ª da Lei 20/2021, sistema concurso. Titulación esixida: diplomado/ grao, licenciado.

Fase de concurso: as normas xerais da cláusula sétima.

A Exercicios: ningún.

B Temario: ningún.

(1) psicólogo/a. Xornada completa

Persoal laboral fixo, grupo de clasificación II, prazas correspondentes aos procesos de estabilización de emprego temporal previsto na disposición adicional 6ª e 8ª da Lei 20/2021, sistema concurso. Titulación esixida: licenciado/ grao.

Fase de concurso: as normas xerais da cláusula sétima.

A Exercicios: ningún.

B Temario: ningún.

(1) administrativo/a de servizos sociais xornada completa

Persoal laboral fixo, grupo de clasificación III, prazas correspondentes aos procesos de estabilización de emprego temporal previsto na disposición adicional 6ª e 8ª da Lei 20/2021, sistema concurso. Titulación esixida: bacharelato.

Fase de concurso: as normas xerais da cláusula sétima.

A Exercicios: ningún.

B Temario: ningún.

(2) profesor/a de conservatorio. xornada completa (9 meses)

Persoal laboral fixo, grupo de clasificación I, prazas correspondentes aos procesos de estabilización de emprego temporal previsto na disposición adicional 6ª e 8ª da Lei 20/2021, sistema concurso. Titulación esixida: licenciado/ grao ou equivalente para os efectos de docencia.

Fase de concurso: as normas xerais da cláusula sétima.

A Exercicios: ningún.

B Temario: ningún.

(2) profesor/A de conservatorio. xornada completa(12 meses)

Persoal laboral fixo, grupo de clasificación I, prazas correspondentes aos procesos de estabilización de emprego temporal previsto na disposición adicional 6ª e 8ª da Lei 20/2021, sistema concurso. Titulación esixida : licenciado/ grao ou equivalente a efectos de docencia.

Fase de concurso: As normas xerais da cláusula sétima.

A Exercicios: ningún.

B Temario: ningún.

(4) profesor/a de conservatorio. Xornada parcial (9 meses)

Persoal laboral fixo, grupo de clasificación I, prazas correspondentes aos procesos de estabilización de emprego temporal previsto na disposición adicional 6ª e 8ª da Lei 20/2021, sistema concurso. Titulación esixida: licenciado/ grao ou equivalente a efectos de docencia.

Fase de concurso: as normas xerais da cláusula sétima.

A Exercicios: ningún.

B Temario: ningún.

(1) profesor/a de conservatorio. Xornada parcial (12 meses)

Persoal laboral fixo, grupo de clasificación I, prazas correspondentes aos procesos de estabilización de emprego temporal previsto na disposición adicional 6ª e 8ª da Lei 20/2021, sistema concurso. Titulación esixida: licenciado/ grao ou equivalente a efectos de docencia.

Fase de concurso: as normas xerais da cláusula sétima.

A Exercicios: ningún.

Finalidad principal	Tramitación de expedientes administrativos y elaboración de estadísticas sobre aspirantes a procesos selectivos.
Legitimación	Consentimiento
Cesión de datos	Los datos se cederán a otras administraciones. No hay previsión de transferencias a terceros países.
Derechos	Tiene derecho a acceder, rectificar y suprimir los datos, así como cualesquiera otros derechos que les correspondan, tal y como se explica en la información adicional
Información adicional	Puede consultar la información adicional y detallada sobre protección de datos en la siguiente URL www.aepd.es .

Fecha y firma Declaro bajo mi responsabilidad que los datos facilitados son ciertos. _____, _____ de _____ de 20__. El solicitante, o su representante legal, Fdo.: _____
--

Los sucesivos anuncios de esta convocatoria, cuando procedan de conformidad con las bases, se publicarán en el Boletín Oficial de la Provincia. Asimismo, se publicarán en la sede electrónica del este Ayuntamiento (URL: <https://concelloateixeira.sedelectronica.gal>) y en su tablón de edictos.

Contra las presentes bases, que ponen fin a la vía administrativa, se puede interponer alternativamente o recurso de reposición potestativo, en el plazo de un mes, contado desde el día siguiente a la publicación del presente anuncio, ante la Alcaldía de este Ayuntamiento de A Teixeira, de conformidad con los artículos 123 y 124 de la Ley 39/2015, de 1 de octubre, del Procedimiento Administrativo Común de las Administraciones públicas, o recurso contencioso-administrativo, ante el Juzgado de lo Contencioso-Administrativo de Ourense o, a su elección, el que corresponda a su domicilio, si éste radica en Galicia, en el plazo de dos meses, contado desde el día siguiente a la publicación del presente anuncio, de conformidad con el artículo 46 de la Ley 29/1998, de 13 de julio, de la Jurisdicción Contencioso-Administrativa. Si se optara por interponer el recurso de reposición potestativo, no podrá interponer recurso contencioso-administrativo hasta que aquel sea resuelto expresamente o se haya producido su desestimación por silencio. Todo ello sin perjuicio de que pueda ejercitar cualquier otro recurso que estime pertinente.

Vilamartín de Valdeorras

Logo de aprobar por Decreto da Alcaldía de data 9/12/2022 as bases xerais e específicas e a convocatoria excepcional no marco do proceso de estabilización de emprego temporal, para cubrir cinco prazas de persoal laboral mediante o sistema de concurso de valoración de méritos, ábrese o prazo de presentación de solicitudes, que será de 20 días hábiles, que contarán desde o día seguinte ao de publicarse este anuncio no Boletín Oficial do Estado.

As bases xerais, bases específicas e prazas convocadas son as seguintes:

Bases xerais dos procesos selectivos de estabilización para a execución da oferta de emprego público de 2022 do concello de Vilamartín de Valdeorras correspondente a prazas estruturais incursas na disposición adicional 6ª da lei 20/2021, de 28 de decembro de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público.

Primeira. Procedemento de selección

O procedemento de selección réxese polas presentes Bases, polo disposto na Lei 20/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público, no texto refundido da Lei do Estatuto básico do empregado público, aprobado polo Real decreto lexislativo 5/2015, de 30 de outubro; no Regulamento xeral de ingreso do persoal ao Servizo da Administración xeral do Estado, aprobado polo Real decreto 364/1995, de 10 de marzo; na Lei 2/2015, de 19 de abril, do empregado público de Galicia e na Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

De conformidade co establecido na disposición adicional primeira da LMURTEP, non serán de aplicación aos procesos de estabilización previstos no artigo 2 da dita Lei, os artigos 8 e 9 do Real decreto 896/1991, do 7 de xuño, polo que se establecen as regras básicas e os programas mínimos a que debe de axustarse o procedemento de selección dos funcionarios de Administración Local.

No procedemento aplicarase a Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e a Lei 40/2015, de 1 de outubro de réxime xurídico do sector público.

As presentes bases publicaranse integramente no Boletín Oficial da Provincia de Ourense e no taboleiro electrónico da sede electrónica do Concello (Expedientes en exposición pública)

O anuncio da convocatoria no Boletín Oficial do Estado sinalará o BOP no que se teñen publicado as bases e determinará o inicio de prazo de presentación de solicitudes.

Os sucesivos anuncios derivados do desenvolvemento da convocatoria publicaranse na mesma Dirección electrónica municipal.

Este proceso, por unha soa vez e con carácter excepcional, realizarase con carácter xeral con igual valoración dos méritos fixados nestas bases para todas as persoas aspirantes, sen aplicación de quendas para persoas con discapacidade.

Segunda. Prazas obxecto de convocatoria

As prazas vacantes cuxa cobertura rexerese polas presentes bases son as previstas na oferta de emprego público extraordinaria 2022 para a estabilización de emprego temporal, aprobada por Resolución de Alcaldía do 16 de maio de 2022 e de corrección de erros de 18 de maio de 2022.

O número de prazas a estabilizar, a súa denominación e características de acordo co publicado no Boletín Oficial da Provincia N.º 115 da Provincia de Ourense de 21 de maio de 2022 e Diario Oficial de Galicia n.º 101 de 27 de maio de 2022.

Terceira. Solicitudes, prazo e documentación

Solicitudes de inscrición. As solicitudes (anexos I e II) para participar no correspondente proceso de selección nas que as

persoas aspirantes farán constan que reúnen as condicións esixidas nas bases para a praza a que opten, referidas á data de expiración do prazo de presentación, dirixiranse ao alcalde do Concello de Vilamartín de Valdeorras e presentaranse no Rexistro Electrónico da sede electrónica deste Concello ou nalgún dos lugares previsto no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Prazo de presentación das solicitudes será de 20 días hábiles contados a partir do seguinte ao da publicación do anuncio de convocatoria (extracto) no Boletín Oficial del Estado.

As solicitudes de inscrición (Anexo I), en todo caso, acompañaranse da seguinte documentación:

- Anexo II: Declaración responsable.
- Copia do documento nacional de identidade (DNI) ou pasaporte, no seu defecto.
- Copia da titulación esixida ou documento acreditativo do abono das taxas para a expedición do mesmo. No caso de titulacions obtidas no estranxeiro aportarase a documentación acreditativa da súa homologación ou validación.
- Copia do diploma ou certificado que acredite o grao de coñecemento do idioma galego (CELGA) esixido para cada categoría. (No caso de non presentar esta documentación, a persoa interesada deberá realizar unha proba de coñecemento de lingua galega).
- Outra documentación esixida nas bases específicas de cada praza.
- No seu caso, copia do certificado de discapacidade.
- Índice e copia da documentación achegada para o concurso de méritos.

Carta. Requisitos dos aspirantes

Para ser admitido neste proceso extraordinario de estabilización de emprego, os e as aspirantes deberán reunir os seguintes requisitos, sen prexuízo do que establezan as respectivas bases específicas:

1. Ter a nacionalidade española, sen prexuízo do disposto no artigo 57 do TREBEP, respecto do acceso ó emprego público de nacionais doutros Estados.
2. Ter cumpridos os dezaseis anos de idade e non superar, no seu caso, a idade máxima de xubilación forzosa.
3. Posuír ou estar en condición de obter a titulación esixida nas bases específicas para o día en que remate o prazo de presentación de instancias.
4. Posuír capacidade funcional; non padecer enfermidade nin estar afectado por limitación física ou psíquica incompatible co desempeño das correspondentes funcións, sen prexuízo de que sexan admitidas as persoas con diversidade funcional en igualdade de condición que as demais aspirantes.
5. Non estar separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera Administración Pública ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ó corpo ou escala de funcionario/a, ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso do persoal laboral, no que estivese separado/a ou inhabilitado/a. No caso de ser nacional doutro estado, non atoparse inhabilitado/a ou en situación equivalente nin ser sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ó emprego público.
6. Posuír un certificado acreditativo do nivel de coñecemento da lingua galega correspondente a cada praza a estabilizar, que se concretará nas bases específicas.



Os aspirantes que non o acrediten deberán superar unha proba oral cunha duración máxima dunha hora que garanta a capacidade de comunicación en galego coa cidadanía en ningún caso computará como mérito e que se realizará Para os efectos de garantir o dereito de participar no proceso selectivo de estabilización para aquelas persoas que non posúiran o título acreditativo de galego con anterioridade á convocatoria.

Para tales efectos, estas persoas deberán sinalar na súa solicitude de participación no dito proceso selectivo esta circunstancia. A proba de coñecemento de lingua galega realizarase antes do concurso de méritos e cualificarase como apta ou non apta.

No caso de que esta proba de coñecemento non puntuable sexa cualificada como non apta, a persoa candidata será excluída do proceso de selección.

7. Cumprir os demais requisitos esixidos para o ingreso nas respectivas bases específicas.

Todos os requisitos sinalados no apartado anterior deberán posuílos os aspirantes o día que remate o prazo para presentar as solicitudes e conservalos na data do seu nomeamento como funcionario de carreira ou persoal laboral fixo.

Quinta. Admisión dos aspirantes

Unha vez concluído o prazo de presentación de solicitudes, a Alcaldía do Concello no prazo de un mes, mediante Resolución, aprobará o listado provisional de aspirantes admitidos e excluídos, neste suposto especificarase a causa de exclusión.

Contra a dita Resolución poderase presentar reclamación no prazo dos 10 días seguintes; as reclamacións, se as houbera, serán resoltas na Resolución da Alcaldía na que se aproben as listas definitivas que será obxecto de publicación na páxina web municipal e no Taboleiro Electrónico de Edictos

Os aspirantes que no prazo sinalado non emendasen o defecto que motivou a súa exclusión ou non presentasen reclamación xustificando o seu dereito de inclusión na relación de admitidos serán excluídos do proceso.

No suposto de non presentarse reclamacións o listado provisional entenderase definitivo; esta circunstancia farase constar na Resolución de aprobación do listado provisional.

Na mesma Resolución na que se faga pública a relación definitiva de aspirantes admitidos e excluídos constará a composición do Tribunal e o lugar, data e hora de constitución do Tribunal.

Contra a resolución poderase interpoñer recurso de reposición no prazo dun mes, a partir do día seguinte o de súa publicación no taboleiro electrónico, ou recurso Contencioso-Administrativo no prazo de dous, a partir do día seguinte á publicación.

O feito de figurar na relación de persoas admitidas non prexulga que se lles recoñeza ás persoas interesadas, con carácter definitivo, a posesión dos requisitos esixidos no procedemento que se convoca. Cando da documentación que debe presentarse, no caso de superar o proceso selectivo, se desprenda que non posúen algún dos requisitos, as persoas interesadas decaerán en todos os dereitos que puidesen derivar da súa participación no procedemento.

Sexta. Tribunal cualificador

1. Estará constituído por un número impar de membros, non inferior a cinco, e deberán designarse o mesmo número de membros suplentes, sendo a súa composición a seguinte:

- Presidencia: persoa designada polo órgano municipal competente en materia de persoal, entre persoal funcionario de carreira ou persoal laboral fixo.

- Vogais: tres vocais, persoas designadas polo órgano competente, entre persoal funcionario de carreira ou persoal laboral fixo.

- Secretaría: persoal funcionario ou funcionaria de carreira designado polo órgano competente.

- Designarase o mesmo número de membros suplentes. Todos os membros terán voz e voto.

2. A composición do Tribunal será técnica e os membros deberán posuír titulación ou especialización igual ou superior á das prazas convocadas.

Para a válida constitución do tribunal ou tribunais, para os efectos da realización de sesións, deliberacións e toma de acordos, requirirase a presenza da Presidencia e Secretaría ou, no seu caso, de quen os/as substitúan, e polo menos un dos vogais.

3. Tódalas dúbidas e incidencias que xurdan sobre a aplicación das normas das bases da convocatoria, serán resoltas polo Tribunal por maioría de votos das persoas asistentes á sesión, decidindo en caso de empate o voto da Presidencia.

4. Tamén determinará a actuación procedente nos casos non previstos nas mesmas. O Tribunal velará sempre porque se respecte o anonimato dos e as aspirantes, excepto nas probas en que non sexa posible. O Tribunal cualificador actuará con suxeición ao disposto nas Leis 39/2015, do procedemento administrativo común das administracións públicas, e 40/2015, de réxime xurídico do sector público, e demais disposicións vixentes.

5. Na acta da sesión de constitución do Tribunal poderá acordarse que os membros titulares e suplentes dos mesmos actúen de forma indistinta.

6. O Tribunal cualificador terán a categoría que corresponda ao grupo do corpo ou Escala/subescala que se convoque, de acordo con o disposto no artigo 30 do Real decreto 462/2002, do 24 de maio, sobre indemnizacións por razón de servizo.

7. Non poderán formar parte dos tribunais de selección de persoal funcionario ou laboral fixo, o persoal de elección ou designación política, os altos cargos, os funcionarios interinos, o persoal eventual, nin o persoal laboral temporal. A pertenza aos Tribunais ou Órganos de Selección, será sempre a título individual, non podendo ostentarse en representación ou por conta de ningún.

8. Os Tribunais de Selección deberán axustarse aos principios de imparcialidade e profesionalidade dos seus membros, e tenderán, na súa composición, á paridade entre homes e mulleres, en cumprimento do establecido no artigo 53 da Lei Orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes, e no artigo 60.1 do texto refundido da Lei do Estatuto básico do empregado público, aprobado polo Real decreto lexislativo 5/2015, do 30 de outubro.

9. O Tribunal ou tribunais poderán dispoñer a incorporación de persoal técnico especialista para as probas e cos labores que estimen pertinentes, limitándose a prestar a súa colaboración nas súas especialidades técnicas.

10. Os membros do Tribunal deberán absterse de intervir cando neles concorran algunha circunstancia das previstas no artigo 23 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, ou realizasen tarefas de preparación de aspirantes a probas selectivas análogas nos cinco anos anteriores á publicación desa convocatoria.

A abstención e recusación dos/as membros do Tribunal será de conformidade cos artigos 23 e 24 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

11. O Tribunal cualificador adoptará as medidas precisas naqueles casos en que resulte necesario, de forma que os e as aspirantes con minusvalías gocen de similares condicións para a realización dos exercicios que o resto das persoas candidatas. Neste sentido, estableceranse, para as persoas con discapacidade que o soliciten, as adaptacións de tempo e medios para a súa realización.

Sétima. Sistema de selectivo: concurso de méritos (disposición adicional 2ª e 6ª)

O sistema selectivo para as prazas de temporal por longa duración que cumpran os requisitos que establecen as disposicións adicionais 6ª e 8ª da Lei 20/2021, de 28 de decembro, o será, con carácter excepcional e por unha soa vez, o de concurso de méritos que consistirá na valoración dos méritos acreditados polas persoas aspirantes conforme o seguinte baremo:

1.- Experiencia profesional. Puntuación máxima: 90,00 puntos.

Valoraranse os servizos efectivos prestados ata a data de publicación no BOE desta convocatoria conforme o seguinte baremo:

- a) Servizos efectivos prestados no Concello de Vilamartín de Valdeorras no mesmo corpo, escala ou equivalente á categoría da praza obxecto de selección en calidade de persoal laboral temporal: 0,94 puntos por mes.

- b) Servizos efectivos prestados no Concello de Vilamartín de Valdeorras noutros corpos, escalas ou categorías equivalentes en calidade de persoal laboral temporal: 0,22 puntos mes.

- c) Servizos efectivos prestados en corpos, escalas, categorías ou equivalentes doutras administracións públicas (distinta da entidade convocante) en calidade de persoal laboral temporal: 0,30 puntos mes.

- d) Servizos efectivos prestados no resto do sector público en calidade de persoal temporal: 0,15 por mes.

Non computarán os servizos prestados en réxime de persoal eventual, os prestados en asignación de funcións ou asignación de tarefas nin en comisión de servizos voluntaria por persoal procedente doutras administracións públicas; neste suposto computaranse os servizos como prestados na Administración de orixe.

2. Méritos académicos. Máximo 10,00 puntos.

Formación e capacitacións profesionais:

Valoraranse a realización de cursos homologados polas diferentes Administracións Públicas, ou outras entidades do sector público, ou os realizados no ámbito da formación para o emprego ou os acordos da formación continua cuxo contido estea directamente relacionado coas funcións propias da praza obxecto da convocatoria, e os considerados transversais polo seu interese para todos os postos como os de coñecemento da lingua galega, os relacionados coa prevención, cos dereitos e deberes dos empregados públicos, coa igualdade de xénero, a protección de datos, atención ao cidadán, a protección do medio ambiente dende o ámbito laboral e os de contido ofimática entre outros.

A acreditación da realización dos cursos realizarase mediante copia simple dos títulos, diplomas ou certificación de superación dos cursos. Non se valorarán os cursos nos que no xustificante da súa acreditación (título, diploma ou similar) non conste as datas de realización nin as horas de duración.

Por grupos e subgrupos de titulación valoraranse os cursos conforme a seguinte escala:

Grupo A1 ou categoría laboral equivalente: 0,100 puntos por hora.

Grupo A2 ou categoría laboral equivalente: 0,125 puntos por hora.

Grupo B ou categoría laboral equivalente: 0,200 puntos por hora.

Grupo C1 ou categoría laboral equivalente: 0,333 puntos por hora.

Grupo C2 ou categoría laboral equivalente: 0,500 puntos por hora.

Grupo AP ou categoría laboral equivalente: 1,000 puntos por hora.

Titulación superior a requirida para o acceso a convocatoria da praza: Máximo 0,10 puntos.

A súa acreditación da formación recibida ou impartida, así como das titulacións académicas ou capacitación profesionais realizarase mediante aportación coa solicitude (Anexo I) dos títulos que o acrediten ou co resguardo de ter satisfeito os dereitos para a súa expedición, ou mediante certificación expedida pola Secretaría da Universidade ou Administración Pública correspondente.

Oitava. Acreditación dos servizos prestados

Certificados de servizos prestados nas administracións públicas/entes do sector público ou contratos de traballo e informe de vida laboral.

Novena. Listado de aprobados.

Concluída a valoración de méritos o Tribunal publicará no taboleiro electrónico do Concello a relación de aspirantes na orde de puntuación alcanzada e elevará o órgano competente a proposta de nomeamento dos aspirantes seleccionados en número non superior o de prazas convocadas.

Décima. Criterios de desempate

En caso de empate na puntuación obtida terá preferencia o/a aspirante con maior puntuación no apartado 1) experiencia profesional, na seguinte orde: 1.a); 1.b) e 1.c)

Décimo primeira. Presentación documentación

No prazo de vinte días naturais contado desde o seguinte a aquel no que se faga pública a lista das puntuacións obtidas os aspirantes seleccionados presentarán nos Servizos Centrais do Concello os seguintes documentos:

- Certificado ou informe médico actualizado (como un máximo de 3 meses de antigüidade) acreditativo de que non se padece enfermidade ou defecto físico ou psíquico que impida o desenvolvemento das funcións ou tarefas correspondentes ao posto de traballo ao que se opta.

- Declaración xurada de non haber sido separado, mediante expediente disciplinario, do servizo de ningunha Administración Pública ou dos órganos constitucionais do Estado ou das Comunidades Autónomas nin estar inhabilitado/a para empregos ou cargos públicos.

- Declaración responsable de que a persoa proposta non está incurso nos supostos de incompatibilidades previstas na lexislación vixente.

- Documentación acreditativa do cumprimento dos restantes requisitos esixidos na convocatoria.

Décimo segunda. Adxudicación de postos

Quen dentro do prazo fixado, e salvo caso de forza maior, non presentase a documentación, ou do exame da mesma dedúcese que carece de algún dos requisitos sinalados nas Bases, non poderá ser contratado ou nomeado/a funcionario/a, quedando anuladas as actuacións sen prexuízo da responsabilidade que proceda.

As persoas aspirantes nomeadas deberán tomar posesión no prazo máximo dun mes contado a partir da publicación do



nomeamento no Boletín Oficial da Provincia e se non o fixesen dentro do prazo sinalado, sen causa xustificada, perderán a condición de persoal funcionario e/ou laboral e todos os dereitos adquiridos en virtude do nomeamento.

Unha vez formalizado o contrato de traballo, no caso do persoal laboral fixo, comunicárase á oficina pública de emprego que corresponda, no prazo dos dez días seguintes á súa concertación; así mesmo, deberase informar á representación legal dos traballadores, mediante entrega dunha copia básica dos contratos realizados.

Décimo terceira. Constitución e funcionamento de bolsa de emprego

Prevese para aquelas persoas que non superen o proceso selectivo, a súa inclusión en bolsas de persoal laboral temporal.

Os chamamentos realizaranse respectando a orde de prelación que virá determinado pola suma da puntuación obtida que se estableza na convocatoria da bolsa correspondente.

A renuncia inicial ó nomeamento ou á oferta de traballo, ou a renuncia durante a vixencia do contrato, non dará lugar á exclusión da bolsa, pero ocasionará un cambio de lugar do posto, dentro da mesma, pasando a ocupar o último posto como integrante da bolsa.

Son causas que xustifican a renuncia ó nomeamento ou a á oferta de traballo e que implican o mantemento na mesma posición dentro da bolsa as seguintes:

- Estar en situación de ocupado, prestando servizos no Concello como persoal contratado, en calquera das formas admitidas en dereito, laboral ou funcionario interino.
- Estar en situación de suspensión por accidente, baixa por enfermidade, intervención cirúrxica, internamento hospitalario, maternidade, embarazo de alto risco ou asimiladas, ou enfermidade grave que impida a asistencia ao traballo, sempre que se acredite debidamente.
- Exercicio de cargo público representativo que imposibilite a asistencia ao traballo.

As persoas incluídas na lista da garda terán que presentar datos persoais suficientes que permitan a súa pronta localización, e serán responsables de que estean actualizados en todo momento.

Unha vez realizado o intento de localización por medio da comunicación telefónica, se non fose posible o contacto en 24 horas, acudirase á persoa seguinte, e entenderase rexeitada a oferta de traballo. Realizaranse un mínimo de tres intentos de contacto entre as 9:00 e as 15:00 horas.

Quedarán anotación escrita do que se indica neste número no servizo correspondente e remitirase de xeito inmediato un informe escrito á secretaría do concello para coñecemento e constancia.

A persoa integrante da lista da garda que reciba a proposta de oferta de traballo, nos termos descritos anteriormente deberá aceptala ou rexeitala, nun período máximo de 48 horas e presentar a acreditación dos requisitos, agás por circunstancias excepcionais ou de forza maior.

Esta listaxe de agarda terá una vixencia de 3 anos.

Décimo carta. Compensación económica

O persoal funcionario interino ou persoal laboral temporal que, estando en activo como tal, vise finalizada a súa relación coa administración pola non superación dos procesos selectivos de estabilización corresponderalle una compensación económica equivalente a 20 días de retribucións fixas por ano de servizo, rateándose por meses ou períodos de tempo inferiores a un ano, ata un máximo de 12 mensualidades.

Décimo quinta. Datos de carácter persoal

En cumprimento coa actual normativa de Protección de Datos de Carácter Persoal, en relación ao tratamento dos datos persoais.

1.- Responsable de tratamento.

O responsable de tratamento dos datos persoais é o Concello de Vilamartín de Valdeorras, con enderezo avda. da Constitución, 8, 32340 - Vilamartín de Valdeorras (Ourense); concello.vilamartin@eidolocal.es.

2.- Dpo: O delegado de Protección de Datos do Concello de Vilamartín de Valdeorras é Servicios de Adaptación Continua en Protección de Datos RB, S.L. Pódese contactar na dirección de mail: concello.vilamartin@eidolocal.es.

3.- Finalidade

O acceso á condición de persoal laboral de Concello de Vilamartín de Valdeorras efectuarase de conformidade coa oferta de emprego público, mediante unha convocatoria pública e a través de calquera sistema contemplado na normativa vixente, sexa concurso, concurso-oposición ou oposición libre, nos que se garantirá, en todo momento, o cumprimento dos principios constitucionais de igualdade, mérito e capacidade, así como o de publicidade.

4.- Lexitimación

A base legal para o tratamento dos datos é o consentimento que outorga mediante a súa presentación e inscrición na convocatoria referida nas presentes bases.

5.- Destinatarios de cesións

O Concello de Vilamartín de Valdeorras no proceso de selección non cederá os datos persoais a ningunha entidade, salvo para dar cumprimento a unha obriga legal.

6.- dereitos

Por último, informámoslle dos dereitos en materia de protección de datos.

- Dereito a solicitar o acceso aos datos persoais.
- Dereito a solicitar a súa rectificación ou supresión.
- Dereito a solicitar a limitación do seu tratamento, e a opoñerse ao tratamento
- Dereito á portabilidade dos datos

Para exercer os dereitos non ten máis que realizar unha solicitude por escrito e acompañala dunha copia do seu DNI.

O Concello de Vilamartín de Valdeorras dispón de formularios adecuados respecto diso. Non ten máis que solicitalos ou ben presentar o seu propio escrito nas dependencias de Concello de Vilamartín de Valdeorras, Avda da Constitución, 8, 32340 - Vilamartín de Valdeorras (Ourense); concello.vilamartin@eidolocal.es ou nalgún dos lugares previstos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas

Décimo sexta. Recursos

Contra a presente convocatoria poderase interpoñer con carácter potestativo recurso de reposición ante a Alcaldía do Concello no prazo do mes seguinte o día da súa publicación no BOP ou recurso contencioso administrativo ante os Xulgados do Contencioso- Administrativo da cidade de Ourense, de conformidade co disposto na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e na Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

No caso de interpoñer recurso de reposición non poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se haxa producido a desestimación presunta do mesmo.



Anexo I
Modelo de solicitude

Proceso de selección para estabilización do emprego temporal (LEI 20/2021)

D/D^a _____ con DNI _____

e domicilio en, _____

C.P. _____, teléfono _____ e correo electrónico _____

Medio de notificación: (escollerase o medio de notificación; preferentemente electrónico)

- Notificación electrónica: _____

- Notificación postal: _____

EXPOÑO:

Que reúno os requisitos esixidos na base cuarta das bases xerais reguladoras do concurso de méritos convocado para estabilización do emprego temporal de _____ praza/s na categoría de _____ (indicar a praza á que opta) no Concello de Vilamartín de Valdeorras.

Baixo a miña única responsabilidade, acepto na súa totalidade e sométome ás bases reguladoras do concurso.

Achego a documentación sinalada na base terceira:

- Anexo II Declaración responsable.
- Copia do documento nacional de identidade (DNI) ou pasaporte, no seu defecto.
- Copia da titulación esixida nas bases específicas.
- Copia do título Celga esixido nas bases específicas.
- Outra documentación esixida nas bases específicas : _____
- No seu caso, copia de certificado de discapacidade.
- Índice e copia da documentación acreditativa dos méritos alegados (anexo III)

SOLICITO:

Ser admitido/a no procedemento convocado polo Concello de Vilamartín de Valdeorras.

Data e sinatura



Anexo II
Declaración responsable

D/D^a. _____, con DNI n.º _____
e domicilio para os efectos de notificacións en _____, desexa formar parte do proceso de selección para a praza de _____ que o Concello de Vilamartín de Valdeorras convoca dentro do proceso de estabilización do emprego temporal do Concello de Vilamartín de Valdeorras, conforme á Lei 20/2021, de 28 de decembro.

DECLARA BAIXO A SÚA RESPONSABILIDADE

1º. Que cumpre cos requisitos esixidos nas bases reguladoras para a estabilización do persoal laboral temporal do Concello de Vilamartín de Valdeorras:

1. Ter nacionalidade española ou algunha outra que, conforme o disposto no artigo 52 da Lei de emprego público de Galicia, permita o acceso ao emprego público.
2. Ter cumpridos os 16 anos de idade e non superar, no seu caso, a idade máxima de xubilación forzosa.
3. Posuír ou estar en condición de obter a titulación esixida nas bases xerais e/ou específicas antes do remate do prazo de presentación de instancias.
4. Que posúe a capacidade funcional para o desempeño das funcións que se deriven do posto para desempeñar, e que non padece enfermidade nin está afectado/a por limitación física ou psíquica incompatible co desempeño das funcións do posto.
5. Que posúe habilitación, e non estar separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera Administración Pública ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ó corpo ou escala de funcionario/a, ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso do persoal laboral, no que estivese separado/a ou inhabilitado/a. No caso de ser nacional doutro estado, non atoparse inhabilitado/a ou en situación equivalente nin ser sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ó emprego público.

2º. Que os datos que figuran na instancia así como na documentación achegada e nos respectivos modelos para o proceso son veraces, e que o Tribunal ou órgano competente do Concello poderán requirir os que foran obxecto de valoración, ou calquera outro preciso, en calquera momento durante o proceso, e que poden achegalos en calquera momento para a súa verificación.

3º.- Entendo, acepto e acato as bases xerais e bases específicas reguladoras na presente oferta extraordinaria de emprego, e convocatorias específicas para cada unha das prazas ofertadas.

Asinado:

A persoa interesada



Anexo I

Bases específicas da convocatoria excepcional do concurso libre de méritos para estabilización do emprego temporal e ingreso nunha praza estrutural vacante do Concello de Vilamartín de Valdeorras de persoal laboral fixo na categoría de traballador/a social incurso nos supostos das disposicións adicionais sexta e oitava da Lei 20/2021, de 28 de decembro. (estabilización de emprego temporal de longa duración). Acceso libre, mediante concurso de méritos

Primeira. Obxecto da convocatoria

En execución do proceso de estabilización de emprego temporal previsto no artigo 2 da Lei 20/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público, as presentes bases regulan a convocatoria específica de acceso libre, polo sistema de concurso de méritos, para o ingreso como persoal laboral fixo na seguinte praza estrutural e vacante existente no Concello de Vilamartín de Valdeorras:

Número de prazas: 1

Denominación: Traballador/a social

Xornada completa

A praza obxecto da presente convocatoria está incluída na Oferta de Emprego Público extraordinaria de estabilización de emprego temporal do Concello de Vilamartín de Valdeorras publicada no BOP n.º115 da Provincia de Ourense de 21 de maio de 2022.

O persoal que se vai seleccionar nesta convocatoria desenvolverá as funcións que para esta praza se describen a continuación e aquelas que se lle poidan encomendar polos órganos municipais competentes dentro do seu grupo/categoría de clasificación:

Asumir a atención primaria no eido dos servizos sociais, dentro do marco competencial atribuído ás administracións locais pola normativa de referencia.

Elaborar programas de actuación e intervención social.

Investigar e avaliar necesidades e situacións sociais.

Realizar seguimento de casos e visitas domiciliarias.

Coordinación e supervisión do servizo de axuda no fogar do Concello.

Asesoramento na xestión e tramitación de axudas económicas propias deste eido competencial.

Realizar as funcións propias do posto de traballador social, emitindo informes dentro do seu eido competencial.

Elaborar pregos técnicos e valoración das ofertas correspondentes a súa área de traballo.

Supervisar o correcto cumprimento dos contratos relacionados coa súa área de traballo.

Asistir as diferentes comisións ou reunións con outras institucións e/ou entidades privadas, relacionadas co seu ámbito de traballo.

Formar parte das mesas de contratación e dos procesos selectivos relacionados co seu ámbito de traballo cando se requira.

Colaborar e participar puntualmente noutros programas e proxectos propios dos departamentos e no eido da súa capacitación profesional.

Calquera outra propia da súa capacitación profesional e vinculada co eido competencial no que se integra.

Segunda. Requisitos das persoas aspirantes.

As persoas interesadas en participar no concurso de estabilización de emprego temporal reunirán, na data na que finalice o prazo de presentación de solicitudes, os seguintes requisitos:

Estar en posesión, ou en condicións de obter na data de finalización do prazo de presentación de solicitudes, o título universitario oficial de diploma/grao en Traballo Social ou equivalente.

Cando se aleguen equivalencias de títulos achegarse no seu día certificado para o efecto da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades.

No caso de titulacións obtidas no estranxeiro deberase estar en posesión da correspondente validación ou da credencial que acredite a homologación.

Ter a nacionalidade española ou cumprir os requisitos establecidos no artigo 57 do Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, no suposto de acceso ao emprego público de nacionais doutros Estados.

Posuír a capacidade funcional para o desempeño das tarefas.

Ter cumpridos dezaseis anos e non exceder da idade máxima de xubilación forzosa.

Non ser separado/a mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos Organismos Constitucionais ou Estatutarios das Comunidades Autónomas nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial.

No caso de ser nacional doutro Estado, non atoparse inhabilitado/a ou en situación equivalente nin sometido/a a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso o emprego público.

Acreditar o coñecemento da lingua galega mediante a posesión do certificado acreditativo do CELGA 4 ou equivalente homologado segundo o disposto na Orde 16 de xullo de 2007, pola que se regulan os certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega.

A dita acreditación do coñecemento de lingua galega realizarase de conformidade ao previsto na normativa de aplicación; conforme co Sistema de Certificación de Lingua galega (CELGA) actualmente vixente, ou as súas certificacións equivalentes, debidamente homologadas polo órgano competente en materia de política lingüística da Xunta de Galicia (nos termos do previsto na Orde do 16 de xullo de 2007, e Orde do 10 de febreiro de 2014, que modifica a anterior, ao respecto dos certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento de lingua galega).

En todo caso, e conforme co previsto no artigo 51.2 da Lei do emprego público de Galicia, os/as aspirantes que non acrediten o dito coñecemento da lingua galega, ou estar en condicións de obtelo dentro do prazo de presentación de solicitudes, deberán realizar unha proba oral específica de coñecemento de lingua galega.

Terceira. Sistema de selección.

O sistema selectivo para as prazas de persoal laboral temporal de longa duración que cumpran os requisitos que establecen as disposicións adicionais 6ª e 8ª da Lei 20/2021, de 28 de decembro, o será, con carácter excepcional e por unha soa vez, o de concurso de méritos que consistirá na valoración dos méritos acreditados polas persoas aspirantes conforme o seguinte baremo:

Experiencia profesional. Puntuación máxima: 90,00 puntos.

Valoraranse os servizos efectivos prestados ata a data de publicación no BOE desta convocatoria conforme o seguinte baremo:

▪ Servizos efectivos prestados no Concello de Vilamartín de Valdeorras no mesmo corpo, escala ou equivalente á categoría da praza obxecto de selección en calidade de persoal laboral temporal: 0,94 puntos por mes.

▪ Servizos efectivos prestados no Concello de Vilamartín de Valdeorras noutros corpos, escalas ou categorías equivalentes en calidade de persoal laboral temporal: 0,22 puntos mes.

▪ Servizos efectivos prestados en corpos, escalas, categorías ou equivalentes doutras administracións públicas (distinta da entidade convocante) en calidade de persoal laboral temporal: 0,30 puntos mes.

▪ Servizos efectivos prestados no resto do sector público en calidade de persoal temporal: 0,15 por mes.

Non computarán os servizos prestados en réxime de persoal eventual, os prestados en asignación de funcións ou asignación de tarefas nin en comisión de servizos voluntaria por persoal procedente doutras administracións públicas; neste suposto computaranse os servizos como prestados na Administración de orixe.

Méritos académicos. Máximo 10,00 puntos.

Formación e capacitacións profesionais:

Valoraranse a realización de cursos homologados polas diferentes Administracións Públicas, ou outras entidades do sector público, ou os realizados no ámbito da formación para o emprego ou os acordos da formación continua cuxo contido esté directamente relacionado coas funcións propias da praza obxecto da convocatoria, e os considerados transversais polo seu interese para todos os postos como os de coñecemento da lingua galega, os relacionados coa prevención, cos dereitos e deberes dos empregados públicos, coa igualdade de xénero, a protección de datos, atención ao cidadán, a protección do medio ambiente dende o ámbito laboral e os de contido ofimático entre outros.

Os cursos valoraranse da seguinte maneira:

▪ 0,125 puntos por hora.

Titulación superior á requirida para o acceso a convocatoria da praza: Máximo 0,10 puntos.

A súa acreditación da formación recibida ou impartida, así como das titulacións académicas ou capacitación profesionais realizarase mediante achega coa solicitude (Anexo I) dos títulos que o acrediten ou co resguardo de ter satisfeito os dereitos para a súa expedición, ou mediante certificación expedida pola Secretaría da Universidade ou Administración Pública correspondente.

Anexo II

Bases específicas para o ingreso como persoal laboral fixo no Concello de Vilamartín de Valdeorras dunha praza de oficial fontaneiro, incluída na oferta de emprego público do ano 2022 (taxa de estabilización de emprego temporal prevista nas disposicións adicionais sexta e oitava da Lei 20/2021, de 28 de decembro de estabilización de emprego temporal de longa duración), acceso libre, mediante concurso de méritos

Primeira. Obxecto da convocatoria

En execución do proceso de estabilización de emprego temporal previsto no artigo 2 da Lei 20/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público, as presentes Bases regulan a convocatoria específica de acceso libre, polo sistema de concurso de méritos, para o ingreso como persoal laboral fixo na seguinte praza estrutural e vacante existente no Concello de Vilamartín de Valdeorras:

Número de prazas: 1

Denominación: oficial fontaneiro

Xornada completa

A praza obxecto da presente convocatoria está incluída na oferta de emprego público extraordinaria de estabilización de

emprego temporal do Concello de Vilamartín de Valdeorras publicada no BOP n.º115 da Provincia de Ourense de 21 de maio de 2022.

O persoal que se vai seleccionar nesta convocatoria desenvolverá as funcións que para esta praza se describen a continuación e aquelas que se lle poidan encomendar polos órganos municipais competentes dentro do seu grupo/categoría de clasificación:

Mantemento dos sistemas de saneamento e abastecemento municipais, incluíndo a súa ampliación e control de fugas.

Instalación/retirada de contadores.

Control estado dos depósitos.

Realizar obras no ámbito do abastecemento e saneamento.

Calquera outra actuación relativa ás redes de abastecemento e saneamento, a súa ampliación e mantemento, que non se mencionou máis arriba.

Realizar múltiples tarefas de mantemento e acondicionamento de espazos, infraestruturas e vías públicas municipais, propias da súa cualificación profesional, no marco das competencias asumidas pola unidade, e baixo a directa supervisión do alcalde ou persoa en quen delegue.

Realizar pequenas obras, baixo as directrices xerais dos postos técnicos e coa supervisión dos seus superiores.

Manexar a maquinaria utilizada para o desenvolvemento dos traballos propios da unidade, así como asumir o mantemento básico da mesma.

Colaborar na realización das restantes funcións asumidas pola unidade e que entren dentro da súa capacitación profesional.

Prestar colaboración, por necesidade do servizo, nas funcións asumidas pola unidade de medio ambiente, medio rural, parques, xardíns e limpeza viaria, que entren dentro da súa capacitación profesional.

Velar polo perfecto estado de conservación das instalacións municipais (internas ou externas) dando conta o seu responsable de calquera incidencia que poida xurdir.

Realizar operacións de carga e descarga de material.

Cumprir coa normativa vixente en relación coa prevención de riscos laborais.

Calquera outra propia da súa capacitación profesional e vinculada co eido competencial no que se integra.

Segunda. Requisitos das persoas aspirantes.

As persoas interesadas en participar no concurso de estabilización de emprego temporal reunirán, na data na que finalice o prazo de presentación de solicitudes, os seguintes requisitos: Graduado escolar ou equivalente.

Ter a nacionalidade española ou cumprir os requisitos establecidos no artigo 57 do texto refundido da Lei do Estatuto básico do empregado público, no suposto de acceso ao emprego público de nacionais doutros Estados.

Estar en posesión dos permisos de conducir tipos: B, C.

Posuír a capacidade funcional para o desempeño das tarefas.

Ter cumpridos 16 anos e non exceder da idade máxima de xubilación forzosa.

Non ser separado/a mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos Organismos Constitucionais ou Estatutarios das Comunidades Autónomas nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial.

No caso de ser nacional doutro Estado, non atoparse inhabilitado/a ou en situación equivalente nin sometido/a a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso o emprego público.



Acreditar o coñecemento da lingua galega mediante a posesión do certificado do CELGA 2 ou equivalente homologado segundo o disposto na Orde 16 de xullo de 2007, pola que se regulan os certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega.

A acreditación do coñecemento de lingua galega realizarase de conformidade ao previsto na normativa de aplicación; conforme co sistema de certificación de lingua galega (CELGA) actualmente vixente, ou as súas certificacións equivalentes, debidamente homologadas polo órgano competente en materia de política lingüística da Xunta de Galicia (nos termos do previsto na Orde de 16 de xullo de 2007, e Orde de 10 de febreiro de 2014, que modifica a anterior, ao respecto dos certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento de lingua galega).

En todo caso, e conforme co previsto no artigo 51.2 da Lei do emprego público de Galicia, os/as aspirantes que non acrediten o dito coñecemento da lingua galega, ou estar en condicións de obtelo dentro do prazo de presentación de solicitudes, deberán realizar unha proba oral específica de coñecemento de lingua galega.

Terceira. Sistema de selección.

O sistema selectivo para as prazas de temporal por longa duración que cumpran os requisitos que establecen as disposicións adicionais 6ª e 8ª da Lei 20/2021, de 28 de decembro, o será, con carácter excepcional e por unha soa vez, o de concurso de méritos que consistirá na valoración dos méritos acreditados polas persoas aspirantes conforme o seguinte baremo:

Experiencia profesional. Puntuación máxima: 90,00 puntos.

Valoraranse os servizos efectivos prestados ata a data de publicación no BOE desta convocatoria conforme o seguinte baremo:

- Servizos efectivos prestados no Concello de Vilamartín de Valdeorras no mesmo corpo, escala ou equivalente á categoría da praza obxecto de selección en calidade de persoal laboral temporal: 0,94 puntos por mes.
- Servizos efectivos prestados no Concello de Vilamartín de Valdeorras noutros corpos, escalas ou categorías equivalentes en calidade de persoal laboral temporal: 0,22 puntos mes.
- Servizos efectivos prestados en corpos, escalas, categorías ou equivalentes doutras Administracións Públicas (distinta da entidade convocante) en calidade de persoal laboral temporal: 0,30 puntos mes.
- Servizos efectivos prestados no resto do sector público en calidade de persoal temporal: 0,15 por mes.

Non computarán os servizos prestados en réxime de persoal eventual, os prestados en asignación de funcións ou asignación de tarefas nin en comisión de servizos voluntaria por persoal procedente doutras administracións públicas; neste suposto computaranse os servizos como prestados na Administración de orixe.

Méritos académicos. Máximo 10,00 puntos.

Formación e capacitacións profesionais:

Valoraranse a realización de cursos homologados polas diferentes Administracións Públicas, ou outras entidades do sector público, ou os realizados no ámbito da formación para o emprego ou os acordos da formación continua cuxo contido estea directamente relacionado coas funcións propias da praza obxecto da convocatoria, e os considerados transversais polo seu interese para todos os postos como os de coñecemento da lingua galega, os relacionados coa prevención, cos dereitos e

deberes dos empregados públicos, coa igualdade de xénero, a protección de datos, atención ao cidadán, a protección do medio ambiente dende o ámbito laboral e os de contido ofimático entre outros.

Os cursos valoraranse da seguinte maneira:

- 1,00 puntos por hora.

Titulación superior á requirida para o acceso á convocatoria da praza: Máximo 0,10 puntos.

A súa acreditación da formación recibida ou impartida, así como das titulacións académicas ou capacitacións profesionais realizarase mediante achega coa solicitude (Anexo I) dos títulos que o acrediten ou co resguardo de ter satisfeito os dereitos para a súa expedición, ou mediante certificación expedida pola Secretaría da Universidade ou Administración Pública correspondente.

Anexo III

Bases específicas para o ingreso como persoal laboral fixo no Concello de Vilamartín de Valdeorras unha praza de limpador/a, de vías municipais e instalacións incluída na oferta de emprego público do ano 2022 (taxa de estabilización de emprego temporal prevista nas disposicións adicionais sexta e oitava da Lei 20/2021, de 28 de decembro de estabilización de emprego temporal de longa duración), acceso libre, mediante concurso de méritos

Primeira. Obxecto da convocatoria

En execución do proceso de estabilización de emprego temporal previsto no artigo 2 da Lei 20/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público, as presentes bases regulan a convocatoria específica de acceso libre, polo sistema de concurso de méritos, para o ingreso como persoal laboral fixo na seguinte praza estrutural e vacante existente no Concello de Vilamartín de Valdeorras:

Número de prazas: 1

Denominación: Limpador/a de vías municipais e instalacións Xornada completa

Se valorarán la realización de cursos homologados por las diferentes Administraciones Públicas, u otras entidades del sector público, o los realizados en el ámbito de la formación para el empleo o los acuerdos de la formación continua cuyo contenido esté directamente relacionado con las funciones propias de la plaza objeto de la convocatoria, y los considerados transversales por su interés para todos los puestos como los de conocimiento de la lengua gallega, los relacionados con la prevención, con los derechos y deberes de los empleados públicos, con la igualdad de género, la protección de datos, atención al ciudadano, la protección del medio ambiente desde el ámbito laboral y los de contenido ofimática entre otro

Los cursos se valorarán de la siguiente manera:

- 0,50 puntos por hora.

Titulación superior a la requerida para el acceso a la convocatoria de la plaza: Máximo 0,10 puntos.

La acreditación de la formación recibida o impartida, así como de las titulaciones académicas o capacitación profesionales se realizará mediante aportación con la solicitud (Anexo I) de los títulos que lo acrediten o con el resguardo de haber satisfecho los derechos para su expedición, o mediante certificación expedida por la Secretaría de la Universidad o Administración Pública correspondiente.

Contra las presentes bases, que ponen fin a la vía administrativa, se puede interponer alternativamente o recurso de reposición potestativo, en el plazo de un mes a contar desde el día siguiente al de la publicación del presente anuncio, ante la Alcaldía de este Ayuntamiento de Vilamartín de Valdeorras, de conformidad con los artículos 123 y 124 de la Ley 39/2015, de 1 de octubre, del Procedimiento Administrativo Común de las

Administraciones Públicas, o recurso contencioso-administrativo, ante el Juzgado del Contencioso-Administrativo de Ourense, a su elección, el que corresponda a su domicilio, si este radica en lugar distinto, en el plazo de dos meses a contar desde el día siguiente a la publicación del presente anuncio, de conformidad con el artículo 46 de la Ley 29/1998, de 13 de julio, de la Jurisdicción Contencioso-Administrativa. Si se optase por interponer el recurso de reposición potestativo, no podrá interponer recurso contencioso-administrativo hasta que aquel sea resuelto expresamente o se produzca su desestimación por silencio. Todo eso sin perjuicio de que pueda ejercitar cualquier otro recurso que estime pertinente.

Vilamartín de Valdeorras. El alcalde.

Fdo.: Enrique Álvarez Barreiro.

Documento firmado digitalmente al margen.

R. 3.050

Mancomunidad Voluntaria de Municipios da Comarca de Ourense

Aprobación das bases xerais e específicas da convocatoria de estabilización de emprego temporal

Mediante a Resolución da Presidencia, do día 14 de decembro de 2022, aprobáronse a convocatoria e as bases xerais do proceso selectivo para a execución da oferta de emprego público para a estabilización do emprego temporal da Mancomunidad Voluntaria de Concellos da Comarca de Ourense, segundo o disposto na Lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público, así como as bases específicas da convocatoria excepcional dos procesos selectivos para a estabilización do emprego temporal e ingreso por quenda libre nas seguintes prazas estruturais da Mancomunidad Voluntaria de Municipios da Comarca de Ourense de persoal laboral fixo, nos seguintes termos:

Bases xerais dos procesos selectivos para a execución da oferta de emprego público para a estabilización do emprego temporal na Mancomunidad Voluntaria de Municipios da Comarca de Ourense segundo o disposto na Lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público.

Primeira. Disposicións xerais

1. Réxense polas presentes bases os procesos selectivos que se convoquen para a execución da oferta de emprego público para a estabilización do emprego temporal na Mancomunidad Voluntaria de Municipios da Comarca de Ourense segundo o disposto na Lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público, aprobada por Resolución da Presidencia, con data 23 de maio de 2022, e publicada no BOP de Ourense n.º 120 de data 27 de maio de 2022 e no DOG n.º 103 de data 31 de maio de 2022.

No non previsto nestas bases, aplicarase o disposto na Lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público; na Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia; na Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local; na Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia; e no Regulamento xeral de ingreso do persoal ao servizo da Administración xeral do Estado, aprobado polo Real decreto 364/1995, de 10 de marzo.

Para as cuestións de procedemento e réxime xurídico aplicarase a Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, e a Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

2. As presentes bases publicaranse integramente no Boletín Oficial da Provincia de Ourense e no taboleiro de anuncios da

sede electrónica da Mancomunidade Voluntaria de Municipios da Comarca de Ourense, <http://mancomunidadmunicipioscomarcaourense.sedelectronica.gal/>.

Os sucesivos anuncios derivados do desenvolvemento das convocatorias dos procesos selectivos publicaranse no taboleiro electrónico da sede electrónica da mancomunidade e no taboleiro da sede física da mancomunidade (Concello de Paderne de Allariz).

3. O anuncio da convocatoria de cada proceso selectivo publicárase no Boletín Oficial do Estado e no Diario Oficial de Galicia e indicará o Boletín Oficial da Provincia de Ourense no que se publicaron estas bases. A publicación do anuncio no Boletín Oficial do Estado determinará o inicio do prazo de presentación de solicitudes.

4. Nos procesos selectivos derivados da disposición adicional sexta da Lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público, por unha soa vez e con carácter excepcional, realizarase con carácter xeral igual valoración dos méritos para todas as persoas aspirantes, sen aplicación de quendas para persoas con discapacidade.

Segunda. Prazas obxecto de convocatoria

O número de prazas a estabilizar, a súa denominación e as súas características son as que se relacionan a continuación:

Persoal laboral fixo

Denominación; Categoría profesional; Xornada; Prazas; Sistema de acceso

AEDL; Axente de emprego e desenvolvemento local; Completa; 1; Concurso (D.A. 6ª Lei 20/2021)

Conductor; Conductor; Completa; 2; Concurso (D.A. 6ª Lei 20/2021)

Peón punto limpo; Peón; Completa; 1; Concurso (D.A. 6ª Lei 20/2021)

Terceira. Solicitudes, prazo e documentación

1. As solicitudes poderanse presentar no Rexistro Xeral da Mancomunidade Voluntaria de Municipios da Comarca de Ourense ou en calquera dos lugares previstos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

As modalidades de presentación serán as seguintes:

a) De forma presencial, mediante a presentación en papel da solicitude (segundo o modelo normalizado de solicitude que se inclúe nas bases, anexo I) e da documentación anexa, na oficina de asistencia ao cidadán en materia de Rexistro da mancomunidade ou en calquera dos lugares previstos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

A oficina dixitalizará os documentos e emitirá unha copia electrónica auténtica destes, que se remitirá á unidade administrativa competente pola propia oficina. Os documentos en papel presentados devolveranse no acto ás persoas solicitantes, en unión dun recibo acreditativo da presentación da solicitude e a documentación anexa.

A documentación deberá presentarse sen grampar nin encadernar, en follas soltas e ordenadas, para facilitar a súa correcta dixitalización.

b) De forma telemática, a través do Rexistro Electrónico Xeral da sede electrónica da mancomunidade, <http://mancomunidadmunicipioscomarcaourense.sedelectronica.gal/>, debendo proceder da seguinte forma:

En primeiro lugar, deberán cubrir a solicitude (anexo I) que estará dispoñible na sede electrónica da mancomunidade, e a continuación descargala e gardala no seu dispositivo electrónico, para logo anexala no Rexistro Electrónico.

En segundo lugar, deberán dixitalizar e incorporar á solicitude o resto de documentación esixible.

Unha vez incorporada a solicitude, procederán a asinala electrónicamente e a enviala, xerándose automaticamente o recibo acreditativo da súa presentación. A sinatura electrónica deberá realizarse mediante os sistemas de sinatura electrónica previstos no artigo 10.1, apartado a), da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

2. O prazo de presentación das solicitudes de participación nos procesos selectivos é de vinte (20) días hábiles, contados a partir do seguinte á publicación do anuncio de convocatoria no Boletín Oficial del Estado.

3. Xunto coa solicitude debidamente asinada (anexo I), deberá presentarse a seguinte documentación na orde que se indica:

a) Documento nacional de identidade, pasaporte ou documento válido en dereito que acredite a identidade da persoa aspirante.

b) Título acreditativo do nivel de coñecemento da lingua galega correspondente a cada praza á que se aspire, de ser o caso.

c) Titulación esixida para cada praza nas bases específicas.

d) Relación de méritos alegados para a súa valoración coa súa xustificación documental. Os méritos deberán achegarse debidamente numerados e diferenciados por apartados: 1.º Experiencia profesional; 2.º Méritos académicos: i) Cursos de formación; ii) Titulación académica superior á requirida para o acceso e relacionada coa praza.

Non serán valorados os méritos non documentados nin xustificados no prazo e forma anteriormente mencionados, sen prexuízo de que o órgano de selección poida solicitar a ampliación da documentación se considera que un mérito non se encontra correctamente acreditado.

Cuarta. Requisitos das persoas aspirantes

Para ser admitido neste proceso extraordinario de estabilización de emprego, as persoas aspirantes deberán reunir os seguintes requisitos:

a) Ter a nacionalidade española, sen prexuízo do disposto no artigo 52 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, respecto do acceso ao emprego público de nacionais doutros estados.

b) Ter cumpridos os 16 anos de idade e non superar, de ser o caso, a idade máxima de xubilación forzosa.

c) Posuír ou estar en condición de obter a titulación académica esixida, de ser o caso, nas bases específicas para o día en que remate o prazo de presentación de solicitudes de participación no proceso selectivo.

d) Posuír a capacidade funcional para o desempeño das tarefas habituais da praza a estabilizar.

e) Non ter sido despedido mediante expediente disciplinario de ningunha administración pública ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin atoparse na situación de inhabilitación absoluta ou especial para o desempeño de empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, cando se tratase de acceder á mesma categoría profesional á que se pertencía.

No caso de ser nacional doutro estado, non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente nin ser sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ó emprego público.

f) Posuír o título acreditativo do nivel de coñecemento da lingua galega que se esixa nas bases específicas.

As persoas aspirantes que non posúan o devandito título deberán superar unha proba de coñecemento da lingua galega que consistirá en traducir do castelán ao galego, nun tempo máximo de trinta (30) minutos e sen axuda de dicionario, un texto facilitado polo órgano de selección acorde ás características



funcionais da praza convocada. A proba realizarase unha vez finalizado o concurso de méritos a aquelas persoas aspirantes propostas para a obtención de praza e cualificarase como apta ou non apta. No caso de que esta proba de coñecemento non puntuable sexa cualificada como non apta, a persoa candidata será excluída do proceso selectivo e a seguinte coa puntuación máis alta será proposta para a obtención da praza.

g) Cumprir os demais requisitos esixidos nas respectivas bases específicas.

As persoas aspirantes deberán posuír todos os requisitos sinalados o día en que remate o prazo para presentar as solicitudes de participación no proceso selectivo e conservalos na data da súa contratación como persoal laboral fixo, de ser o caso.

Quinta. Admisión das persoas aspirantes

1. Unha vez rematado o prazo de presentación de solicitudes de participación no proceso selectivo, a Presidencia, no prazo máximo dun mes, ditará resolución pola que se aprobe a lista de persoas admitidas e excluídas, a cal se publicará no taboleiro de anuncios da sede electrónica municipal da mancomunidade.

2. Na resolución indícase o nome, apelidos e unha parte dos números do DNI das persoas admitidas e excluídas e, de ser o caso, as causas de exclusión. As persoas excluídas, así como as omitidas na relación de persoas admitidas e excluídas, disporán dun prazo improrrogable de dez (10) días hábiles, que comezará a contar dende o día seguinte ao da publicación da resolución no taboleiro electrónico de anuncios da mancomunidade, para emendar os defectos que motivasen a súa exclusión ou a súa omisión da lista de persoas admitidas.

3. As persoas aspirantes que dentro do prazo sinalado no número anterior non emendasen as causas de exclusión ou non alegasen a omisión, xustificando o seu dereito a seren incluídas na lista de persoas admitidas, serán definitivamente excluídas do proceso selectivo. De non se presentaren reclamacións dentro do prazo sinalado no número anterior, a lista provisional de admitidos e excluídos elevarase a definitiva.

4. Unha vez finalizado o prazo de reclamacións e emendas e resoltas estas, a Presidencia elevará a definitivas as listas de admitidos e excluídos mediante resolución que se publicará no taboleiro de anuncios da sede electrónica da mancomunidade.

5. Contra a resolución pola que se aprobe a lista definitiva de persoas admitidas e excluídas poderase interpoñer potestativamente recurso de reposición, no prazo dun mes, ante a Presidencia, ou directamente recurso contencioso-administrativo ante os xulgados do contencioso-administrativo de Ourense.

Sexta. Órgano de selección

1. O órgano de selección integrarase por cinco (5) membros titulares e cinco (5) membros suplentes, designados pola Presidencia entre persoal funcionario de carreira ou laboral fixo de calquera das administracións públicas, dos cales un ostentará a condición de presidente e outro a de secretario, titulares e suplentes.

2. A composición do órgano de selección axustarase aos principios de imparcialidade e profesionalidade dos seus membros e de paridade entre mulleres e homes.

3. Os membros do órgano de selección deberán pertencer a un corpo ou escala para o ingreso no cal se requira unha titulación de nivel igual o superior ao esixido para participar no proceso selectivo.

4. Para a válida constitución do órgano de selección para efectos da realización de sesións, deliberacións e adopción de acordos requirirase a presenza do membro que actúe como presidente, do que actúe como secretario e, polo menos, dun membro vogal. Na sesión constitutiva, o órgano de selección

poderá acordar que os membros titulares e suplentes actúen indistintamente.

5. O réxime xurídico aplicable ao órgano de selección axustarase ao disposto para os órganos colexiados na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público. Xa que logo, os seus membros absteranse de formar parte do órgano cando conorra neles algunha das circunstancias previstas no artigo 23 da norma citada. As persoas aspirantes poderán recusar aos membros do órgano de selección cando conorra algunha das circunstancias previstas no artigo 23 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, correspondendo á Presidencia a resolución da recusación.

6. O órgano de selección queda facultado para resolver por maioría de votos dos membros asistentes as dúbidas que puideren xurdir na aplicación destas bases e das específicas do proceso selectivo, e máis para adoptar os acordos necesarios para a boa orde do procedemento. En caso de empate, decidirá o voto da Presidencia.

7. O órgano de selección poderá requirir das persoas aspirantes, en calquera momento do proceso selectivo, a documentación acreditativa dos requisitos esixidos na convocatoria. Así mesmo, o órgano de selección solicitará das persoas aspirantes as aclaracións ou a achega da documentación adicional que considere necesaria para a comprobación dos méritos alegados.

8. Contra os actos de trámite do órgano de selección que decidan directa o indirectamente sobre o fondo do asunto, determinen a imposibilidade de continuar o procedemento ou produzan indefensión ou prexuízo irreparable a dereitos e intereses lexítimos poderase interpoñer recurso de alzada ante a Presidencia. Contra os demais actos de trámite, as persoas interesadas poderán presentar ante o órgano de selección as alegacións, reclamacións ou solicitudes de emenda de documentación que estimen pertinentes, no prazo de dez (10) días hábiles, contado desde o seguinte á data da publicación do corresponde acordo ou no prazo específico que se sinala para o efecto nestas bases.

9. O órgano de selección terá a categoría que corresponda, segundo a categoría de persoal laboral convocada, consonte o disposto no artigo 30 do Real decreto 462/2002, do 24 de maio, sobre indemnizacións por razón de servizo.

Sétima. Sistema de selección: concurso de méritos

Cando, segundo as bases específicas do proceso selectivo e en aplicación da disposición adicional 6ª da Lei 20/2021, de 28 de decembro, o sistema selectivo sexa o concurso de méritos, valoraranse os méritos acreditados polas persoas aspirantes nos termos recollidos nesta base.

A puntuación máxima será de 100 puntos.

1.º Experiencia profesional. Puntuación máxima: 90 puntos.

Valoraranse os servizos efectivos prestados ata a data de publicación no Boletín Oficial do Estado da convocatoria do proceso selectivo:

i) Servizos efectivos prestados na Mancomunidade Voluntaria de Municipios da Comarca de Ourense na categoría da praza obxecto de selección ou equivalente: 0,94 puntos por mes completo.

ii) Servizos efectivos prestados na Mancomunidade Voluntaria de Municipios da Comarca de Ourense noutra categoría diferente á da praza obxecto de selección: 0,22 puntos por mes completo.

iii) Servizos efectivos prestados no resto do sector público na categoría da praza obxecto de selección ou equivalente: 0,3 puntos por mes completo.

iv) Servizos efectivos prestados no resto do sector público noutras categorías distintas á da praza obxecto de selección: 0,06 puntos por mes completo.

Computarase como tempo de servizos efectivos o tempo de duración daquelas excedencias e outras situacións administra-

tivas que, de acordo coa lei e o convenio colectivo aplicable, computen para os efectos de antigüidade e carreira.

Non se computarán os servizos prestados en réxime de persoal eventual, nin os prestados en asignación de funcións ou asignación de tarefas.

Os servizos prestados acreditaranse mediante:

- Certificación expedida pola administración competente dos servizos prestados para o caso de experiencia laboral en administracións públicas.

- Informe da vida laboral expedido pola Tesourería Xeral da Seguridade Social.

- Contratos de traballo para o caso de que se aleguen servizos prestados por conta allea en empresas do sector público na mesma ou análoga categoría para a que se presenta a solicitude.

2.ª Méritos académicos. Puntuación máxima: 10 puntos.

i) Cursos de formación.

Valorarase a realización de cursos homologados polas diferentes administracións públicas ou outras entidades do sector público, así como os realizados no ámbito da formación para o emprego ou os acordos da formación continua, sempre que o seu contido estea directamente relacionado coas funcións propias da praza obxecto da convocatoria, e os considerados transversais polo seu interese para todos os postos, como os de coñecemento da lingua galega, os relacionados coa prevención, cos dereitos e deberes dos empregados públicos, coa igualdade, a protección de datos, a atención ao cidadán, a protección do medio ambiente desde o ámbito laboral e os de contido ofimático, entre outros.

Non se valorará a asistencia a asembleas, xornadas, congresos, conferencias, seminarios, as materias que formen parte dunha titulación académica, os módulos ou partes integrantes dun curso, simposios ou similares.

Para a valoración dos cursos aplicarase o seguinte baremo:

- Grupo A2: 0,125 puntos por horas.

- Grupo C2: 0,5 puntos por hora.

- Agrupacións profesionais sen titulación: 1 punto por hora.

A realización dos cursos acreditarase mediante copia simple dos títulos, diplomas ou certificacións de superación daqueles. Non se valorarán os cursos cando na acreditación (título, diploma ou similar) non consten as datas de realización nin as horas de duración.

ii) Titulación académica superior á requirida para o acceso e relacionada coa praza: 0,1 puntos.

A acreditación da titulación realizarase mediante copia simple do título, diploma ou resgardo de ter aboados os dereitos para a súa expedición, ou mediante certificación expedida pola universidade ou administración pública correspondente.

Oitava. Lista de puntuacións finais e proposta de contratación

1. Unha vez concluída a valoración de méritos, o órgano de selección elaborará a lista de puntuacións finais do proceso selectivo.

2. En caso de empate na puntuación final, terán preferencia as seguintes persoas aspirantes:

a) Estar ocupando unha das prazas obxecto da convocatoria.

b) Estar ocupando unha das prazas da mesma categoría que a convocada na administración convocante.

c) Estar ocupando unha praza de distinta categoría que a convocada na administración convocante.

d) Antigüidade total acumulada en calquera das administracións públicas.

e) A de maior idade.

3. A lista de puntuacións finais publicarase no taboleiro de anuncios da sede electrónica da mancomunidade e no taboleiro de anuncios que consta na sede física da mancomunidade. As

persoas aspirantes disporán dun prazo de tres (3) días hábiles, contados dende o día seguinte ao da publicación da lista, para solicitar a revisión das puntuacións ou para presentar reclamacións sobre estas. O órgano de selección resolverá as alegacións presentadas dentro dos dez (10) días hábiles seguintes.

4. Unha vez resoltas, de ser o caso, as alegacións presentadas, o órgano de selección elevará á Presidencia a proposta de nomeamento das persoas aspirantes seleccionadas, en número non superior ao de prazas convocadas.

Novena. Presentación de documentación

1. No prazo de vinte (20) días naturais, contado desde o seguinte a aquel no que se faga pública a lista das puntuacións obtidas ou, de ser o caso, se publique a resolución pola que se resolvan as alegacións presentadas contra aquela, as persoas aspirantes seleccionadas presentarán na secretaría da mancomunidade os seguintes documentos:

a) Declaración responsable de non ter sido despedido mediante expediente disciplinario de ningunha administración pública ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin atoparse na situación de inhabilitación absoluta ou especial para o desempeño de empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, cando se tratase de acceder á mesma categoría profesional á que se pertencía.

b) Documentación acreditativa do cumprimento dos restantes requisitos esixidos nestas bases.

2. As persoas aspirantes seleccionadas que, dentro do prazo fixado, e salvo caso de forza maior, non presenten a documentación, ou do exame desta se deduza que carecen dalgún dos requisitos sinalados nestas bases, perderán calquera dereito que ostentasen en virtude da superación do proceso selectivo e non poderán ser contratadas como persoal laboral fixo desta mancomunidade. Neste suposto, formularase proposta de contratación a favor da seguinte persoa aspirante segundo a orde de prelación de puntuacións totais do proceso selectivo correspondente.

Décima. Adxudicación de postos

A adxudicación de postos de traballo ao persoal contratado efectuarase de acordo coas solicitudes presentadas polas persoas interesadas, entre os postos ofertados a estas, segundo a orde da puntuación obtida no proceso selectivo.

Décima primeira. Compensación económica

Ao persoal laboral temporal que, estando en activo como tal, vise finalizada a súa relación coa mancomunidade pola non superación do proceso selectivo de estabilización correspondente unha compensación económica equivalente á diferenza entre o máximo de vinte (20) días do seu salario fixo por ano de servizo, cun máximo de doce mensualidades, e a indemnización que lle correspondería percibir pola extinción do seu contrato, rateándose por meses os períodos de tempo inferiores a un ano. En caso de que a devandita indemnización fose recoñecida en vía xudicial, procederase á compensación das cantidades.

A non participación da persoa interesada no proceso selectivo de estabilización non dará dereito á compensación económica en ningún caso.

Décima segunda. Datos de carácter persoal

A participación nos procesos selectivos rexidos por estas bases implica o consentimento para que os datos persoais achegados sexan obxecto de publicación a través da súa inserción no Boletín Oficial da Provincia de Ourense, no taboleiro de anuncios da sede electrónica da mancomunidade e no taboleiro de anuncios da sede física da mancomunidade, cando así o requira a tramitación do procedemento.

Décima terceira. Recursos

Contra as presentes bases poderase interpoñer con carácter potestativo recurso de reposición ante a Presidencia da manco-



munidade no prazo do mes seguinte ao día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia de Ourense ou recurso contencioso-administrativo ante os xulgados do contencioso-administrativo de Ourense, de conformidade co disposto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, e na Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contenciosoadministrativa.

No caso de interpoñerse recurso de reposición, non se poderá interpoñer recurso contenciosoadministrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se producise a desestimación do mesmo por silencio administrativo.

Anexo I. Modelo de solicitude

Proceso selectivo para estabilización do emprego temporal lei 20/2021, do 28 de decembro, da Mancomunidade Voluntaria de Municipios da Comarca de Ourense

D./D.^a ..., con DNI ..., domicilio para os efectos de notificacións en rúa ..., C.P. ..., localidade ..., teléfono ... e dirección de correo electrónico ...,

Expoño:

Primeiro. Que reúno os requisitos establecidos na base cuarta das bases xerais dos procesos selectivos para a execución da oferta extraordinaria de emprego público de 2022 da Mancomunidade Voluntaria de Municipios da Comarca de Ourense e na base terceira das bases específicas da convocatoria excepcional do proceso selectivo para a estabilización do emprego temporal e ingreso en 4 prazas estruturais da Mancomunidade Voluntaria de Municipios da Comarca de Ourense de persoal laboral fixo na categoría de ..., publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Ourense núm. ..., do ... de 2022.

Segundo. Que acepto na súa totalidade e que me someto ás devanditas bases xerais e específicas polas que se rexe o proceso selectivo.

Terceiro. Que achego a documentación sinalada na base terceira das bases xerais:

a) Copia do documento nacional de identidade, pasaporte ou documento válido en dereito que acredite a identidade da persoa aspirante.

b) Copia do título acreditativo do nivel de coñecemento da lingua galega correspondente a cada praza á que se aspire, de ser o caso.

c) Copia da titulación esixida para cada praza nas bases específicas.

d) Relación de méritos alegados para a súa valoración coa súa xustificación documental, de acordo coa seguinte orde: 1.º Experiencia profesional; 2.º Méritos académicos: i) Cursos de formación; ii) Titulación académica superior á requirida para o acceso e relacionada coa praza.

Polo cal, Solicito:

Que se me admita para participar no proceso selectivo para a estabilización do emprego temporal e ingreso en ... prazas estruturais vacantes da Mancomunidade Voluntaria de Municipios da Comarca de Ourense para persoal laboral fixo na categoría de ...

Data e sinatura.

Anexo II

Bases específicas da convocatoria excepcional do concurso libre de méritos para a estabilización do emprego temporal e ingreso nunha (1) praza estrutural da Mancomunidade Voluntaria de Municipios da Comarca de Ourense de persoal laboral fixo na categoría de axente de emprego e desenvolvemento

local, afectada pola disposición adicional sexta da Lei 20/2021, do 28 de decembro.

Primeira. Disposicións xerais

1. En execución do proceso de estabilización de emprego temporal previsto na disposición adicional sexta da Lei 20/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público, as presentes bases específicas regulan a convocatoria excepcional e única do concurso libre de méritos para o ingreso e acceso a unha (1) praza estrutural existente na Mancomunidade Voluntaria de Municipios da Comarca de Ourense na categoría de axente de emprego e desenvolvemento local.

2. A praza atópase incluída na oferta de emprego público para a estabilización do emprego temporal na Mancomunidade Voluntaria de Municipios da Comarca de Ourense segundo o disposto na Lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público, aprobada pola Resolución de Presidencia con data 23 de maio de 2022, e publicada no BOP de Ourense n.º 120 de data 27 de maio de 2022 e no DOG n.º 103 de data 31 de maio de 2022.

3. Para o desenvolvemento deste proceso selectivo teranse en conta as previsións contidas nestas bases específicas e as recollidas nas bases xerais dos procesos selectivos para a execución da oferta de emprego público para a estabilización do emprego temporal na referida mancomunidade.

Segunda. Característica da praza

A praza convocada ten as seguintes características:

a) Clase de persoal: persoal laboral fixo.

b) Categoría: axente de emprego e desenvolvemento local.

c) Clasificación: grupo A2.

d) Funcións: as correspondentes ao posto e ao servizo ao que se adscriba, segundo a relación de postos de traballo municipal ou o instrumento organizativo equivalente e vixente en cada momento, e que resulten propias da capacitación profesional, formativa e legal inherente.

e) Retribucións: as que correspondan segundo o previsto no orzamento e no cadro de persoal da mancomunidade ou instrumento equivalente.

f) Xornada de traballo: a tempo completo.

Terceira. Requisitos das persoas aspirantes

As persoas interesadas en participar no proceso selectivo deberán reunir, na data na que finalice o prazo de presentación de solicitudes, os requisitos recollidos na base cuarta das bases xerais dos procesos selectivos para a execución da oferta de emprego público para a estabilización do emprego temporal na Mancomunidade Voluntaria de Municipios da Comarca de Ourense.

Para os efectos do previsto nas liñas c) e f) da devandita base, as persoas aspirantes deberán:

a) Estar en posesión, ou en condicións de obter na data de finalización do prazo de presentación de solicitudes de participación no proceso selectivo, o título universitario oficial de diplomado/a ou graduado/a. No caso de titulacións obtidas no estranxeiro deberase estar en posesión da correspondente validación ou da credencial que acredite a homologación.

b) Acreditar o coñecemento da lingua galega mediante a posesión do Celga 4 ou equivalente homologado segundo o disposto na Orde do 16 de xullo de 2007, pola que se regulan os certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega.

Cuarta. Sistema de selección

O sistema de selección aplicable será o concurso de méritos, nos termos establecidos pola base sétima das bases xerais dos procesos selectivos para a execución da oferta de emprego público

para a estabilización do emprego temporal na Mancomunidade Voluntaria de Municipios da Comarca de Ourense.

Quinta. Recursos

Contra as presentes bases específicas poderase interpoñer con carácter potestativo recurso de reposición ante a Presidencia da Mancomunidade no prazo do mes seguinte ao día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia de Ourense ou recurso contencioso-administrativo ante os xulgados do contencioso-administrativo de Ourense, de conformidade co disposto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, e na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contenciosoadministrativa.

No caso de interpoñerse recurso de reposición, non se poderá interpoñer recurso contenciosoadministrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se producese a desestimación do mesmo por silencio administrativo.

Anexo III

Bases específicas da convocatoria excepcional do concurso libre de méritos para a estabilización do emprego temporal e ingreso de unha (1) praza estrutural da Mancomunidade Voluntaria de Municipios da Comarca de Ourense de persoal laboral fixo na categoría de condutor afectada pola disposición adicional sexta da Lei 20/2021, do 28 de decembro.

Primeira. Disposicións xerais

1. En execución do proceso de estabilización de emprego temporal previsto na disposición adicional sexta da Lei 20/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público, as presentes bases específicas regulan a convocatoria excepcional e única do concurso libre de méritos para o ingreso e acceso nunha (1) praza estrutural existente na Mancomunidade Voluntaria de Municipios da Comarca de Ourense na categoría de condutor.

2. A praza atópase incluída na oferta de emprego público para estabilizar o emprego temporal na Mancomunidade Voluntaria de Municipios da Comarca de Ourense segundo o disposto na Lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público, aprobada pola Resolución de Presidencia, con data 23 de maio de 2022, e publicada no BOP de Ourense n.º 120 de data 27 de maio de 2022 e no DOG n.º 103 de data 31 de maio de 2022.

3. Para o desenvolvemento deste proceso selectivo teranse en conta as previsións contidas nestas bases específicas e as recollidas nas bases xerais dos procesos selectivos para a execución da oferta de emprego público para a estabilización do emprego temporal na referida Mancomunidade.

Segunda. Característica da praza

As prazas convocadas teñen as seguintes características:

- a) Clase de persoal: persoal laboral fixo.
- b) Categoría: condutor.
- c) Clasificación: C2.

d) Funcións: as correspondentes ao posto e ao servizo ao que se adscriba, segundo a relación de postos de traballo municipal ou o instrumento organizativo equivalente e vixente en cada momento, e que resulten propias da capacitación profesional, formativa e legal inherente.

e) Retribucións: as que correspondan segundo o previsto no orzamento e no cadro de persoal da mancomunidade ou instrumento equivalente.

f) Xornada de traballo: a tempo completo.

Terceira. Requisitos das persoas aspirantes

As persoas interesadas en participar no proceso selectivo deberán reunir, na data na que finalice o prazo de presentación de solicitudes, os requisitos recollidos na base cuarta das bases xerais dos procesos selectivos para a execución da oferta de

emprego público para estabilizar o emprego temporal na Mancomunidade Voluntaria de Municipios da Comarca de Ourense

Para os efectos do previsto nas liñas c), f) e g) da devandita base, as persoas aspirantes deberán:

a) Estar en posesión, ou en condicións de obter na data de finalización do prazo de presentación de solicitudes de participación no proceso selectivo, o título de graduado/a escolar, formación profesional de primeiro grao, graduado/a en educación secundaria obrigatoria ou equivalente. No caso de titulacións obtidas no estranxeiro deberase estar en posesión da correspondente validación ou da credencial que acredite a homologación.

b) Acreditar o coñecemento da lingua galega mediante a posesión do Celga 2 ou equivalente homologado segundo o disposto na Orde do 16 de xullo de 2007, pola que se regulan os certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega.

c) Estar en posesión, ou en condicións de obtelo antes do remate do prazo de presentación de instancias, do permiso de conducir clase C en vigor.

Cuarta. Sistema de selección

O sistema de selección aplicable será o concurso de méritos, nos termos establecidos pola base sétima das bases xerais dos procesos selectivos para a execución da oferta de emprego público para a estabilización do emprego temporal Mancomunidade Voluntaria de Municipios da Comarca de Ourense.

Quinta. Recursos

Contra as presentes bases específicas poderase interpoñer con carácter potestativo recurso de reposición ante a Presidencia da mancomunidade no prazo do mes seguinte ao día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia de Ourense ou recurso contencioso-administrativo ante os xulgados do contencioso-administrativo de Ourense, de conformidade co disposto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, e na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contenciosoadministrativa.

No caso de interpoñerse recurso de reposición, non se poderá interpoñer recurso contenciosoadministrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se producese a desestimación do mesmo por silencio administrativo.

Anexo IV

Bases específicas da convocatoria excepcional do concurso libre de méritos para a estabilización do emprego temporal e ingreso de unha (1) praza estrutural da Mancomunidade Voluntaria de Municipios da Comarca de Ourense de persoal laboral fixo na categoría de condutor afectada pola disposición adicional sexta da lei 20/2021, do 28 de decembro.

Primeira. Disposicións xerais

1. En execución do proceso de estabilización de emprego temporal previsto na disposición adicional sexta da Lei 20/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público, as presentes bases específicas regulan a convocatoria excepcional e única do concurso libre de méritos para o ingreso e acceso a unha (1) praza estrutural existente na Mancomunidade Voluntaria de Municipios da Comarca de Ourense na categoría de condutor.

2. A praza atópase incluída na oferta de emprego público para estabilizar o emprego temporal na Mancomunidade Voluntaria de Municipios da Comarca de Ourense segundo o disposto na Lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público, aprobada pola Resolución de Presidencia, con data 23 de maio de 2022, e publicada no BOP de Ourense n.º 120 de data 27 de maio de 2022 e no DOG n.º 103 de data 31 de maio de 2022.



3. Para o desenvolvemento deste proceso selectivo teranse en conta as previsións contidas nestas bases específicas e as recollidas nas bases xerais dos procesos selectivos para a execución da oferta de emprego público para a estabilización do emprego temporal na referida Mancomunidade.

Segunda. Característica da praza

A praza convocada ten as seguintes características:

- a) Clase de persoal: persoal laboral fixo.
- b) Categoría: condutor.
- c) Clasificación: C2.

d) Funcións: as correspondentes ao posto e ao servizo ao que se adscriba, segundo a relación de postos de traballo municipal ou o instrumento organizativo equivalente e vixente en cada momento, e que resulten propias da capacitación profesional, formativa e legal inherente.

e) Retribucións: as que correspondan segundo o previsto no orzamento e no cadro de persoal da mancomunidade ou instrumento equivalente.

f) Xornada de traballo: a tempo completo.

Terceira. Requisitos das persoas aspirantes

As persoas interesadas en participar no proceso selectivo deberán reunir, na data na que finalice o prazo de presentación de solicitudes, os requisitos recollidos na base cuarta das bases xerais dos procesos selectivos para a execución da oferta de emprego público para a estabilización do emprego temporal Mancomunidade Voluntaria de Municipios da Comarca de Ourense.

Para os efectos do previsto nas liñas c), f) e g) da devandita base, as persoas aspirantes deberán:

a) Estar en posesión, ou en condicións de obter na data de finalización do prazo de presentación de solicitudes de participación no proceso selectivo, o título de graduado/a escolar, formación profesional de primeiro grao, graduado/a en educación secundaria obrigatoria ou equivalente. No caso de titulacións obtidas no estranxeiro deberase estar en posesión da correspondente validación ou da credencial que acredite a homologación.

b) Acreditar o coñecemento da lingua galega mediante a posesión do Celga 2 ou equivalente homologado segundo o disposto na Orde do 16 de xullo de 2007, pola que se regulan os certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega.

c) Estar en posesión, ou en condicións de obtelo antes do remate do prazo de presentación de instancias, do permiso de conducir clase B en vigor.

Cuarta. Sistema de selección

O sistema de selección aplicable será o concurso de méritos, nos termos establecidos pola base sétima das bases xerais dos procesos selectivos para a execución da oferta de emprego público para a estabilización do emprego temporal na Mancomunidade Voluntaria de Municipios da Comarca de Ourense.

Quinta. Recursos

Contra as presentes bases específicas poderase interpoñer con carácter potestativo recurso de reposición ante a Presidencia da mancomunidade no prazo do mes seguinte ao día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia de Ourense ou recurso contencioso-administrativo ante os xulgados do contencioso-administrativo de Ourense, de conformidade co disposto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, e na Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

No caso de interpoñerse recurso de reposición, non se poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que aquel

sexa resolto expresamente ou se producise a desestimación do mesmo por silencio administrativo.

Anexo V

Bases específicas da convocatoria excepcional do concurso libre de méritos para a estabilización do emprego temporal e ingreso nunha (1) praza estrutural da Mancomunidade Voluntaria de Municipios da Comarca de Ourense de persoal laboral fixo na categoría de peón/a afectadas pola disposición adicional sexta da Lei 20/2021, do 28 de decembro.

Primeira. Disposicións xerais

1. En execución do proceso de estabilización de emprego temporal previsto na disposición adicional sexta da Lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público, as presentes bases específicas regulan a convocatoria excepcional e única do concurso libre de méritos para o ingreso e acceso a unha (1) praza estrutural existente na Mancomunidade voluntaria de concellos da comarca de Ourense na categoría de peón/a.

2. As prazas atópanse incluídas na oferta de emprego público para a estabilización do emprego temporal na Mancomunidade voluntaria de concellos da comarca de Ourense segundo o disposto na Lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público, aprobada por Resolución de Presidencia de data 23 de maio de 2022, e publicada no BOP de Ourense n.º 120 de data 27 de maio de 2022 e no DOG n.º 103 de data 31 de maio de 2022.

3. Para o desenvolvemento deste proceso selectivo teranse en conta as previsións contidas nestas bases específicas e as recollidas nas bases xerais dos procesos selectivos para a execución da oferta de emprego público para a estabilización do emprego temporal na referida mancomunidade.

Segunda. Características das prazas

As prazas convocadas teñen as seguintes características:

- a) Clase de persoal: persoal laboral fixo.
- b) Categoría: peón/a.
- c) Clasificación: agrupación profesional sen titulación.

d) Funcións: as correspondentes ao posto e ao servizo ao que se adscriba, segundo a relación de postos de traballo municipal ou o instrumento organizativo equivalente e vixente en cada momento, e que resulten propias da capacitación profesional, formativa e legal inherente.

e) Retribucións: as que correspondan segundo o previsto no orzamento e no cadro de persoal da mancomunidade ou instrumento equivalente.

f) Xornada de traballo: a tempo completo.

Terceira. Requisitos das persoas aspirantes

As persoas interesadas en participar no proceso selectivo deberán reunir, na data na que finalice o prazo de presentación de solicitudes, os requisitos recollidos na base cuarta das bases xerais dos procesos selectivos para a execución da oferta de emprego público para a estabilización do emprego temporal na Mancomunidade Voluntaria de Municipios da Comarca de Ourense.

Para os efectos do previsto na liña f) da devandita base, as persoas aspirantes deberán acreditar o coñecemento da lingua galega mediante a posesión do Celga 2 ou equivalente homologado segundo o disposto na Orde do 16 de xullo de 2007, pola que se regulan os certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega.

Non se require estar en posesión de ningunha das titulacións previstas no sistema educativo.

Cuarta. Sistema de selección

O sistema de selección aplicable será o concurso de méritos, nos termos establecidos pola base sétima das bases xerais dos

procesos selectivos para a execución da oferta de emprego público para a estabilización do emprego temporal na Mancomunidade Voluntaria de Municipios da Comarca de Ourense.

Quinta. Recursos

Contra as presentes bases específicas poderase interpoñer con carácter potestativo recurso de reposición ante a Presidencia da Mancomunidade voluntaria de concellos da comarca de Ourense no prazo do mes seguinte ao día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia de Ourense ou recurso contencioso-administrativo ante os xulgados do contencioso administrativo de Ourense, de conformidade co disposto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, e na Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contenciosoadministrativa.

No caso de interpoñerse recurso de reposición, non se poderá interpoñer recurso contencioso administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se producise a desestimación do mesmo por silencio administrativo.

Paderne de Allariz. O presidente.

Asdo.: José Antonio Blanco Pérez.

Documento asinado dixitalmente.

Mancomunidade Voluntaria de Municipios de la Comarca de Ourense

Aprobación de las bases generales y específicas de la convocatoria de estabilización de empleo temporal

Mediante la Resolución de la Presidencia, con fecha 14 de diciembre de 2022, se aprobó la convocatoria y las bases generales de los procesos selectivos para la ejecución de la oferta de empleo público para la estabilización del empleo temporal en la Mancomunidade Voluntaria de Municipios de la Comarca de Ourense, según lo dispuesto en la Ley 20/2021, de 28 de diciembre, de Medidas Urgentes para la Reducción de la Temporalidad en el Empleo Público, así como las bases específicas de la convocatoria excepcional de los procesos selectivos para la estabilización del empleo temporal e ingreso por turno libre en las siguientes plazas estructurales de la Mancomunidade Voluntaria de Municipios de la Comarca de Ourense de personal laboral fijo, en los siguientes términos:

Bases generales de los procesos selectivos para la ejecución de la oferta de empleo público para la estabilización del empleo temporal en la Mancomunidade Voluntaria de Municipios de la Comarca de Ourense, según lo dispuesto en la Ley 20/2021, de 28 de diciembre, de Medidas Urgentes para la Reducción de la Temporalidad en el Empleo Público.

Primera. Disposiciones generales

1. Se rigen por las presentes bases los procesos selectivos que se convoquen para la ejecución de la oferta de empleo público para la estabilización del empleo temporal en el la Mancomunidade Voluntaria de Municipios de la Comarca de Ourense según lo dispuesto en la Ley 20/2021, de 28 de diciembre, de Medidas Urgentes para la Reducción de la Temporalidad en el Empleo Público, aprobada por Resolución de la Presidencia, del día 23 de mayo de 2022, y publicada en el Boletín Oficial de la Provincia de Ourense núm. 120, de 27 de mayo de 2022 y en el DOG n.º 103, de fecha 31 de mayo de 2022.

En lo no previsto en estas bases, se aplicará lo dispuesto en la Ley 20/2021, de 28 de diciembre, de Medidas Urgentes para la Reducción de la Temporalidad en el Empleo Público; en la Ley 2/2015, de 29 de abril, del Empleo Público de Galicia; en la Ley 7/1985, de 2 de abril, Reguladora de las Bases del Régimen Local;

en la Ley 5/1997, de 22 de julio, de Administración Local de Galicia; y en el Reglamento General de Ingreso del Personal al Servicio de la Administración General del Estado, aprobado por el Real Decreto 364/1995, de 10 de marzo.

Para las cuestiones de procedimiento y régimen jurídico se aplicarán la Ley 39/2015, de 1 de octubre, del Procedimiento Administrativo Común de las Administraciones Públicas, y la Ley 40/2015, de 1 de octubre, de Régimen Jurídico del Sector Público.

